



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN, FORMACIÓN
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES



PROGRAMACIÓN

DEPARTAMENTO DE INGLÉS

Curso: 2022/ 2023

INDICE

1. INTRODUCCIÓN	12
1.1. Marco legal	12
1.2. Contexto educativo	12
2. PROGRAMACIÓN POR NIVEIS	15
NIVEL BÁSICO	16
NIVEL A1	16
1. Obxectivos xerais	16
1.1. Actividades de comprensión de textos orais	16
1.2. Actividades de produción e coprodución de textos orais	16
1.3. Actividades de comprensión de textos escritos	17
1.4. Actividades produción e coprodución de textos escritos	17
1.5. Actividades de mediación	17
2. Obxectivos específicos	17
2.1. Actividades de comprensión de textos orais	17
2.2. Actividades de produción e coprodución de textos orais	17
2.3. Actividades de comprensión de textos escritos	18
2.4. Actividades produción e coprodución de textos escritos	18
2.5. Actividades de mediación	19
3. Secuenciación e temporalización dos contidos	19
3.1. Competencias comunicativas	19
3.1.1. Competencias pragmáticas	19
a) Contidos funcionais	19
b) Contidos discursivos	21
• Coherencia e cohesión	21
• Tipoloxía de textos	21
3.1.2. Competencias sociolingüísticas	22
3.1.3. Competencias lingüísticas	23
a) Contidos léxicos-semánticos	23
b) Contidos gramaticais	24
c) Contidos fonéticos	25
d) Contidos ortográficos	26
3.2. Competencias socioculturais	26
3.3. Competencias estratéxicas	27

4. Avaliación	28
4.1. Criterios de cualificación e mínimos esixibles	28
4.1.1. Criterios de cualificación	28
4.1.2. Mínimos esixibles	29
4.2. Procedementos e instrumentos de avaliación	29
4.3. Criterios de avaliación	30
4.3.1. Actividades de comprensión de textos orais	30
4.3.2. Actividades de produción e coprodución de textos orais	31
4.3.3. Actividades de comprensión de textos escritos	31
4.3.4. Actividades produción e coprodución de textos escritos	32
4.3.5. Actividades de mediación	33
NIVEL A2	33
1. Obxectivos xerais	33
1.1. Actividades de comprensión de textos orais	33
1.2. Actividades de produción e coprodución de textos orais	33
1.3. Actividades de comprensión de textos escritos	33
1.4. Actividades produción e coprodución de textos escritos	33
1.5. Actividades de mediación	34
2. Obxectivos específicos	34
2.1. Actividades de comprensión de textos orais	34
2.2. Actividades de produción e coprodución de textos orais	34
2.3. Actividades de comprensión de textos escritos	35
2.4. Actividades produción e coprodución de textos escritos	35
2.5. Actividades de mediación	35
3. Secuenciación e temporalización dos contidos	35
3.1. Competencias comunicativas	36
3.1.1. Competencias pragmáticas	36
a) Contidos funcionais	36
b) Contidos discursivos	38
• Coherencia e cohesión	39
• Tipoloxía de textos	39
3.1.2. Competencias sociolingüísticas	41
3.1.3. Competencias lingüísticas	42
a) Contidos léxicos-semánticos	42

b) Contidos gramaticais	43
c) Contidos fonéticos	44
d) Contidos ortográficos	46
3.2. Competencias socioculturais	46
3.3. Competencias estratéxicas	47
4. Avaliación	48
4.1. Criterios de cualificación e mínimos esixibles	48
4.1.1. Criterios de cualificación	48
4.1.2. Mínimos esixibles	48
4.2. Procedementos e instrumentos de avaliación	49
4.3. Criterios de avaliación	50
4.3.1. Actividades de comprensión de textos orais	50
4.3.2. Actividades de produción e coprodución de textos orais	50
4.3.3. Actividades de comprensión de textos escritos	51
4.3.4. Actividades produción e coprodución de textos escritos	52
4.3.5. Actividades de mediación	52
NIVEL INTERMEDIO	52
NIVEL B1	53
1. Obxectivos xerais	53
1.1. Actividades de comprensión de textos orais	53
1.2. Actividades de produción e coprodución de textos orais	54
1.3. Actividades de comprensión de textos escritos	54
1.4. Actividades produción e coprodución de textos escritos	55
1.5. Actividades de mediación	55
2. Obxectivos específicos	55
2.1. Actividades de comprensión de textos orais	55
2.2. Actividades de produción e coprodución de textos orais	56
2.3. Actividades de comprensión de textos escritos	58
2.4. Actividades produción e coprodución de textos escritos	58
2.5. Actividades de mediación	59
3. Secuenciación e temporalización dos contidos	60
3.1. Competencias comunicativas	60
3.1.1. Competencias pragmáticas	60
a) Contidos funcionais	61

b)	Contidos discursivos	64
•	Coherencia e cohesión	64
•	Tipoloxía de textos	65
3.1.2.	Competencias sociolingüísticas	69
3.1.3.	Competencias lingüísticas	69
a)	Contidos léxicos-semánticos	69
b)	Contidos gramaticais	71
c)	Contidos fonéticos	72
d)	Contidos ortográficos	74
3.2.	Competencias socioculturais	74
3.3.	Competencias estratéxicas	75
4.	Avaliación	77
4.1.	Criterios de cualificación e mínimos esixibles	77
4.1.1.	Criterios de cualificación	77
4.1.2.	Mínimos esixibles	78
4.2.	Procedementos e instrumentos de avaliación	79
4.3.	Criterios de avaliación	80
4.3.1.	Actividades de comprensión de textos orais	80
4.3.2.	Actividades de produción e coprodución de textos orais	81
4.3.3.	Actividades de comprensión de textos escritos	81
4.3.4.	Actividades produción e coprodución de textos escritos	82
4.3.5.	Actividades de mediación	82
NIVEL B2.1		83
1.	Obxectivos xerais	83
1.1.	Actividades de comprensión de textos orais	84
1.2.	Actividades de produción e coprodución de textos orais	84
1.3.	Actividades de comprensión de textos escritos	84
1.4.	Actividades produción e coprodución de textos escritos	84
1.5.	Actividades de mediación	85
2.	Obxectivos específicos	85
2.1.	Actividades de comprensión de textos orais	85
2.2.	Actividades de produción e coprodución de textos orais	85
2.3.	Actividades de comprensión de textos escritos	86
2.4.	Actividades produción e coprodución de textos escritos	87

2.5. Actividades de mediación	88
3. Secuenciación e temporalización dos contidos	89
3.1. Competencias comunicativas	89
3.1.1. Competencias pragmáticas	89
a) Contidos funcionais	90
b) Contidos discursivos	93
• Coherencia e cohesión	93
• Tipoloxía de textos	94
3.1.2. Competencias sociolingüísticas	97
3.1.3. Competencias lingüísticas	97
a) Contidos léxicos-semánticos	98
b) Contidos gramaticais	98
c) Contidos fonéticos	99
d) Contidos ortográficos	100
3.2. Competencias socioculturais	101
3.3. Competencias estratéxicas	102
4. Avaliación	104
4.1. Criterios de cualificación e mínimos esixibles	104
4.1.1. Criterios de cualificación	104
4.1.2. Mínimos esixibles	105
4.2. Procedementos e instrumentos de avaliación	105
4.3. Criterios de avaliación	106
4.3.1. Actividades de comprensión de textos orais	106
4.3.2. Actividades de produción e coprodución de textos orais	107
4.3.3. Actividades de comprensión de textos escritos	108
4.3.4. Actividades produción e coprodución de textos escritos	108
4.3.5. Actividades de mediación	109
NIVEL B2.2	110
1. Obxectivos xerais	110
1.1. Actividades de comprensión de textos orais	110
1.2. Actividades de produción e coprodución de textos orais	110
1.3. Actividades de comprensión de textos escritos	110
1.4. Actividades produción e coprodución de textos escritos	111
1.5. Actividades de mediación	111

2. Obxectivos específicos	111
2.1. Actividades de comprensión de textos orais	111
2.2. Actividades de produción e coprodución de textos orais	111
2.3. Actividades de comprensión de textos escritos	112
2.4. Actividades produción e coprodución de textos escritos	112
2.5. Actividades de mediación	113
3. Secuenciación e temporalización dos contidos	113
3.1. Competencias comunicativas	113
3.1.1. Competencias pragmáticas	113
a) Contidos funcionais	113
b) Contidos discursivos	116
• Coherencia e cohesión	117
• Tipoloxía de textos	117
3.1.2. Competencias sociolingüísticas	120
3.1.3. Competencias lingüísticas	121
a) Contidos léxicos-semánticos	122
b) Contidos gramaticais	123
c) Contidos fonéticos	125
d) Contidos ortográficos	126
3.2. Competencias socioculturais	127
3.3. Competencias estratéxicas	128
4. Avaliación	130
4.1. Criterios de cualificación e mínimos esixibles	130
4.1.1. Criterios de cualificación	130
4.1.2. Mínimos esixibles	130
4.2. Procedementos e instrumentos de avaliación	131
4.3. Criterios de avaliación	132
4.3.1. Actividades de comprensión de textos orais	132
4.3.2. Actividades de produción e coprodución de textos orais	132
4.3.3. Actividades de comprensión de textos escritos	133
4.3.4. Actividades produción e coprodución de textos escritos	134
4.3.5. Actividades de mediación	134
NIVEL AVANZADO	135
NIVEL C1.1	135

1. Obxectivos xerais	136
1.1. Actividades de comprensión de textos orais	136
1.2. Actividades de produción e coprodución de textos orais	136
1.3. Actividades de comprensión de textos escritos	136
1.4. Actividades produción e coprodución de textos escritos	136
1.5. Actividades de mediación	136
2. Obxectivos específicos	137
2.1. Actividades de comprensión de textos orais	137
2.2. Actividades de produción e coprodución de textos orais	137
2.3. Actividades de comprensión de textos escritos	138
2.4. Actividades produción e coprodución de textos escritos	138
2.5. Actividades de mediación	139
3. Secuenciación e temporalización dos contidos	139
3.1. Competencias comunicativas	139
3.1.1. Competencias pragmáticas	139
a) Contidos funcionais	139
b) Contidos discursivos	141
• Coherencia e cohesión	141
• Tipoloxía de textos	142
3.1.2. Competencias sociolingüísticas	145
3.1.3. Competencias lingüísticas	145
a) Contidos léxicos-semánticos	145
b) Contidos gramaticais	147
c) Contidos fonéticos	149
d) Contidos ortográficos	150
3.2. Competencias socioculturais	151
3.3. Competencias estratéxicas	152
4. Avaliación	153
4.1. Criterios de cualificación e mínimos esixibles	153
4.1.1. Criterios de cualificación	153
4.1.2. Mínimos esixibles	154
4.2. Procedementos e instrumentos de avaliación	154
4.3. Criterios de avaliación	155
4.3.1. Actividades de comprensión de textos orais	155

4.3.2.	Actividades de produción e coprodución de textos orais	156
4.3.3.	Actividades de comprensión de textos escritos	156
4.3.4.	Actividades produción e coprodución de textos escritos	157
4.3.5.	Actividades de mediación	157
NIVEL C1.2		157
1.	Obxectivos xerais	158
1.1.	Actividades de comprensión de textos orais	158
1.2.	Actividades de produción e coprodución de textos orais	158
1.3.	Actividades de comprensión de textos escritos	158
1.5.	Actividades de mediación	159
2.	Obxectivos específicos	159
2.1.	Actividades de comprensión de textos orais	159
2.2.	Actividades de produción e coprodución de textos orais	160
2.3.	Actividades de comprensión de textos escritos	160
2.4.	Actividades produción e coprodución de textos escritos	161
2.5.	Actividades de mediación	161
3.	Secuenciación e temporalización dos contidos	161
3.1.	Competencias comunicativas	161
3.1.1.	Competencias pragmáticas	161
a)	Contidos funcionais	161
b)	Contidos discursivos	164
•	Coherencia e cohesión	164
•	Tipoloxía de textos	165
3.1.2.	Competencias sociolingüísticas	168
3.1.3.	Competencias lingüísticas	169
a)	Contidos léxicos-semánticos	169
b)	Contidos gramaticais	172
c)	Contidos fonéticos	174
d)	Contidos ortográficos	176
3.2	Competencias socioculturais	177
3.3.	Competencias estratéxicas	178
4.	Avaliación	180
4.1.	Criterios de cualificación e mínimos esixibles	180
4.1.1.	Criterios de cualificación	180

4.1.2. Mínimos esixibles	180
4.2. Procedementos e instrumentos de avaliación	181
4.3. Criterios de avaliación	182
4.3.1. Actividades de comprensión de textos orais	182
4.3.2. Actividades de produción e coprodución de textos orais	182
4.3.3. Actividades de comprensión de textos escritos	183
4.3.4. Actividades produción e coprodución de textos escritos	183
4.3.5. Actividades de mediación	184
NIVEL C2	185
1. Obxectivos xerais	185
1.1. Actividades de comprensión de textos orais	185
1.2. Actividades de produción e coprodución de textos orais	185
1.3. Actividades de comprensión de textos escritos	185
1.4. Actividades de produción e coprodución de textos escritos	185
1.5. Actividades de mediación	186
2. Obxectivos específicos	186
2.1. Actividades de comprensión de textos orais	186
2.2. Actividades de produción e coprodución de textos orais	186
2.3. Actividades de comprensión de textos escritos	187
2.4. Actividades de produción e coprodución de textos escritos	187
2.5. Actividades de mediación	188
3. Secuenciación e temporalización dos contidos	188
3.1. Competencias comunicativas	188
3.1.1. Competencias pragmáticas	188
a) Contidos funcionais	188
b) Contidos discursivos	192
• Coherencia e cohesión	192
• Tipoloxía de textos	193
3.1.2. Competencias sociolingüísticas	197
3.1.3. Competencias lingüísticas	197
a) Contidos léxico semánticos	197
b) Contidos gramaticais	201
c) Contidos fonéticos	202
d) Contidos ortográficos	203

3.2. Competencias socioculturais	203
3.3. Competencias estratéxicas	205
4. Avaliación	206
4.1. Criterios de cualificación e mínimos esixibles	206
4.1.1. Criterios de cualificación	206
4.1.2. Mínimos esixibles	207
4.2. Procedimentos e instrumentos de avaliación	208
4.3. Criterios de avaliación	208
4.3.1. Actividades de comprensión de textos orais	208
4.3.2. Actividades de produción e coprodución de textos orais	209
4.3.3. Actividades de comprensión de textos escritos	209
4.3.4. Actividades de produción e coprodución de textos escritos	210
4.3.5. Actividades de mediación	210
MODALIDADES OFERTADAS	211
CURSOS ANUAIS	211
CURSOS SEMIPRESENCIAIS	211
CURSO SEMIPRESENCIAL B2.1	212
CURSO SEMIPRESENCIAL B2.2	229
CURSO SEMIPRESENCIAL C1.1	229
CURSOS PARA O PÚBLICO EN XERAL	254
NIVEL A2	254
NIVEL B1	254
NIVEL B2	257
NIVEL C1	260
NIVEL C2	263
CURSOS PARA PROFESORADO (CALC)	263
CURSOS A DISTANCIA (THAT’S ENGLISH)	263
3. ENFOQUE METODOLÓXICO	266
4. RECURSOS DIDÁCTICOS E BIBLIOGRAFÍA	272
5. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	274
6. ACTIVIDADES CULTURAIS E DE PROMOCIÓN DO IDIOMA	275
7. VALORACIÓN E REVISIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA	276
8. AVALIACIÓN INTERNA DO DEPARTAMENTO	276

1. INTRODUCCIÓN

1.1. Marco legal

Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, modificada pola Lei orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.

Real Decreto 1041/2017, do 22 de decembro, polo que se fixan as esixencias mínimas do nivel básico para os efectos de certificación, se establece o currículo básico dos niveis intermedio B1, intermedio B2, avanzado C1 e avanzado C2 das ensinanzas de idiomas de réxime especial reguladas pola Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, e se establecen as equivalencias entre as ensinanzas de idiomas de réxime especial reguladas en diversos plans de estudos e as deste real decreto.

Decreto 81/2018, do 19 de xullo, polo que se establece o currículo dos niveis básico A1, básico A2, intermedio B1, intermedio B2, avanzado C1 e avanzado C2 das ensinanzas de idiomas de réxime especial na Comunidade Autónoma de Galicia. **DOG do 13 de agosto de 2018.**

Real Decreto 1/2019, do 11 de xaneiro, establece os principios básicos comúns de avaliación aplicables á probas de certificación oficial dos niveis intermedio B1, intermedio B2, avanzado C1 e avanzado C2 das ensinanzas de réxime especial.

Resolución do 25 de maio de 2022, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para a pre-inscrición, admisión, matrícula e organización académica nas escolas oficiais de idiomas de Galicia no curso 2022/23.

Circular 3/2022, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional sobre a organización dos niveis básico A2, intermedio B1, intermedio B2 e avanzado C1 das ensinanzas de inglés de réxime especial na modalidade de educación a distancia, mediante o programa *That's English!* para o curso 2022/23.

Circular 6/2021 da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional pola que se ditan instrucións para a elaboración e administración das probas de certificación das ensinanzas de idiomas de réxime especial para o curso 2021/22.

Instrución 1/2022, da Dirección Xeral de Formación Profesional, para a elaboración e administración das probas de certificación das ensinanzas de idiomas de réxime especial para o curso 2022/23.

1.2. Contexto educativo

O Ferrol que coñecemos hoxe nace como verdadeiro núcleo urbano a mediados do século XVIII, caracterizado por unha histórica dependencia do sector naval, do

sector público e do militar, xa que foi creada por unha R.O. de 1726 como base naval destinada a controlar os intereses marítimos de España.

As obras das factorías navais, que posibilitarán o seu desenvolvemento posterior, deron lugar, nun comezo, á aparición do barrio de Esteiro (onde se asentaron os obreiros) e, máis tarde, ao deseño e construción do barrio da Magdalena como espazo residencial que foi ocupado por funcionarios, militares e comerciantes e que hoxe está declarado conxunto histórico-artístico. Conta, durante moitos anos, coa base naval máis importante de España e unha das mellores de Europa.

Cunha poboación de 66.065 habitantes (INE 1-1-2019), a área metropolitana de Ferrol, coñecida como Ferrolterra, agrupa as comarcas de Ferrol, Eume e Ortegá, cunha poboación que supera os 200.000 habitantes.

Segundo a Asociación de Empresarios Ferrolterra en colaboración coa Deputación e a Universidade de A Coruña, as características máis relevantes da dinámica socioeconómica de Ferrol nas últimas dúas décadas son o declive demográfico e o declive económico, converténdose en características estruturais do municipio.

Dende comezos do século XXI, Ferrol perdeu o 15% da súa poboación, o seu índice de actividade económica reduciuse nun 24% e o seu número total de empresas diminuíu un 5%. A estrutura por idades da poboación presenta características preocupantes, cunha poboación envellecida e menores porcentaxes que a media galega tanto en poboación menor de 16 anos como en poboación en idade de traballar. Ferrol é a segunda cidade de España onde menos se move o emprego e a segunda tamén con menor tamaño medio de fogar, segundo se desprende do último Informe de Indicadores Urbanos. Con estes datos a situación socioeconómica de Ferrol é obxectivamente preocupante. Pódese falar de dúas crises estruturais, a demográfica e a económica, inter-relacionadas e que se retro-alimentan entre si.

Esta situación repercute na tipoloxía de alumnado que temos na Escola e na súa heteroxeneidade. Hai que ter en conta o tipo de estudante para adecuar a oferta de grupos ás súas características, necesidades e dispoñibilidade horaria. En función de se se trata de universitarios, desempregados, xubilados, etc., a distribución horaria dos grupos será distinta en quenda de mañá ou de tarde.

A Escola Oficial de Idiomas de Ferrol

A Escola está situada no centro da cidade, entre a rúa Magdalena e a rúa Real, ámbalas dúas rúas peonís.

•Oferta educativa

Impártense as seguintes linguas na escola: alemán, español, francés, galego, inglés, italiano e portugués, nas modalidades:

- oficial presencial (cursos anuais e cursos intensivos de nivel básico en francés e alemán)

- semi-presencial en inglés na sede central de Ferrol de nivel C1.1 e na sección de As Pontes B2.1 e B2.2. En Cedeira impartirase por primeira vez B2.1
- a distancia (programa *That's English*)
- ensino libre

A esta oferta educativa súmanse unha serie de cursos específicos para distintos colectivos:

- * 2 cursos preparatorios para a realización dos CELGA 4
- * cursos CALC (cursos de actualización lingüística e comunicativa) de inglés de niveis B1, B2 e C1.
- * cursos de inglés para o público xeral de niveis B1, B2, C1 e C2
- * un curso de italiano para o público xeral de nivel B2
- * un curso de alemán para o público xeral de nivel A2, B1 e B2

Os niveis educativos que se imparten ata o presente curso son o nivel básico, intermedio e avanzado de cada idioma ata o C1 en todas as linguas, excepto en galego, inglés e italiano que se ofrece ata o C2.

A EOI de Ferrol conta con dúas seccións: a de Cedeira no IES Punta Candieira e a de As Pontes no IES Castro da Uz, nas que se ofrece inglés na modalidade presencial. Como novidade, este curso 2022-23 ofértase B2.1 semi-presencial na sección de Cedeira tamén, e B2.2 na de As Pontes.

O número de alumnado deste curso ronda os 1720 estudantes: 1570 en Ferrol e 150 nas dúas seccións.

● **alumnado**

O alumnado da Escola Oficial de Idiomas de Ferrol ten unha idade que oscila entre os 14 e os 70 anos. Debido ás características antes mencionadas de Ferrolterra, a escola conta cun gran número de estudantes en paro, en busca de emprego, completando a súa formación coa aprendizaxe de linguas. Isto incide directamente na escola dende o punto de vista organizativo. Por unha banda, hai alumnado que atopa traballo, normalmente temporal, e solicita cambio de grupo por incompatibilidade horaria. Por outra, está o alumnado que traballa por quendas, ás veces incluso con cambios nas quendas dun día para o seguinte, que busca unha solución para poder rematar o curso e no peor dos casos vense obrigados a abandonar.

Outro grupo importante é o do alumnado universitario que mostra interese polas linguas para completar a súa formación.

O alumnado mais novo atópase fundamentalmente en inglés e vai a clase pola tarde, xa que pola mañá asiste a outro tipo de ensino: E.S.O., bacharelato, F.P., etc.

O alumnado de máis idade está representado sobre todo por pre-xubilados (dos estaleiros e militares, entre outros), e amas de casa.

Debido a esta variedade, os grupos son heteroxéneos, de idades dispares e con niveis culturais moi diferentes. Isto supón un esforzo engadido para o profesorado na súa pretensión de asegurar un ensino que se adapte a esta diversidade e que satisfaga as expectativas de todo o alumnado na aula.

•Persoal docente

O claustro consta neste curso de 40 membros, dos cales 23 son docentes de inglés (incluíndo os 2 da sección de Cedeira e os 3 da sección de As Pontes), 5 do departamento de francés, 5 de alemán, 3 de italiano, 2 de galego e 2 de portugués.

Cóntase neste curso tamén con 4 axudantes lingüísticos, de alemán, francés, inglés e de portugués.

•Persoal non docente

O centro conta con 2 administrativos, 4 conserxes e 2 limpadoras.

•Recursos materiais e espazos físicos

A Escola dispón de:

.20 aulas, cada unha delas con ordenador portátil, sistema de audio no falso teito (excepto a aula 20), pizarra dixital interactiva, pizarra tradicional, proxector, televisión e reprodutor de DVD

.Laboratorio multimedia

.Biblioteca que forma parte do Plan de Mellora de Bibliotecas escolares dende o curso 2009-2010

.5 departamentos con ordenadores de mesa e portátiles

.1 sala de profesores

.Salón de actos con 110 prazas, dúas cabinas de tradución e canón de vídeo

.Conserxería

.Sala de reprografía con fotocopiadora, multicopista e ordenador

.3 despachos de dirección dotados con catro ordenadores, impresora multifunción a cor e unha pequena fotocopiadora

.Despacho de recursos

.Oficina de administración dotada de 2 ordenadores e fotocopiadora

.Cafetería

.Baños para homes e mulleres en cada andar

.Baños para persoas discapacitadas no andar baixo

.Ascensor de uso restrinxido (mobilidade reducida)

.Dependencias no soto onde está a caldeira da calefacción, o centro de transformación e dous espazos que serven de almacén

•O Departamento de Inglés

Está composto por 22 profesores, dos que 5 pertencen ás seccións de As Pontes e Cedeira, nas que só se oferta inglés. Dos 17 profesores da sede de Ferrol, dúas

profesoras ocupan os cargos directivos de Vicedirección e Secretaria, e unha terceira a Xefatura de Recursos do centro.

PROGRAMACIÓN POR NIVEIS

NIVEL BÁSICO

Descrición do nivel

O alumnado que supere o **nivel básico A1** será capaz de desenvolverse de forma elemental e satisfacer necesidades de tipo inmediato. Igualmente, poderá actuar en situacións moi cotiás mediando entre falantes de distintas linguas para facilitar a comunicación. O alumnado que acade este nivel disporá das competencias que lle permitan utilizar o idioma, oralmente e por escrito, de maneira eficaz e apropiada en situacións comunicativas moi concretas e predicibles relativas a necesidades inmediatas e que requiran comprender e producir textos orais e escritos moi breves e sinxelos nun rexistro neutro da lingua estándar.

O alumnado que supere o **nivel básico A2** será capaz de levar a cabo tarefas simples e cotiás sobre cuestións coñecidas e habituais. Igualmente, poderá actuar en situacións cotiás de comunicación mediando entre falantes de distintas linguas que non poidan comprenderse de forma directa. O alumnado que acade este nivel disporá das competencias que lle permitan utilizar o idioma, oralmente e por escrito, de maneira eficaz e apropiada en actividades comunicativas sinxelas e habituais relativas a necesidades inmediatas e que requiran comprender e producir textos breves que conteñan expresións e estruturas básicas e termos sinxelos de lingua estándar.

NIVEL A1

1. Obxectivos xerais

Unha vez adquiridas as competencias correspondentes ao nivel, o alumnado será capaz de:

1.1. Actividades de comprensión de textos orais

Comprender o significado xeral e os puntos principais de textos orais moi curtos e ben estruturados, transmitidos por voz ou por medios técnicos, articulados a unha velocidade moi lenta, nunha variedade estándar do idioma e sempre que as condicións acústicas sexan óptimas e a mensaxe non sexa distorsionada. Estes

textos refírense a cuestións moi cotiás ou necesidades inmediatas, das áreas persoais ou públicas.

1.2. Actividades de produción e coprodución de textos orais

Producir e coproducir principalmente en comunicación cara a cara, pero tamén a través de medios técnicos textos orais, moi curtos, nunha variedade estándar da lingua.

Comunicarse dun xeito suficientemente comprensible, aínda que resulten moi evidentes o acento estranxeiro, as pausas e sexan necesarias a repetición, a paráfrase e a cooperación dos interlocutores para manter a comunicación, incorporando o uso de estratexias de expresión e interacción.

1.3. Actividades de comprensión de textos escritos

Comprender o sentido xeral, a información esencial, os puntos principais e algúns detalles relevantes en textos escritos moi breves de estrutura simple e clara, nunha variedade estándar da lingua, en calquera medio. Estes textos referiranse a temas moi cotiás ou de inmediata necesidade.

1.4. Actividades produción e coprodución de textos escritos

Producir e coproducir, independentemente do medio, textos escritos moi curtos e de estrutura moi simple nun rexistro neutro, utilizando os recursos de cohesión máis básicos, as convencións de ortografía e puntuación máis elementais, e as estratexias de expresión e os procedementos discursivos máis básicos. Estes textos referiranse a temas moi cotiás.

1.5. Actividades de mediación

Mediar entre falantes da lingua estranxeira ou de diferentes linguas en situacións de carácter habitual no que se producen simples intercambios de información relacionado coas cuestións cotiás ou o interese persoal.

Obxectivos específicos

2.1. Actividades de comprensión de textos orais

Comprender o significado xeral e os aspectos máis importantes nas transaccións e procedementos simples, articulados claramente, en lingua estándar e en velocidade lenta ou normal, sempre que poida solicitar a confirmación.

Comprender o significado xeral e as ideas principais das conversacións nas que participa, sempre que se coñeza o tema, que o discurso estea articulado con claridade en lingua estándar e que poda pedir confirmación.

Comprender, nunha conversación ou discusión informal na que participa, tanto a viva voz como por medios técnicos, descrições e narracións sobre asuntos prácticos da vida cotiá e información específica relevante para cuestións cotiás ou

de interese persoal, sempre que non exista unha interferencia acústica e o interlocutor ou interlocutores falen de forma clara, lenta e directa, eviten un uso moi idiomático da lingua e estean dispostos a repetir ou reformular o que se dixo.

2.2. Actividades de produción e coprodución de textos orais

Transmitir información básica sobre a vida persoal (por exemplo: idade, nacionalidade, residencia, intereses e gustos).

Transmitir información, instrucións e indicacións básicas en situacións comúns e a vida persoal (por exemplo: en tendas, restaurantes, transporte, outros servizos e lugares públicos).

Facer declaracións públicas breves e ensaiadas sobre un tema diario dentro do campo propio ou interese persoal que pode ser intelixible, ademais de ir acompañado dun acento e entoación estranxeiros.

Facer presentacións curtas e simples preparadas sobre temas xerais (por exemplo: familia, tempo libre, rutina diaria, gustos e preferencias) co suficiente claridade para que sexa intelixible a maior parte do tempo, e malia usar un acento e entoación estranxeira. (A1, A2)

Manter conversacións básicas e sinxelas para establecer contactos sociais básicos (por exemplo: saudar, presentarse, desculparse e felicitar), utilizando as fórmulas máis comúns de cortesía, interactuando, formulando e respondendo a preguntas breves e sinxelas, podendo ter que pedir que se repita ou se fale máis lentamente.

Participar en conversas básicas e sinxelas, informais, cara a cara, sobre temas diarios, de interese persoal ou pertinente á vida cotiá (por exemplo: a familia, tempo libre, gustos e preferencias).

2.3. Actividades de comprensión de textos escritos

Comprender instrucións básicas, instrucións e información relacionadas con actividades e situacións de vida cotiá en anuncios públicos, carteis, rótulos ou avisos simples e breves que se poden atopar en lugares públicos (por exemplo: en rúas, tendas, restaurantes, medios de transporte e educación e ocupacional), escritos de forma simple e clara e con axuda de imaxes de soporte ou textos ilustrados.

Identificar os puntos principais e información específica en material escrito breve e sinxelo, de carácter diario, con vocabulario na súa maior parte de uso frecuente, relacionados con asuntos de interese persoal e da vida cotiá.

Comprender con certa dificultade a trama das historias de ficción, historias, contos curtos e adaptados, moi estruturados, escritos nunha linguaxe sinxela e todos os días, e obtén unha idea xeral das calidades máis relevantes e explícitas de os diferentes personaxes.

Comprender información esencial sobre páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta, en calquera soporte, cuxa estrutura é previsible e sobre temas de interese persoal e necesidade inmediata, sempre que as seccións difíciles podan releerse.

2.4. Actividades produción e coprodución de textos escritos

Narrar ou describir, en papel ou en liña, brevemente e sinxelamente, feitos, actividades e experiencias persoais pasadas, situacións de vida cotiá e os seus sentimentos, utilizando formas verbais simples, pero coherentes e conectores básicos para articular o texto.

Completar un cuestionario, de tema xeral e de curta extensión, con Información de alcance estritamente persoal. **No se encuentran entradas de índice.**

Escribir, en papel ou en liña, notas, avisos e mensaxes breves e sinxelas en relación coas súas necesidades inmediatas ou de temas de interese persoal (por exemplo: para enviar ou responder unha invitación, confirmar ou cambiar unha cita, felicitar a alguén por medio dunha tarxeta, agradecer a alguén por algo, pedir desculpas, compartir a súa opinión, transmitir información persoal ou presentarse a si mesmo) usando unha serie de oracións simples ligadas por conectores elementais.

Escribir correspondencia persoal simple na que dan grazas, piden desculpas ou falan sobre eles ou sobre o seu contorno; describir os feitos, eventos ou persoas relacionadas con un mesmo (por exemplo: sobre a familia, as súas condicións de vida, traballo, amigos, os seus pasatempos, unha descrición elemental de persoas, experiencias, plans e proxectos e os seus gustos).

Escribir, en papel ou en liña, unha sinxela e breve correspondencia formal no que se solicita un servizo ou se solicita información sobre este ou un produto.

2.5. Actividades de mediación

Traducir, coa axuda dun dicionario ou material de referencia en calquera medio, frases simples, non sempre seleccionando o equivalente correcto.

Transmitir, oralmente ou por escrito, ideas principais contidas en textos breves, ben estruturados, recurrido cando o seu repertorio sexa limitado a diferentes medios (por exemplo: xestos, debuxos ou palabras noutro idioma).

Repetir a información predicible contida en textos orais ou escritos moi breves e sinxelos (letras de cancións ou estribillos, carteis...) coa axuda do dicionario e aínda que poida cometer erros na asignación do significado axeitado a algunha palabra.

3. Secuenciación e temporalización dos contidos

3.1. Competencias comunicativas

3.1.1. Competencias pragmáticas

a) Contidos funcionais

Fan referencia aos expoñentes que o alumnado precisa para desenvolver as funcións comunicativas nos diferentes contextos. Os expoñentes das funcións que se relacionan deberán adaptarse ás características propias de cada idioma, á organización de cada nivel e ás necesidades e dificultades de aprendizaxe do alumnado. No nivel A1 desenvolveremos os contidos que aparecen segundo as unidades do libro de texto *English File A1 (fourth edition)* da editorial Oxford:

1º cuadrimestre

Unidade 1

Presentarse a un mesmo e a outras persoas

Coñecer xente

Deletrear en situacións de vida real

Unidade 2

Falar de nacionalidades

Números de teléfono

Información persoal

Unidade 3

Descibir obxectos común

Ubicación

Pedir e dar prezos

Unidade 4

Falar da familia e amigos

Descrición de obxectos; cores

Expresar preferencias

Unidade 5

Falar de comidas

Expresar hábitos

2º cuadrimestre

Unidade 6

Referirse a hábitos no traballo

Falar de frecuencia

Unidade 7

Falar do tempo de lecer

Tratar sobre actividades de tempo libre, películas

Unidade 8

Viaxar

Descibir lugares

Tratar sobre cousas que se poden facer nun lugar

Unidade 9

Referirse a similitudes e diferenzas

Tratar sobre accións presentes

Mercar roupa

Unidade 10

Descibir a localización espacial

Falar do pasado

Unidade 11

Descibir actividades pasadas e sucesos

Unidade 12

Tratar sobre o pasado con verbos irregulares

b) **Contidos discursivos**

Fan referencia ao coñecemento, comprensión e aplicación das competencias discursivas básicas que lle permitan ao alumnado producir e comprender, en situacións moi habituais, textos coherentes con respecto ao contexto en que se producen e que presenten unha cohesión interna que facilite a súa comprensión. A complexidade da tipoloxía de textos que se relaciona deberá adaptarse ás características propias de cada idioma, á organización de cada nivel, ás necesidades e dificultades de aprendizaxe do alumnado e ás distintas actividades de lingua.

● **Coherencia e cohesión**

Coherencia: asociación de enunciados simples e memorizados coas situacións en que é adecuado utilizalos; selección do léxico e das estruturas adecuadas para acadar o propósito comunicativo; adaptación ás características e ao formato dos textos escritos a que se enfronta.

Cohesión: utilización de recursos moi sinxelos para iniciar, desenvolver ou rematar un texto escrito; utilización dos recursos máis básicos de puntuación; mantemento, de forma incipiente, da concordancia na estrutura do texto para enmarcar a mensaxe.

● **Tipoloxía de textos**

1º cuadrimestre

Unidade 1

Audición de textos orais en diferentes contextos de comunicación:

Unha audición sobre dúas persoas presentándose

Unha audición comparando a procedencia de dúas persoas

Unidade 2

Unha audición sobre unha conversa en liña

Unha audición que compara números moi parecidos pola súa pronuncia

Lectura e comprensión dun texto e uso de estratexias básicas de comprensión lectora

Lectura de viñetas sobre unha conversa na que se indica a orixe e facer preguntas

Ler unha conversa en liña

Unidade 3

Unha audición sobre cinco situacións con obxectos.

Unha audición sobre unha muller que compra recordos

Unidade 4

Audición sobre a familia

Audición sobre a compra dun coche

Unidade 5

Audición e lectura dun texto con persoas falando sobre as súas comidas favoritas

2º cuadrimestre

Unidade 6

Audición sobre unha conversa no lugar de traballo

Artigo sobre dúas persoas falando do seu emprego

Unidade 7

Audición sobre unha entrevista a unha deportista

Lectura sobre os deportes en diferentes lugares

Unidade 8

Audición sobre alguén que fala do que lle gusta

Lectura sobre actividades de tempo libre

Unidade 9

Audición sobre persoas que din o que están a facer

Mensaxes entre amigos

Un resumo sobre un programa de televisión

Unidade 10

Unha audición sobre unha conversa nun hotel

Unidade 11

Unha audición sobre un *blog*

Un *blog* sobre unha experiencia Erasmus

Unidade 12

Unha audición sobre unha historia

3.1.2. Competencias sociolingüísticas

Un enfoque no uso da linguaxe implica necesariamente a súa dimensión social. Os estudantes deben adquirir habilidades sociolingüísticas que lles permitan comunicarse efectivamente ao nivel especificado.

Contidos sociolingüísticos: marcadores lingüísticos de relacións sociais, normas de cortesía, estereotipos e idiomas populares, rexistros, dialectos e acentos. Estes contidos deben enmarcarse nunha perspectiva intercultural e deberán estar integrados nas diferentes áreas temáticas á hora de elaborar os materiais didácticos.

Vida cotiá: horarios e hábitos de comida, horarios e costumes relacionados co traballo, actividades de lecer...

Condicións de vida: vivenda, condicións laborais, transporte...

Relacións persoais: relacións sociais, familiares, profesionais...

Linguaxe corporal: expresións faciais, acenos, distancia interpersonal, contacto visual, calidade de voz (ton, volume...)

Convencións sociais: fórmulas de cortesía en situacións da vida cotiá, vestiario...

3.1.3. Competencias lingüísticas

a) Contidos léxicos-semánticos

Comprensión do léxico escrito máis básico e de uso máis común relativo a identificación persoal; vivenda, fogar e contorna; relacións familiares e sociais; traballo e profesións; servizos públicos; tempo libre e ocio; alimentación; viaxes; información e medios de comunicación; compras e actividades comerciais; saúde e coidados físicos; clima, condicións atmosféricas e ambiente; tecnoloxía. Estes temas estarán distribuídos seguindo o libro *English File A1 (fourth edition)*

1º cuadrimestre

Unidade 1

Números 0-10

Países

Días da semana

Unidade 2

Nacionalidades

Números de teléfono

Números 11-100

Unidade 3

Obxectos pequenos

Souvenirs

Unidade 4

Xente e familia

Colores

Adxectivos máis comúns

Unidade 5

Comida e bebida

2º cuadrimestre

Unidade 6

Traballos

Lugares de traballo

Un día típico

Unidade 7

Frases e expresións no deporte

Tempo libre

Tipos de películas

Unidade 8

Frases verbais

Actividades

Unidade 9

Viaxes

Roupa

Unidade 10

A localización espacial

Hoteis

Unidade 11

Verbos regulares

Frases verbais con *do*, *get*, *go* e *have*

Unidade 12

Verbos irregulares

b) **Contidos gramaticais**

1º cuadrimestre

Unidade 1

verbo *be* singular

Unidade 2

Verbo *be* plural

Preguntas con *Wh* e *How*

Unidade 3

Demostrativos

O singular e o plural nos nomes

O artigo indefinido

Unidade 4

Os posesivos

O posesivo 's

Adxectivos

Unidade 5

O presente en afirmativa e negativa (agás a 3 persoa singular)

O presente en interrogativa

2º cuadrimestre

Unidade 6

O presente na terceira persoa do singular

Adverbios de frecuencia

Unidade 7

A orde nunha pregunta

O imperativo

Os pronomes obxecto

Unidade 8

Can/can't

Like, love, hate + vb-ing

Unidade 9

Presente contínuo

Unidade 10

There is / there are

Pasado do *be*

Unidade 11

Pasado simple dos verbos regulares

Unidade 12

Pasado simple regular e irregular

c) Contidos fonéticos

1º cuadrimestre

Unidade 1

/h/, /i:/, /aɪ/ & /ɪ/, /əʊ/, /s/, /ʃ/

Unidade 2

/dʒ/, /tʃ/, /ʒ/ & sentence rhythm

Unidade 3

Sons do plural: /z/ and /s/, e /ð/, /ə/

Unidade 4

/ʌ/, /æ/, /ə/, /u:/, /ɑ:/, /ɔ:/; unir palabras (*linking*)

Unidade 5

Acento na palabra; /tʃ/, /dʒ/ /g/ and /w/, /v/, /ɒ/; ritmo na oración

2º cuadrimestre

Unidade 6

A pronuncia da s da terceira persoa

Unidade 7

/w/, /h/, /ɛə/, /aʊ/

Unidade 8

/ʊ/, /u:/, /ŋ/

Unidade 9

/ɜ:/, /i:/, /e/, /eə/

Unidade 10

/eə/, /ɪə/, & was e were

Unidade 11

Formas de pronunciar o pasado regular

Unidade 12

Pronuncia dos verbos irregulares

d) Contidos ortográficos

1º cuadrimestre

Durante o primeiro cuadrimestre traballárase sobre as diferenzas básicas entre grafía e pronuncia en inglés; deletreo de palabras e nomes. Estrutura silábica.

2º cuadrimestre

O uso da maiúscula en palabras como días da semana; as formas abreviadas. Signos de puntuación máis frecuentes.

3.2. Competencias socioculturais

Dado que as actividades comunicativas se integran dentro dun contexto sociocultural, as alumnas e os alumnos deben adquirir un coñecemento da sociedade, da mentalidade e da cultura dos países e territorios en que se fala o idioma obxecto de estudo. De todos é sabido que a ausencia de competencia sociocultural pode distorsionar a comunicación.

O desenvolvemento destes contidos enmarcarase nunha perspectiva intercultural. Terán que ser adaptados ás circunstancias socioculturais específicas de cada lingua, e o léxico e as estruturas utilizados para os desenvolver adecuaranse aos obxectivos do nivel básico.

Estes contidos deberán considerarse ao elaborar os materiais didácticos, mais non terán que aparecer necesariamente nun punto específico da programación, xa que a maioría deles poden presentarse formando parte das diferentes áreas temáticas, coas que están estreitamente relacionados.

Teranse en conta as seguintes áreas:

A vida cotiá: a distribución do día e a rutina diaria: horarios e hábitos de comida, alimentos asociados; horarios e costumes relacionados co traballo; os ciclos anuais (estacións, festas e vacacións); actividades de lecer, etc.

As convencións sociais e as fórmulas de cortesía en situacións da vida cotiá: comportamento na mesa, felicitacións, invitacións, presentacións, puntualidade, regalos, saúdos e despedidas; tabús, vestiario, etc.

As condicións de vida: condicións da vivenda, condicións laborais (introdución ao mundo laboral, busca de emprega...), sanidade (seguridade social, hábitos de saúde e hixiene...), transporte, sistema educativo, etc.

Os servizos públicos: servizos de comunicación (teléfono, correo...), medios de transporte e tipos de establecementos.

As relacións persoais: estrutura e relacións sociais e familiares: relacións familiares, xeracionais e profesionais; relacións entre distintos grupos sociais, relación coas autoridades ou coa Administración, etc.

Valores, crenzas e actitudes: principais festas populares, costumes e tradicións máis frecuentes, celebracións máis significativas e comportamento nelas (p.e., en aniversarios...), principais relixións, etc.

A linguaxe corporal e os sons paralingüísticos: expresións faciais, cenos, posturas, distancia interpersoal, contacto visual, calidade de voz, ton, volume, etc.

3.3. Competencias estratéxicas

Fan referencia á capacidade do alumnado para aprender autonomamente, resolver as dificultades que lle poidan xurdir e ser consciente da súa propia aprendizaxe responsabilizándose do proceso dun xeito activo.

1. As **estratexias de aprendizaxe** danlle a posibilidade ao alumnado de regular a súa aprendizaxe, así como de transformar e xestionar a nova información da lingua obxecto de estudo. Así o alumnado poderá:

Explicar o que sabe, como o aprendeu e dirixir a súa aprendizaxe para seguir aprendendo.

Planificar a propia aprendizaxe establecendo os seu propios obxectivos a curto e a longo prazo.

Organizar o material de aprendizaxe cos instrumentos de apoio necesarios (manuais, caderno de aprendizaxe...).

Autoavaliar o propio proceso detectando os erros e os logros nas tarefas.

Utilizar todos os medios ao seu alcance (Internet, proxectos sobre diversos temas, axuda doutros/as falantes...)

Repetir, recoñecer e usar modelos de lingua etc.

Relacionar a información nova con coñecementos previos.

Deducir e establecer relacións entre as linguas coñecidas.

Resumir para comprender e producir textos orais ou escritos.

2. As **estratexias de comunicación** permiten mobilizar os propios recursos para poñer en funcionamento as actividades de lingua, así como establecer e manter a comunicación cos medios lingüísticos dispoñibles. Así, o alumnado poderá:

Activar e procurar coñecementos previos sobre a lingua, a situación, os contidos, as persoas...; informarse se hai axudas visuais etc.

Identificar o tipo de texto para adaptarse á súa comprensión.

Tomar conciencia do que se quere aprender: do contido xeral, da información específica, da información polo miúdo.

Establecer hipóteses e inferir outros tipos de informacións a partir de elementos paratextuais (entoación, velocidade...) e extratextuais (imaxes, gráficos, fotografías...).

Restablecer e anticipar posicións en relación ao que segue no texto (palabra, frase, resposta...).

Reformular hipóteses sobre o contido e o contexto a partir da comprensión de novos elementos do propio texto, utilizando o seu coñecemento e experiencias.

Asegurar a comprensión, repetir o comprendido, preguntar sobre o dito, volver escoitar o texto tendo en conta determinados aspectos.

Solicitar repeticións, pedir que se explique unha palabra clave, dicir que non se entendeu.

Recoñecer as dificultades de comprensión, debido a posibles factores de distorsión, á velocidade coa que se expresa etc.

4. Avaliación

4.1. Criterios de cualificación e mínimos esixibles

4.1.1. Criterios de cualificación

A proba final de promoción consta de catro actividades de lingua:

- Comprensión de textos escritos
- Producción, coproducción e mediación escrita
- Comprensión de textos orais
- Producción, coproducción e mediación oral.

A cualificación outorgada será APTO, NON APTO ou NON PRESENTADO, segundo corresponda.

Será APTO o alumnado que obteña 15 puntos en cada actividade de lingua, sumando un total de 60 puntos ou ben si nunha das actividades ten 10 puntos ou mais puntos sen acadar os 15 puntos pero entre as catro actividades de lingua suman 60 puntos. A puntuación máxima total ascende a 100 puntos, correspondendo 25 puntos a cada actividade de lingua.

Avaliarase o progreso e logro de obxectivos do alumnado de forma frecuente e interactiva mediante procesos de observación na aula e recollida e avaliación de tarefas. O profesorado informará ó alumnado sobre o seu progreso despois do primeiro cuadrimestre.

Na convocatoria extraordinaria de setembro o alumnado examínase das actividades de lingua non superadas ou non presentadas na convocatoria ordinaria.

A cualificación positiva final permitirá o acceso ao segundo curso do nivel.

4.1.2. Mínimos esixibles

É quen de entender o esencial, e aplicar os aspectos socioculturais e sociolingüísticos máis básicos das culturas de uso do idioma.

É capaz de recoñecer léxico elemental de temas moi frecuentes e necesidades básicas, e de deducir o significado posible do que non coñece

É capaz de producir frases illadas moi sinxelas e de uso moi frecuente producindo as estruturas máis sinxelas e habituais da lingua de uso cotián.

É quen de usar expresións básicas, comunicando de xeito comprensible, con pausas, vacilacións e reformulacións empregando léxico moi básico suficiente para falar de temas moi frecuentes e necesidades moi básicas.

É capaz de pronunciar e entoar coa claridade suficiente cun moi evidente acento estranxeiro e erros que permitan a comprensibilidade e emprega estratexias para entender o esencial do texto.

É quen de recoñecer o que significan as convencións de formato textual e as ortotipográficas máis básicas.

É **capaz** de producir textos escritos moi breves e sinxelos usando estruturas moi sinxelas, de uso moi frecuente e conectores moi básicos.

É **quen** de usar de xeito adecuado léxico moi elemental que chegue para informar e ser informado de temas moi básicos ou necesidades comúns, con incorreccións que permitan a comprensibilidade.

É **capaz** de empregar a puntuación e a ortografía máis elemental.

Discrimina os patróns sonoros e de entoación de uso máis común.

É **capaz de** pronunciar e entoar de maneira suficientemente clara, aínda que resulte moi evidente o acento estranxeiro ou cometa erros que non imposibiliten a comunicación e sexa necesaria a colaboración da persoa interlocutora.

4.2. Procedementos e instrumentos de avaliación

A avaliación terá por obxecto cualificar o nivel de competencia comunicativa adquirido polo alumnado como resultado do seu proceso de aprendizaxe. Haberá diferentes modalidades ao longo do curso:

Avaliación inicial (ou de diagnóstico): o profesorado a inicio de curso fará unha avaliación de diagnóstico para coñecer o nivel e as características do seu alumnado. Neste caso ao ser A1 se diagnosticará se o alumnado parte sen coñecemento algún ou se tivo contacto previo coa lingua.

Avaliación de progreso (ou formativa): nesta modalidade tanto profesorado como alumnado poden observar, reflexionar e valorar o proceso de aprendizaxe. Avaliarase o progreso e logro de obxectivos do alumnado de forma frecuente e interactiva mediante procesos de observación na aula e recollida e avaliación de tarefas. O profesorado informará ó alumnado sobre o seu progreso.

Avaliación de promoción (ou sumativa): os departamentos didácticos faranlle as probas finais de promoción coas catro actividades de lingua ao alumnado presencial no mes de maio ou xuño. Estas terán un valor do 100% na cualificación final do curso.

Autoavaliación: sendo a autoavaliación un instrumento importante no proceso de ensino-aprendizaxe fomentárase a autoavaliación tanto do profesorado como do alumnado. O profesorado poderá saber si acada os obxectivos marcados e si precisa facer cambios na programación para acadar ditos obxectivos e o alumnado desenvolve a capacidade de ser responsable ante o seu propio proceso de aprendizaxe. O profesorado motivará ó alumnado a realizar as distintas actividades de autoavaliación que proporciona o libro de texto.

4.3. Criterios de avaliación

4.3.1. Actividades de comprensión de textos orais

Coñece e aplica á comprensión do texto, extraendo claves para interpretalo, os aspectos socioculturais e sociolingüísticos máis básicos relativos á vida cotiá, ás condicións de vida, ás relacións persoais, á linguaxe corporal e ás convencións sociais das culturas en que se usa o idioma.

Sabe aplicar as estratexias máis adecuadas en cada caso para a comprensión dos puntos esenciais e a información principal do texto.

Distingue a función ou funcións comunicativas máis relevantes do texto e un repertorio moi común dos seus expoñentes, así como os patróns discursivos máis elementais relativos á organización textual.

Aplica á comprensión do texto os coñecementos sobre os constituíntes e a organización dos patróns sintácticos de uso frecuente na comunicación oral.

Recoñece o léxico oral básico e de uso común relativo a temas moi frecuentes ou a necesidades inmediatas e aspectos do ámbito persoal e pode deducir do contexto e do co-texto o significado probable de palabras ou frases que descoñece.

Discrimina os patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso máis común e comprende os significados e intencións comunicativas xerais asociados a eles.

4.3.2. Actividades de produción e coprodución de textos orais

Aplica á produción do texto oral, tanto monolóxico como dialóxico, os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos máis elementais adquiridos, respectando as normas de cortesía máis básicas e sinxelas.

Coñece e sabe aplicar estratexias moi básicas para producir textos orais moi breves e de estruturas moi sinxelas e habituais, utilizando unha serie de procedementos moi sinxelos para reformular a mensaxe e reparar a comunicación.

Leva a cabo as funcións principais demandadas polo propósito comunicativo, utilizando un repertorio moi común dos seus expoñentes e seguindo os patróns discursivos máis elementais.

Manexa un repertorio básico de expresións sinxelas e fixas que lle permiten comunicarse de forma comprensible, con pausas, titubeos e reformulacións.

Interactúa de maneira sinxela en intercambios caracterizados por intervencións moi breves e significativas, articuladas de forma lenta e clara, facendo preguntas e dando respostas para asegurar a comunicación e usando rutinas sinxelas básicas para iniciar e pechar a quenda de palabra, aínda que pode presentar algunhas incorreccións que non imposibilitan a comunicación.

Utiliza estruturas sintácticas moi sinxelas e de uso moi frecuente e emprega os recursos de cohesión textual máis básicos (entoación, repetición léxica e

conectores moi comúns) para enlazar grupos de palabras e crear secuencias moi sinxelas.

Coñece e utiliza adecuadamente un repertorio léxico oral moi básico e limitado, suficiente para dar e obter información sobre temas moi frecuentes ou necesidades inmediatas e aspectos do ámbito persoal, utilizando normas básicas e sinxelas de cortesía e expresións temporais sinxelas relacionadas co pasado e co futuro, aínda que pode presentar algunhas incorreccións que non imposibilitan a comunicación.

Pronuncia e entoa de maneira suficientemente clara, aínda que resulte moi evidente o acento estranxeiro ou cometa erros que non imposibiliten a comunicación e sexa necesaria a colaboración da persoa interlocutora.

4.3.3. Actividades de comprensión de textos escritos

Coñece e aplica á comprensión do texto, extraendo claves para interpretalo, os aspectos socioculturais e sociolingüísticos máis básicos relativos á comunicación escrita nas culturas en que se usa o idioma.

Sabe aplicar as estratexias máis adecuadas en cada caso para a comprensión dos puntos esenciais e a información principal do texto.

Distingue a función ou funcións comunicativas máis relevantes do texto e un repertorio moi común dos seus expoñentes, así como os patróns discursivos máis elementais relativos á organización, desenvolvemento e conclusión propios do texto escrito segundo o seu xénero e tipo.

Coñece os constituíntes e a organización de estruturas sintácticas de uso máis frecuente na comunicación escrita, segundo o xénero e o tipo de texto.

Comprende o léxico escrito máis básico e de uso máis común relativo a temas moi frecuentes ou a necesidades inmediatas e aspectos do ámbito persoal e pode deducir do contexto e do cotexto o significado probable de palabras ou frases que descoñece.

Recoñece os valores e significados asociados ás convencións de formato, tipográficas, ortográficas e de puntuación máis elementais.

4.3.4. Actividades produción e coprodución de textos escritos

Aplica á produción e coprodución do texto escrito os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos máis elementais adquiridos, respectando as normas de cortesía máis básicas e sinxelas.

Coñece e sabe aplicar estratexias moi básicas para producir textos escritos moi breves e de estruturas moi sinxelas e habituais, p. ex. copiando modelos de textos de características similares ou planificando e ensaiando o texto.

Leva a cabo as funcións principais demandadas polo propósito comunicativo, utilizando un repertorio moi común dos seus expoñentes e seguindo os patróns

discursivos máis elementais para organizar o texto escrito segundo o seu xénero e tipo.

Utiliza estruturas sintácticas moi sinxelas e de uso moi frecuente e emprega os recursos de cohesión textual máis básicos (repetición léxica e conectores moi comúns) para enlazar grupos de palabras e crear secuencias moi sinxelas.

Coñece e utiliza adecuadamente un repertorio léxico escrito moi básico e limitado, suficiente para dar e obter información sobre temas moi frecuentes ou necesidades inmediatas e aspectos do ámbito persoal, aínda que pode presentar algunhas incorreccións que non imposibilitan a comunicación.

Utiliza as regras ortográficas, os signos de puntuación e as convencións formais máis elementais na redacción de textos en papel ou soporte dixital.

4.3.5. Actividades de mediación

Coñece os aspectos básicos máis xerais que caracterizan as comunidades de falantes correspondentes e é capaz de actuar en consecuencia, aínda que poida cometer incorreccións no seu comportamento.

Identifica a información básica e predicible que debe transmitir, aínda que teña que solicitar repeticións ou reformulacións e contar coa axuda do dicionario, e poida cometer erros.

Repite ou reformula o dito de maneira máis sinxela para facerlles máis comprensible a mensaxe ás persoas receptoras, podendo axudarse de elementos non lingüísticos ou da colaboración doutras persoas.

NIVEL A2

1. Obxectivos xerais

Unha vez adquiridas as competencias correspondentes ao nivel, o alumnado será capaz de:

1.1. Actividades de comprensión de textos orais

Comprender o sentido xeral e a información relevante en textos orais breves e sinxelos articulados con claridade e lentitude nunha variedade de lingua estándar, que traten de necesidades inmediatas, temas cotiáns e coñecidos cos que se estea moi familiarizado/a ou experiencias persoais e predicibles, sempre que non existan ruídos de fondo e se poidan utilizar apoios visuais, repeticións ou reformulacións.

1.2. Actividades de produción e coprodución de textos orais

Producir e coproducir textos orais breves con estruturas básicas e habituais, adecuadas á situación e ás persoas interlocutoras, referidos a asuntos da vida cotiá, e desenvolverse de forma comprensible e clara, aínda que resulten evidentes o acento estranxeiro, as pausas e titubeos, e sexa necesaria a repetición, a paráfrase e a cooperación das persoas interlocutoras para manter a comunicación.

1.3. Actividades de comprensión de textos escritos

Comprender o sentido global e localizar información relevante e predicible en textos escritos breves e sinxelos, ben estruturados e en lingua estándar, relacionados con temas cotiáns, especialmente se contan con apoio visual.

1.4. Actividades de produción e coprodución de textos escritos

Producir e coproducir textos escritos breves e sinxelos sobre aspectos cotiáns e temas predicibles relacionados coa experiencia persoal, utilizando un repertorio léxico e estrutural limitado e básico e os recursos de cohesión e as convencións ortográficas e de puntuación elementais.

1.5. Actividades de mediación

Mediar entre falantes da lingua meta ou doutras linguas en situacións de carácter habitual nas que se producen intercambios moi sinxelos de información relacionados con asuntos cotiáns ou con información persoal básica.

2. Obxectivos específicos

2.1. Actividades de comprensión de textos orais

Comprender frases e expresións habituais relacionadas con necesidades inmediatas e temas cos que se estea moi familiarizado/a, sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado.

Comprender o sentido xeral e a información específica predicible de conversas básicas sobre temas cotiáns, e identificar un cambio de tema.

Comprender o significado global e as informacións relevantes de mensaxes gravadas sinxelas que relaten experiencias persoais e predicibles, articuladas lentamente e nunha linguaxe estándar.

Comprender a información esencial en exposicións e presentacións públicas breves e sinxelas, referidas a temas habituais e coñecidos.

Comprender o sentido xeral e a información esencial predicible de textos audiovisuais sinxelos, cando exista o apoio de imaxes moi redundantes.

2.2. Actividades de produción e coprodución de textos orais

Desenvolverse nas relacións sociais habituais de xeito sinxelo pero eficaz, utilizando e recoñecendo fórmulas habituais de inicio e peche da conversa,

tomando a palabra con cortesía, utilizando expresións básicas moi habituais adecuadas á situación e ás persoas interlocutoras.

Desenvolverse en actividades habituais e transaccións e xestións cotiás, sinxelas, propias de situacións e temas coñecidos, facéndose entender ofrecendo ou solicitando información básica.

Describir nun monólogo, de forma breve e sinxela, accións, persoas, lugares e obxectos, respondendo a preguntas breves e sinxelas dos/as oíntes, se llas repiten e se lle axudan coas respostas.

Expoñer plans e formular hipóteses, de forma breve e sinxela, en conversas informais relacionadas con asuntos cotiás, e expresar de forma breve a opinión, as crenzas ou as suxestións sobre un tema coñecido.

Solicitar a colaboración da persoa interlocutora e utilizar estratexias para asegurar a comunicación.

2.3. Actividades de comprensión de textos escritos

Comprender o sentido global e localizar información relevante e predicible en textos breves e sinxelos, en lingua estándar, e relacionados con temas da súa experiencia, especialmente se contan con apoio visual.

Comprender tipos básicos de correspondencia sobre temas cotiás.

Comprender as instrucións básicas de aparellos de uso moi frecuente.

Comprender textos instrutivos, descritivos e narrativos sinxelos, ben estruturados e en lingua estándar.

Utilizar estratexias que faciliten a comprensión recorrendo a claves lingüísticas e non lingüísticas.

2.4. Actividades produción e coprodución de textos escritos

Intercambiar información concreta e sinxela sobre aspectos cotiás e habituais nos diferentes ámbitos de actividade social.

Describir de forma sinxela lugares, obxectos e persoas, e narrar experiencias relacionadas con temas cotiás.

Intercambiar correspondencia breve e sinxela, sobre temas predicibles relacionados coa experiencia persoal, nun rexistro axeitado á situación de comunicación.

Utilizar elementos coñecidos lidos nun texto escrito para elaborar os propios textos, e organizar estes de acordo con textos modelo.

2.5. Actividades de mediación

Ser capaz de actuar tendo en conta os aspectos básicos xerais da comunidade de falantes, aínda que poida cometer incorreccións no seu comportamento.

Identificar, aplicando as estratexias necesarias, a información clave que debe transmitir, así como as intencións básicas dos/as emisores/as e receptores/as cando este aspecto é relevante.

Mediar en situacións moi cotiás, nas que o discurso se articule con lentitude e claridade, transmitindo o sentido xeral e a información esencial, aínda que sexa preciso pedir repeticións ou reformulacións.

Repetir ou reformular o dito de maneira máis sinxela para facerlle máis comprensible a mensaxe ás persoas receptoras, podendo axudarse de elementos non lingüísticos ou da colaboración doutras persoas.

Tomar notas moi breves coa información necesaria que considera importante trasladarles ás persoas destinatarias, podendo facer preguntas sinxelas para obter esta información.

3. Secuenciación e temporalización dos contidos

3.1. Competencias comunicativas

3.1.1. Competencias pragmáticas

As competencias pragmáticas refírense ao coñecemento que posúe o alumnado dos principios segundo os cales as mensaxes se organizan, se estruturan e se ordenan para realizar funcións comunicativas.

a) Contidos funcionais

Fan referencia aos expoñentes que o alumnado precisa para desenvolver as funcións comunicativas nos diferentes contextos. Os expoñentes das funcións que se relacionan deberán adaptarse ás características propias de cada idioma, á organización de cada nivel e ás necesidades e dificultades de aprendizaxe do alumnado. No nivel A2 desenvolveremos os contidos que aparecen secuenciados segundo as unidades do libro de texto *English File A1/A2 (fourth edition)* da editorial Oxford e da seguinte forma:

1º cuadrimestre:

Unidade 1

Presentarse a un mesmo e a outras persoas

Dar e pedir información persoal

Expresar posesión

Rexistrarse nun hotel

Unidade 2

Identificar e describir obxectos

Descibir unha habitación
Expresar sensacións e sentimentos

Unidade 3

Expresar rutina
Falar de actividades que se fan en días laborais e durante a fin de semana
Realizar intercambios comunicativos nun contexto informal
Mostrar interese
Facer preguntas empregando pronomes interrogativos
Pedir nunha cafetería

Unidade 4

Expresar rutinas
Expresar frecuencia
Expresar posesión
Conversar ensinando fotos no móbil
Manter unha conversa sobre un artigo de revista

Unidade 5

Dar e pedir permiso
Expresar habilidades
Comparar dúas imaxes e atopar as diferenzas
Falar do tempo atmosférico e das estacións do ano
Desculparse
Mercar roupa

2º cuadrimestre

Unidade 6

Expresar preferencias
Expresar a data
Entrevistar a un compañeiro facendo un cuestionario musical

Unidade 7

Contar unha experiencia
Situar o relato no tempo
Dar e pedir información sobre feitos pasados
Expresar dirección

Unidade 8

Entrevistar ao sospeitoso dun asasinato
Descibir unha casa
Expresar localización e movemento

Unidade 9

Falar sobre alimentos
Facer comparacións
Invitar a comer fóra e pedir nun restaurante
Preguntar e responder a un cuestionario sobre alimentación

Unidade 10

Conversar sobre unha localidade adoptando o papel de turista
Expresar plans futuros
Facer predicións

Unidade 11

Falar sobre outra cidade ou país
Expresar desexos
Falar sobre as distintas formas de utilizar Internet
Desprazarse ao aeroporto, transporte público e despedidas

Unidade 12

Falar sobre libros e películas
Falar sobre a entrevista a un actor
Falar de experiencias vividas

Farase especial énfase nas unidades 1 á 10 co obxectivo de asentar estes contidos e as bases necesarias para o próximo nivel. Por conseguinte, os contidos das unidades 11 e 12 serán tratados en base ás necesidades que presente o alumnado trala finalización da unidade 10.

Usos sociais da lingua:

Saudar e despedirse
Presentarse ou presentar a alguén
Dirixirse a alguén
Pedir desculpas
Agradecer
Felicitar
Convidar
Interesarse por persoas
Reaccionar ante unha información con expresións que manifesten o sentimento adecuado á situación
Iniciar e concluír unha conversa telefónica moi sinxela e breve.

Control da comunicación:

Manifestar comprensión e falta de comprensión
Pedirle confirmación da comprensión á persoa interlocutora
Preguntar o significado dunha palabra ou expresión
Reformular unha palabra ou expresión para facilitar a comprensión

Información xeral:

Describir persoas, obxectos e lugares

Referirse a accións e situacións presentes e pasadas

Expoñer proxectos e formular hipóteses

Opinións e valoracións:

Valorar un feito

Xustificar de maneira moi sinxela unha opinión ou unha actividade

Expresar coñecemento ou descoñecemento

Estados de saúde, sensacións e sentimentos:

Expresar estados de ánimo

Petición de instrucións e suxestións:

Pedir e ofrecer axuda, obxectos e servizos

Suxerir unha actividade

b) Contidos discursivos

Fan referencia ao coñecemento, comprensión e aplicación das competencias discursivas básicas que lle permitan ao alumnado producir e comprender, en situacións moi habituais, textos coherentes con respecto ao contexto en que se producen e que presenten unha cohesión interna que facilite a súa comprensión. A complexidade da tipoloxía de textos que se relaciona deberá adaptarse ás características propias de cada idioma, á organización de cada nivel, ás necesidades e dificultades de aprendizaxe do alumnado e ás distintas actividades de lingua.

- **Coherencia e cohesión**

Coherencia: asociación de enunciados simples e memorizados coas situacións en que é adecuado utilizalos; selección do léxico e das estruturas adecuadas para acadar o propósito comunicativo; adaptación ás características e ao formato dos textos escritos a que se enfronta.

Cohesión: utilización de recursos moi sinxelos para iniciar, desenvolver ou rematar un texto escrito; utilización dos recursos máis básicos de puntuación; mantemento, de forma incipiente, da concordancia na estrutura do texto para enmarcar a mensaxe.

- **Tipoloxía de textos**

Traballarase a seguinte tipoloxía de textos escritos e orais, seguindo estas unidades:

1º cuadrimestre

Unidade 1

Presentacións, dar e solicitar información persoal con textos orais ou escritos sinxelos

Formularios

Solicitudes

Conversa cara á cara na recepción dun hotel

Presentacións públicas

Unidade 2

Descrición sinxela de espazos de estudo ou traballo

Descrición física de persoas e obxectos

Expresión de estados de ánimo

Unidade 3

Descrición sinxela da cultura dun país

Conversa sobre rutinas

Axendas e diarios

Creación dun perfil en redes sociais con información persoal

Cartas de cafetería

Conversa nun restaurante ou cafetería

Horarios e a hora

Unidade 4

Descrición da unidade familiar

Descrición da rutina familiar

Artigos para unha revista

Entrevistas sobre hábitos e costumes

Unidade 5

Expresión de habilidades.

Programacións de radio e televisión

Descrición de actividades e sucesos en tempo real.

Informacións meteorolóxicas

Publicacións sinxelas en redes sociais

Conversas telefónicas sinxelas

Conversa nunha tenda de roupa

2º cuadrimestre

Unidade 6

Conversa sobre hábitos de lectura e gustos musicais.

Conversa sobre o tempo.

Enquisa sobre gustos musicais

Correspondencia persoal de rexistro informal (cartas, postais, mensaxes electrónicas...)

Notas e mensaxes

Unidade 7

Biografías

Descrición de accións no pasado

Descrición oral e escrita dun evento no pasado

Conversa para pedir e dar direccións

Unidade 8

Simulación dun interrogatorio policial

Descrición do fogar e vivenda

Unidade 9

Conversa sobre preferencias alimentarias

Etiquetas de produtos e embalaxes, de tipo sinxelo

Instrucións sinxelas para a elaboración dunha receita de cociña

Receitas de cociña moi sinxelas

Elaboración de preguntas e respostas para un concurso

Invitación a un restaurante

Diálogo nun restaurante

Cartas de restaurantes e menús

Listaxes (ingredientes)

Unidade 10

Anuncio publicitario con información turística sobre unha cidade

Planificación dunhas vacacións

Suxestións

Folletos informativos ou publicitarios

Listaxes (facendo a maleta)

Predicións no futuro

Unidade 11

Bitácoras de viaxe

Listaxes (desexos no futuro)

Listaxes (usos da internet)

Carteis, letreiros e sinais nun aeroporto

Unidade 12

Carteleiras de espectáculos

Descrición sinxela de experiencias vividas.

Ao longo destas unidades, traballaranse estes textos orais e escritos a través de actividades auditivas, de mediación, ou escritas. Poderán ser de produción ou de comprensión. En xeral, os textos son sinxelos e breves. As conversas cara a cara estarán incluídas en todas as unidades mais con temáticas diferentes.

3.1.2. Competencias sociolingüísticas

Un enfoque centrado no uso do idioma supón necesariamente a súa dimensión social. Para que a comunicación sexa eficaz, o usuario da lingua non só ten que

coñecer os recursos dispoñibles, senón tamén saber utilizalos axeitadamente en cada contexto. Neste sentido, enténdese que a competencia sociolingüística consiste na capacidade do usuario de interpretar e comportarse de forma axeitada en diferentes situacións.

O alumnado debe adquirir as competencias sociolingüísticas que lle permita comunicarse con efectividade ao nivel especificado. Entre estas competencias encóntranse o coñecemento, o discernimento e o uso de marcadores lingüísticos de relacións sociais, fórmulas de tratamento, saúdos e normas de cortesía.

Ao final do segundo curso do nivel básico, o alumnado estará en condicións de desenvolverse axeitadamente en intercambios sociais moi breves no ámbito das relacións persoais, utilizando fórmulas cotiás de saúdo e tratamento, e amosarán de maneira adecuada a linguaxe corporal que corresponda. Estarán en condicións, por exemplo, de realizar invitacións, suxestións, pedir desculpas e responder a elas.

Así mesmo, estarán en condicións de realizar funcións básicas da lingua como intercambiar e demandar información e responder a ela, ou expresar opinións e actitudes de xeito sinxelo en contextos relacionados coas condicións de vida. Ademais, estarán en condicións de desenvolverse nas relacións sociais de modo sinxelo pero con eficacia: utilizando as expresións máis sinxelas e correntes, seguindo fórmulas básicas, coñecendo as correspondentes convencións sociais, sabendo tomar a palabra, etc.

3.1.3. Competencias lingüísticas

a) Contidos léxicos-semánticos

Comprensión do léxico escrito máis básico e de uso máis común relativo a identificación persoal; vivenda, fogar e contorna; relacións familiares e sociais; traballo e profesións; servizos públicos; tempo libre e ocio; alimentación; viaxes; información e medios de comunicación; compras e actividades comerciais; saúde e coidados físicos; clima, condicións atmosféricas e ambiente; tecnoloxía. Estes temas estarán distribuídos seguindo o libro *English File A1/A2 (fourth edition)*.

1º cuadrimestre

Unidade 1

Identificación persoal

Días da semana

Números 0-100

Países e nacionalidades

Obxectos na aula

Hoteis

Unidade 2

Cores

Obxectos persoais
Sentimentos

Unidade 3

Ocio e tempo libre
Traballo e profesións
Horarios

Unidade 4

Relacións familiares e sociais
Rutina diaria / frecuencia

Unidade 5

Clima, condicións atmosféricas e ambiente
Vivenda, fogar e contorna
Compras e actividades comerciais
Roupa

2º cuadrimestre:

Unidade 6

Música
Datas
Condicións atmosféricas

Unidade 7

Biografías
Experiencias no pasado

Unidade 8

Vivenda e fogar

Unidade 9

Alimentación
Restaurantes
Saúde e coidados físicos
Números a partir de 100

Unidade 10

Tipos de aloxamento
Contorna
Indicacións
Vacacións

Unidade 11

Viaxes
Información, medios de comunicación e tecnoloxía

Aeroportos e servizos públicos

Unidade 12

Cine e televisión

b) **Contidos gramaticais**

1º cuadrimestre

Unidade 1

Verbo *to be* en afirmativa, negativa e interrogativa.

Pronomes suxeito

Adxectivos posesivos

Unidade 2

Plural

Adxectivos para describir obxectos e sentimentos

Adxectivos sinxelos

Imperativo

Let's para suxestións

Unidade 3

Presente simple

Orde nas preguntas

Unidade 4

Preposicións de tempo e lugar

Xenitivo Saxón

Adverbios e expresións de frecuencia

Unidade 5

Verbos modais para expresar habilidade

Presente continuo

2º cuadrimestre

Unidade 6

Contraste entre o presente simple e continuo

Pronomes obxecto

Expresión dos gustos con *like*

Unidade 7

Pasado simple: verbos regulares e irregulares

Formación de palabras

Unidade 8

Pasado simple: verbos regulares e irregulares

There is/are.

There was/were

Some/any con substantivos plurais

Unidade 9

Substantivos contables e incontables

a/an, some/any

Grao de cantidade (*very, much, many, etc*)

Adxectivos comparativos

Unidade 10

Adxectivos superlativos

Futuro: *be going to* (plans e predicións)

Unidade 11

Adverbios (modo e modificadores)

Verbos con infinitivo con *to*

Artigos

Unidade 12

Repaso da construción da interrogativa

c) Contidos fonéticos

Fan referencia á capacidade do alumnado para recoñecer, seleccionar e producir os patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso máis común, así como os elementos gráficos e as convencións ortográficas máis elementais para comprender os significados e intencións comunicativas xerais asociados a eles. Os contidos que se relacionan deberán adaptarse ás características propias de cada idioma, á organización de cada nivel, ás necesidades e dificultades de aprendizaxe do alumnado e ás actividades de lingua. Estes contidos impartiranse seguindo o libro *English File A1/A2*, como se indica a continuación:

1º cuadrimestre

Unidade 1

O alfabeto

Os sons vocálicos /i:/, /ɪ/, /e/, /æ/, /ə/, /u:/, /ɑ:/

Os sons consonánticos /tʃ/, /ʃ/, /dʒ/

Ditongos /əʊ/, /eɪ/

Entoación

Unidade 2

Sons vocálicos curtos e longos /i:/, /ɪ/, /æ/, /ɑ:/, /ɒ/, /ɔ:/, /ʊ/, /u:/.

Pronunciación do plural /s/, /z/, /ɪz/

Pronunciación da grafía 'th' cos fonemas /ð/, /θ/.

Unidade 3

Sons vocálicos /ɜ:/

Pronunciación da 3ª persoa singular do presente simple /s/, /z/, /ɪz /
Entoación nas frases interrogativas

Unidade 4

Sons vocálicos para a grafía 'o' cos fonemas /ʌ/, /ɒ/, /u:/, /əʊ/.

Pronunciación ligada.

Pronunciación da grafía 'h' co fonema /h/.

Unidade 5

Formas forte e débil do modal "can" en afirmativo, interrogativo e negativo

Son consonántico /ŋ/

2º cuadrimestre

Unidade 6

Sons vocálicos /i:/ e /ɪ/

Ditongo /aɪ/

Pronunciación do son /θ/ nos números ordinais

Pronunciación do son semiconsonántico /j/

Unidade 7

Entoación

Pronunciación da terminación de pasado simple /d/, /t/, /ɪd/.

Unidade 8

Pronunciación das formas irregulares de pasado simple.

Pronunciación dos ditongos /eə/ e /ɪə /.

Palabras con letras mudas.

Unidade 9

Pronunciación da grafía 'ea' cos fonemas /i:/, /e/ ou /eɪ/

Diferenza entre /s/ e /ʃ/

O son /ə/ na frase

Unidade 10

Grupos consonánticos.

Entoación

Sons da grafía 'oo' cos fonemas /ʊ/, /u:/.

Unidade 11

Acentuación na palabra.

Entoación para suxestións, invitacións e ofrecementos.

Unidade 12

Entoación

Pronunciación dos participios irregulares.

Revisión dos fonemas /u:/, /ɜ:/, /eɪ/, /e/, /ɔʃ/, /h/, /θ/, e /ʃ/.

d) Contidos ortográficos

Os seguintes contidos ortográficos estarán presentes ao longo de todo o curso:

Representación gráfica de fonemas e sons.

Ortografía das palabras estranxeiras de uso moi frecuente

Ortografía do vocabulario máis usual

Estrutura silábica

Usos básicos dos signos ortográficos e de puntuación máis frecuentes

Usos básicos das maiúsculas e das minúsculas

3.2. Competencias socioculturais

Fan referencia ao coñecemento e aplicación dos recursos que lle permitan ao alumnado comportarse e comunicarse con efectividade en diferentes situacións, tendo en conta os aspectos socioculturais e sociolingüísticos máis básicos relativos aos diferentes ámbitos. Estes contidos deben enmarcarse nunha perspectiva intercultural e deberán estar integrados nas diferentes áreas temáticas á hora de elaborar os materiais didácticos.

Vida cotiá: horarios e hábitos de comida, horarios e costumes relacionados co traballo, actividades de lecer...

Condicións de vida: vivenda, condicións laborais, transporte...

Relacións persoais: relacións sociais, familiares, profesionais...

Linguaxe corporal: expresións faciais, acenos, distancia interpersonal, contacto visual, calidade de voz (ton, volume...)

Convencións sociais: fórmulas de cortesía en situacións da vida cotiá, vestiario...

3.3. Competencias estratéxicas

Fan referencia ao coñecemento e aplicación dos recursos que lle permitan ao alumnado comportarse e comunicarse con efectividade en diferentes situacións, tendo en conta os aspectos socioculturais e sociolingüísticos máis básicos relativos aos diferentes ámbitos. Estes contidos deben enmarcarse nunha perspectiva intercultural e deberán estar integrados nas diferentes áreas temáticas á hora de elaborar os materiais didácticos.

1. **As estratexias de aprendizaxe** danlle ao alumnado a posibilidade de regular a súa aprendizaxe, así como de transformar e xestionar a nova información da lingua obxecto de estudo. Así o alumnado poderá:

Determinar os requirimentos da tarefa e avaliar os propios coñecementos e recursos lingüísticos para desenvolvela.

Identificar o tipo de texto para adaptarse á súa comprensión.

Distinguir o tipo de comprensión (sentido xeral, información específica...).

Formular hipóteses sobre o contido, baseándose nos seus coñecementos.

Planificar o desenvolvemento da tarefa tendo en conta a situación de comunicación e o obxectivo que se pretende acadar.

Planificar a estrutura básica do texto.

Ensaiar o texto oral ou escrito.

Adecuar de forma básica o texto oral ou escrito á persoa destinataria, ao contexto e á canle.

Aproveitar os coñecementos previos.

2. **As estratexias de comunicación** permiten mobilizar os propios recursos para poñer en funcionamento as actividades de lingua, así como establecer e manter a comunicación cos medios lingüísticos dispoñibles. Así, o alumnado poderá:

Probar novas expresións.

Utilizar estratexias sinxelas para comezar, manter ou rematar unha conversa breve.

Cooperar coa persoa interlocutora para facilitar a comprensión mutua.

Deducir o significado de palabras ou frases a partir do contexto.

Compensar as carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos ou extralingüísticos.

Efectuar, de forma básica, as aclaracións e correccións necesarias para compensar dificultades e malentendidos na comunicación.

Consultar as posibles dúbidas e corrixir os erros.

Comprobar hipóteses.

Reformular hipóteses a partir da comprensión de novos elementos.

Memorizar palabras e estruturas novas aprendidas.

Valorar se se conseguiron ou non os obxectivos propostos.

4. Avaliación

4.1. Criterios de cualificación e mínimos esixibles

4.1.1. Criterios de cualificación

A proba de certificación consta de catro actividades de lingua:

- Comprensión de textos escritos
- Producción, coproducción e mediación escrita
- Comprensión de textos orais
- Producción, coproducción e mediación oral.

A cualificación outorgada será APTO, NON APTO ou NON PRESENTADO, segundo corresponda.

A cualificación será APTO cando se obteña un mínimo de 15 puntos de 25 (o 60%) en cada unha das actividades de lingua; é necesario aprobar todas e cada unha das actividades de lingua para superar a proba de certificación. A puntuación máxima total das catro actividades de lingua ascende a 100 puntos, correspondendo 25 puntos a cada unha.

Avaliarase o progreso e logro de obxectivos do alumnado de forma frecuente e interactiva mediante procesos de observación na aula e recollida e avaliación de tarefas. O profesorado informará ó alumnado sobre o seu progreso

O alumnado presencial que se presente á convocatoria extraordinaria só terá que examinarse das actividades de lingua non aprobadas ou non presentadas na convocatoria ordinaria.

De non obteren a cualificación de APTO en todas as actividades de lingua na convocatoria extraordinaria, as persoas candidatas deberán presentarse de novo en convocatorias posteriores ás probas de certificación para seren avaliadas de todas as actividades de lingua. As persoas candidatas que obteñan a cualificación de NON APTO na proba de certificación, se aprobaron algunha/s actividade/s de lingua, poderán solicitar unha certificación académica de que acadaron o dominio requirido na/s actividade/s de lingua aprobada/s.

4.1.2. Mínimos esixibles

É quen de comprender o sentido xeral de textos sinxelos que falen sobre temas básicos e recoñece o léxico oral básico sobre temas frecuentes e necesidades esenciais e deducir o significado do que non coñece, articulado lentamente e nunha linguaxe estándar e tamén de distinguir os sons, pronunciacións e entoacións máis comúns.

É quen de producir un texto oral moi breve e sinxelo. Pode utilizar estruturas sintácticas moi sinxelas e frecuentes empregando expresións sinxelas e fixas para comunicarse comprensiblemente, aínda que reformule, dubide e faga pausas.

É capaz, de xeito sinxelo, de interactuar en conversas breves, de xeito lento e claro, garantindo a comunicación, aínda que presente erros.

É quen de saber empregar un conxunto de léxico elemental que lle permita dar ou obter información sobre temas frecuentes e necesidades esenciais, garantindo a comunicación, aínda que presente erros.

É capaz de pronunciar e entoar con suficiente claridade, con acento estranxeiro e cometendo erros que non impidan a comunicación.

É quen de producir un texto oral moi breve e sinxelo utilizando estruturas sintácticas moi sinxelas e frecuentes.

É capaz de empregar expresións sinxelas e fixas para comunicarse comprensiblemente, aínda que reformule, dubide e faga pausas interactuando de xeito sinxelo en conversas breves garantindo a comunicación, aínda que presente erros

É quen de pronunciar e entoar con suficiente claridade, con acento estranxeiro e cometendo erros que non impidan a comunicación.

É capaz de recoñecer a empregar expresións sinxelas e fixas para comunicarse comprensiblemente, aínda que reformule, dubide e faga pausas e sabe empregar

un conxunto de léxico elemental que lle permita dar ou obter información elemental que debe transmitir e as intencións elementais dos emisores ou receptores.

É **quen** de refacer para que sexa máis simple e comprensible o que se dixo, coa axuda doutras persoas ou de elementos paralingüísticos

4.2. Procedementos e instrumentos de avaliación

A avaliación terá por obxecto cualificar e certificar o nivel de competencia comunicativa adquirido polo alumnado como resultado do seu proceso de aprendizaxe.

Haberá diferentes modalidades ao longo do curso

Avaliación inicial (ou de diagnóstico): o profesorado a inicio de curso fará unha avaliación de diagnóstico para coñecer o nivel e as características do seu alumnado.

Avaliación de progreso (ou formativa): nesta modalidade tanto profesorado como alumnado poden observar, reflexionar e valorar o proceso de aprendizaxe. Avaliarase o progreso e logro de obxectivos do alumnado de forma frecuente e interactiva mediante procesos de observación na aula e recollida e avaliación de tarefas. O profesorado informará ó alumnado sobre o seu progreso a través de tarefas específicas que teñan en conta as catro destrezas.

Avaliación certificadora: O alumnado oficial terá dúas convocatorias no mes de maio/xuño para certificar o nivel. O alumnado libre terá unha convocatoria para certificar o nivel, en febreiro. A cualificación positiva final conducirá á obtención do certificado do nivel A2 e permitirá o acceso ao seguinte nivel.

Autoavaliación: sendo a autoavaliación un instrumento importante no proceso de ensino-aprendizaxe fomentárase a autoavaliación tanto do profesorado como do alumnado. O profesorado poderá saber si acadou os obxectivos marcados e si precisa facer cambios na programación para acadar ditos obxectivos e o alumnado desenvolve a capacidade de ser responsable ante o seu propio proceso de aprendizaxe. O profesorado motivará ó alumnado a realizar as distintas actividades de autoavaliación que proporciona o libro de texto.

4.3. Criterios de avaliación

4.3.1. Actividades de comprensión de textos orais

Coñece e aplica á comprensión do sentido xeral e da información esencial do texto, extraendo claves para interpretalo, os aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos relativos á vida cotiá, ás condicións de vida, ás relacións persoais e ás convencións sociais das culturas en que se usa o idioma.

Sabe aplicar as estratexias máis adecuadas en cada caso para a comprensión do sentido xeral e da información esencial do texto.

Distingue a función ou funcións comunicativas máis relevantes do texto e un repertorio común dos seus expoñentes, así como os patróns discursivos básicos relativos á organización textual.

Aplica á comprensión do texto os coñecementos sobre os constituíntes e a organización dos patróns sintácticos de uso frecuente na comunicación oral.

Recoñece o léxico oral básico e de uso común relativo a temas frecuentes ou a necesidades inmediatas e aspectos do ámbito persoal, e pode deducir do contexto e do co-texto o significado probable de palabras ou frases que descoñece.

Discrimina os patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso máis común, e comprende os significados e intencións comunicativas xerais asociados a eles.

4.3.2. Actividades de produción e coprodución de textos orais

Aplica á produción do texto oral, tanto monolóxico como dialóxico, os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos elementais adquiridos, respectando as normas de cortesía máis básicas e sinxelas.

Coñece e sabe aplicar estratexias moi básicas para producir textos orais moi breves e de estruturas sinxelas e habituais, utilizando unha serie de procedementos sinxelos para reformular a mensaxe e reparar a comunicación.

Leva a cabo as funcións principais demandadas polo propósito comunicativo, utilizando un repertorio común dos seus expoñentes e seguindo os patróns discursivos básicos.

Manexa un repertorio básico de expresións sinxelas e fixas que lle permiten comunicarse de forma comprensible, con pausas, titubeos e reformulacións.

Interactúa de maneira sinxela en intercambios caracterizados por intervencións breves e significativas, articuladas de forma lenta e clara, facendo preguntas e dando respostas para asegurar a comunicación e usando rutinas moi habituais para iniciar e pechar a quenda de palabra, aínda que pode presentar algunhas incorreccións que non imposibilitan a comunicación.

Utiliza estruturas sintácticas sinxelas e de uso frecuente e emprega os recursos de cohesión textual básicos (entoación, repetición léxica e conectores moi comúns) para enlazar grupos de palabras e crear secuencias moi sinxelas.

Coñece e utiliza adecuadamente un repertorio léxico oral básico, suficiente para dar e obter información sobre temas moi frecuentes ou necesidades inmediatas e aspectos do ámbito persoal, utilizando normas básicas e sinxelas de cortesía e expresións temporais sinxelas relacionadas co pasado e co futuro, aínda que pode presentar algunhas incorreccións que non imposibilitan a comunicación.

Pronuncia e entoa de maneira suficientemente clara, aínda que resulte moi evidente o acento estranxeiro ou cometa erros que non imposibiliten a comunicación e sexa necesaria a colaboración do interlocutor ou da interlocutora.

4.3.3. Actividades de comprensión de textos escritos

Coñece e aplica á comprensión do texto, extraendo claves para interpretalo, os aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos relativos á comunicación escrita nas culturas en que se usa o idioma.

Sabe aplicar as estratexias máis adecuadas en cada caso para a comprensión do sentido xeral e da información esencial do texto.

Distingue a función ou funcións comunicativas máis relevantes do texto e un repertorio común dos seus expoñentes, así como os patróns discursivos básicos relativos á organización, desenvolvemento e conclusión propios do texto escrito segundo o seu xénero e tipo.

Coñece os constituíntes e a organización de estruturas sintácticas de uso frecuente na comunicación escrita, segundo o xénero e o tipo de texto.

Comprende o léxico escrito básico e de uso común relativo a temas frecuentes ou a necesidades inmediatas e aspectos do ámbito persoal, e pode deducir do contexto e do co-texto o significado probable de palabras ou frases que descoñece.

Recoñece os valores e significados asociados ás convencións de formato, tipográficas, ortográficas e de puntuación de uso máis común.

4.3.4. Actividades produción e coprodución de textos escritos

Aplica á produción e coprodución do texto escrito os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos elementais adquiridos, respectando as normas de cortesía máis básicas e sinxelas.

Coñece e sabe aplicar estratexias moi básicas para producir textos escritos moi breves e de estruturas sinxelas e habituais, p. ex. copiando modelos de textos de características similares ou planificando e ensaiando o texto.

Leva a cabo as funcións principais demandadas polo propósito comunicativo, utilizando un repertorio común dos seus expoñentes e seguindo os patróns discursivos máis básicos para organizar o texto escrito segundo o seu xénero e tipo.

Utiliza estruturas sintácticas sinxelas e de uso frecuente e emprega os recursos de cohesión textual básicos (repetición léxica e conectores moi comúns) para enlazar grupos de palabras e crear secuencias moi sinxelas.

Coñece e utiliza adecuadamente un repertorio léxico escrito básico, suficiente para dar e obter información sobre temas moi frecuentes ou necesidades

inmediatas e aspectos do ámbito persoal, aínda que pode presentar algunhas incorreccións que non imposibilitan a comunicación.

Utiliza as regras ortográficas, os signos de puntuación e as convencións formais de uso máis común na redacción de textos en papel ou soporte dixital.

4.3.5. Actividades de mediación

Coñece os aspectos básicos xerais que caracterizan as comunidades de falantes correspondentes e é quen de actuar en consecuencia, aínda que poida cometer incorreccións no seu comportamento.

Identifica, aplicando as estratexias necesarias, a información clave que debe transmitir, así como as intencións básicas das persoas emisoras e receptoras cando este aspecto é relevante.

Repite ou reformula o dito de maneira máis sinxela para facerlles máis comprensible a mensaxe ás persoas destinatarias, podendo axudarse de elementos non lingüísticos ou da colaboración doutras persoas.

Toma notas moi breves coa información necesaria que considera importante trasladarlle ás persoas destinatarias, podendo facer preguntas sinxelas para obter esta información.

NIVEL INTERMEDIO

Descrición do nivel

O alumnado que supere o **nivel intermedio B1** poderá comunicarse en situacións cotiás (traballo, estudos, ocio...) e en contextos de lingua previsible, nun rexistro neutro –aínda que vacile, faga pausas e cometa algún erro– cunha razoable corrección, certa seguridade e eficacia; comprenderá sen dificultade os puntos principais de textos orais e escritos claros en lingua estándar en situacións coñecidas; será quen de producir textos sinxelos nos que xustifique brevemente opinións, pida aclaracións, explique brevemente un problema... O alumnado que acade este nivel disporá dun coñecemento básico da lingua, gozará dun repertorio amplo de estruturas morfosintácticas sinxelas e dominará o léxico común dos contextos comunicativos habituais e frecuentes.

O alumnado que supere o **nivel intermedio B2** poderá comunicarse sen esforzo con certo grao de fluidez e naturalidade en situacións habituais e específicas –sen erros importantes e cunha pronuncia clara–; posuirá conciencia lingüística suficiente para corrixirse e resolver ambigüidades; terá en conta a situación comunicativa para adaptarse ao rexistro; comprenderá textos orais e escritos de certa complexidade e distinguirá sen dificultade as ideas principais en textos de

carácter concreto e abstracto. Será quen de producir textos claros e detallados sobre temas xerais diversos, poderá defender puntos de vista sobre cuestións xerais, indicando os puntos a favor e en contra e buscando argumentos para as distintas opcións. O alumnado que acade este nivel disporá dun coñecemento da lingua suficiente para matizar e argumentar, gozará dun amplo repertorio de estruturas morfosintácticas variadas e algunhas complexas e disporá dunha riqueza léxica suficiente para expresarse, incluídas algunhas expresións idiomáticas de uso común.

NIVEL B1

1. Obxectivos xerais

Unha vez adquiridas as competencias correspondentes ao nivel intermedio B1, o alumnado será capaz de:

1.1. Actividades de comprensión de textos orais

Comprender as principais ideas, a información esencial, os puntos principais, os detalles máis relevantes e as opinións e actitudes explícitas de interaccións breves ou de extensión media, articuladas con claridade, ben estruturadas e en lingua estándar, nas que se traten temas cotiáns relacionados cos ámbitos persoal e profesional.

Comprender en liñas xerais conferencias e presentacións ben organizadas e expostas con claridade, sobre temas coñecidos e emitidas cunha pronuncia estándar e clara.

Captar as ideas principais e detalles específicos de textos audiovisuais e doutro material gravado sinxelo que traten temas coñecidos ou de interese persoal, articulados con relativa lentitude e claridade.

Comprender información técnica sinxela o suficiente para poder seguir as instrucións de funcionamento de aparellos de uso frecuente.

Utilizar estratexias que faciliten a comprensión, recorrendo a claves lingüísticas e non lingüísticas.

1.2. Actividades de produción e coprodución de textos orais

Establecer, manter e cerrar adecuadamente contactos sociais e interaccións sinxelas, á cara, sobre temas habituais, de interese persoal e profesional, con eficacia no logro do propósito de comunicación, cunha pronuncia claramente intelixible aínda que ás veces resulten evidentes o acento estranxeiro, as pausas e sexa necesaria certa cooperación do interlocutor.

Interaccionar con corrección sociolingüística, certa naturalidade e relativa fluidez, en lingua estándar, expresando de forma básica reaccións, actitudes e sentimentos, e dando instrucións ou solucións sobre temas cotiáns dos ámbitos persoal e profesional.

Participar espontaneamente en conversas informais sinxelas e habituais, para realizar xestións e transaccións relativas a necesidades inmediatas en situacións de comunicación comúns, con obxectivos concretos.

Intercambiar e contrastar opinións e explicar proxectos sinxelos ou plans, utilizando expresións fixas e estruturas idiomáticas moi frecuentes e un repertorio léxico básico propio do tema da interacción.

Realizar breves exposicións preparadas, con certa fluidez, mantendo o tema con coherencia e cohesión.

Solicitar a cooperación do interlocutor para verificar o logro do propósito comunicativo.

1.3. Actividades de comprensión de textos escritos

Identificar e comprender información relevante en material escrito de uso cotián en lingua estándar e ben estruturado, que non presente excesiva complexidade se non está relacionado co seu campo de especialización.

Comprender textos sinxelos sobre acontecementos, sentimentos, argumentos e opinións que traten temas relacionados co seu campo de interese.

Identificar as partes relevantes dun texto ou de varios en busca de información para realizar unha tarefa específica.

Comprender instrucións técnicas sinxelas escritas con claridade e presentadas coa axuda de soporte visual.

Comprender a información xeral e específica de textos auténticos, breves ou de extensión media, sobre temas diversos, coñecidos e sen complexidade, que vehiculen aspectos socioculturais dos países nos que se fala a lingua obxecto de estudo.

Utilizar estratexias que faciliten a comprensión mediante claves lingüísticas e non-lingüísticas.

1.4. Actividades produción e coprodución de textos escritos

Redactar textos sinxelos, coherentes e cohesionados, coidando os aspectos formais e a corrección ortográfica e de puntuación para que sexan comprensibles para o lector.

Escribir textos breves solicitando información e responder transmitindo información sinxela de carácter inmediato ou sobre temas habituais do ámbito profesional.

Escribir textos sinxelos -correspondencia, narracións e descricións-, que conteñan experiencias, sentimentos e acontecementos expresados con detalle.

Escribir informes e resumos breves en formato convencional para describir cuestións coñecidas do ámbito profesional, dando razóns e expoñendo de forma básica opinións, plans e accións.

1.5. Actividades de mediación

Mediar entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas, oralmente ou por escrito, transmitindo o sentido xeral da información e as opinións contidas nos textos fonte, sobre asuntos cotiáns do seu interese, en lingua estándar.

2. Obxectivos específicos

2.1. Actividades de comprensión de textos orais

Comprender con suficiente detalle anuncios e mensaxes que conteñan instrucións, indicacións ou outra información, transmitidas cara a cara ou por medios técnicos, relativas ao funcionamento de aparellos ou dispositivos de uso frecuente, á realización de actividades cotiás, ou ao seguimento de normas de actuación e de seguridade nos ámbitos público, educativo e ocupacional.

Comprender a intención e o sentido xerais, e os aspectos importantes, de declaracións breves e articuladas con claridade, en linguaxe estándar e a velocidade normal (p. ex. durante unha celebración privada ou unha cerimonia pública).

Comprender as ideas principais os detalles relevantes de presentacións, charlas ou conferencias breves e sinxelas que versen sobre temas coñecidos, de interese persoal ou da propia especialidade, sempre que o discurso estea articulado de maneira clara e nunha variedade estándar da lingua.

Entender, en transaccións e xestións cotiás e menos habituais, a exposición dun problema ou a solicitude de información respecto desta (p. ex. no caso dunha reclamación), sempre que se poida pedir confirmación sobre algúns detalles.

Comprender o sentido xeral, as ideas principais e os detalles relevantes dunha conversa ou discusión informal que ten lugar na súa presenza, sempre que o tema resulte coñecido, e o discurso estea articulado con claridade e nunha variedade estándar da lingua.

Comprender, nunha conversa ou nunha discusión informal en que participa, tanto de viva voz como por medios técnicos, descricións e narracións sobre asuntos prácticos da vida diaria e información específica relevante sobre temas xerais, de actualidade ou de interese persoal, e captar sentimentos como a sorpresa, o interese ou a indiferenza, sempre que non haxa interferencias acústicas e que as

persoas interlocutoras falen con claridade, amodo e directamente, eviten un uso moi idiomático da lingua e estean dispostas a repetir ou reformular o que dixeron.

Identificar os puntos principais e os detalles relevantes dunha conversa formal ou dun debate que se presencia, breve ou de duración media, e entre dúas ou máis persoas interlocutoras, sobre temas xerais, coñecidos, de actualidade ou do propio interese, sempre que as condicións acústicas sexan boas, que o discurso estea ben estruturado e articulado con claridade, nunha variedade de lingua estándar, e que non se faga un uso moi idiomático ou especializado da lingua.

Comprender, nunha conversa formal en que se participa, no ámbito público, académico ou ocupacional, e independentemente da canle, gran parte do que se di sobre actividades e procedementos cotiáns, e menos habituais se está relacionado co propio campo de especialización, sempre que os/as interlocutores/as eviten un uso moi idiomático da lingua e pronuncien con claridade, e cando se poidan formular preguntas para comprobar que se comprendeu o que o interlocutor ou a interlocutora quixo dicir e conseguir aclaracións sobre algúns detalles.

Comprender as ideas principais de programas de radio ou televisión, tales como anuncios publicitarios, boletíns informativos, entrevistas, reportaxes ou documentais, que tratan temas cotiáns, xerais, de actualidade, de interese persoal ou da propia especialidade, cando se articulan de forma relativamente lenta e clara.

Comprender moitas películas, series e programas de entretemento que se articulan con claridade e nunha linguaxe sinxela, nunha variedade estándar da lingua, e nos cales os elementos visuais e a acción conducen gran parte do argumento.

2.2. Actividades de produción e coprodución de textos orais

Facer declaracións públicas breves e ensaiadas, sobre un tema cotián dentro do propio campo ou de interese persoal, claramente intelixibles a pesar de ir acompañadas dun acento ou entoación claramente estranxeiros.

Facer presentacións preparadas, breves ou de extensión media, ben estruturadas e con apoio visual (gráficos, fotografías, transparencias ou diapositivas), sobre un tema xeral ou do propio interese ou especialidade, coa suficiente claridade como para que se poida seguir sen dificultade a maior parte do tempo e cuxas ideas principais estean explicadas cunha razoable precisión, así como responder a preguntas complementarias breves e sinxelas dos e das oíntes sobre o contido do que se presentou, aínda que é posible que teña que pedir que llas repitan, se se fala con rapidez.

Desenvolverse en transaccións comúns da vida cotiá como son as viaxes, o aloxamento, as comidas e as compras, así como enfrontarse a situacións menos habituais e explicar o motivo dun problema (p. ex. para facer unha reclamación ou realizar unha xestión administrativa de rutina), intercambiando, comprobando e

confirmando información co debido detalle, propoñendo os propios razoamentos e puntos de vista con claridade e seguindo as convencións socioculturais que demanda o contexto específico.

Participar con eficacia en conversas informais, cara á cara ou por teléfono ou outros medios técnicos, sobre temas cotiáns, de interese persoal ou pertinentes para a vida diaria (familia, afeccións, traballo, viaxes, feitos de actualidade...), en que se describen con certo detalle feitos, experiencias, sentimentos e reaccións, soños, esperanzas e ambicións, e se responde adecuadamente a sentimentos como a sorpresa, o interese ou a indiferenza; se contan historias, así como o argumento de libros e películas, indicando as propias reaccións; se ofrecen e piden opinións persoais; se fan comprensibles as propias opinións ou reaccións respecto ás solucións posibles de problemas ou cuestións prácticas e se invita a outras persoas a expresar os seus puntos de vista sobre a forma de proceder; se expresan con amabilidade crenzas, acordos e desacordos e se explican e xustifican de maneira sinxela opinións e plans.

Tomar a iniciativa en entrevistas ou consultas (p. ex. para propoñer un novo tema), aínda que se dependa moito da persoa entrevistadora durante a interacción, e utilizar un cuestionario preparado para realizar unha entrevista estruturada, con algunhas preguntas complementarias.

Tomar parte en conversas e discusións formais habituais, en situacións predicibles nos ámbitos público, educativo e ocupacional, sobre temas cotiáns e que supoñen un intercambio de información sobre feitos concretos ou nas cales se dan instrucións ou solucións a problemas prácticos, e propoñer nelas un punto de vista con claridade, ofrecendo breves razoamentos e explicacións de opinións, plans e accións, e reaccionado de forma sinxela ante os comentarios dos/as interlocutores/as, sempre que poida pedir que se repitan, aclaren ou elaboren os puntos clave, se é necesario.

2.3. Actividades de comprensión de textos escritos

Comprender con suficiente detalle, coa axuda da imaxe ou marcadores claros que articulen a mensaxe, anuncios, carteis, letreiros ou avisos sinxelos e escritos con claridade, que conteñan instrucións, indicacións ou outra información relativa ao funcionamento de aparellos ou dispositivos de uso frecuente, a realización de actividades cotiáns ou o seguimento de normas de actuación e de seguridade nos ámbitos público, educativo e ocupacional.

Localizar con facilidade e comprender información relevante formulada de maneira simple e clara en material escrito de carácter cotián ou relacionada con asuntos de interese persoal, educativo ou ocupacional (en anuncios, prospectos, catálogos, guías, folletos, programas, documentos oficiais breves...).

Entender información específica esencial en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta, en calquera soporte, claramente estruturados e sobre temas

xerais de interese persoal, académico ou ocupacional, sempre que se poidan reler as seccións difíciles.

Comprender notas e correspondencia persoal en calquera formato, e mensaxes en foros e blogs, nos que se dan instrucións ou indicacións; se transmite información procedente de terceiras persoas; se fala de si mesmo/a; se describen persoas, acontecementos, obxectos e lugares; se narran acontecementos pasados, presentes e futuros, reais ou imaxinarios e se expresan de maneira sinxela sentimentos, desexos e opinións sobre temas xerais, coñecidos ou de interese persoal.

Comprender información relevante en correspondencia formal de institucións públicas ou entidades privadas como centros de estudos, empresas ou compañías de servizos en que se informa de asuntos do propio interese (p. ex. en relación cunha oferta de traballo ou unha compra pola Internet).

Comprender o sentido xeral, a información principal, as ideas significativas e algún detalle relevante en noticias e artigos xornalísticos sinxelos e ben estruturados, breves ou de extensión media, sobre temas cotiáns, de actualidade ou do propio interese, e redactados nunha variante estándar da lingua, nunha linguaxe non moi idiomática ou especializada.

Comprender sen dificultade a liña argumental de historias de ficción, relatos, contos ou novelas curtas claramente estruturados, escritos nunha variedade estándar da lingua e nunha linguaxe sinxela, directa e non moi literaria, e facerse unha idea clara do carácter das distintas personaxes e as súas relacións, se están descritas de maneira sinxela e con detalles explícitos suficientes.

2.4. Actividades produción e coprodución de textos escritos

Completar un cuestionario con información persoal breve e sinxela relativa a datos básicos, intereses, afeccións, formación ou experiencia profesional, ou sobre preferencias, gustos ou opinións sobre produtos, servizos, actividades ou procedementos coñecidos ou de carácter cotián.

Escribir, nun formato convencional e en calquera soporte, un curriculum vitae breve, sinxelo e ben estruturado, no cal se sinalan os aspectos importantes de maneira esquemática e no cal se inclúe a información que se considera relevante en relación co propósito e a persoa destinataria específicos.

Escribir, en calquera soporte, notas, anuncios e mensaxes en que se transmite ou solicita información sinxela de carácter inmediato, ou opinións sobre aspectos persoais, académicos ou ocupacionais relacionados con actividades e situacións da vida cotiá, e nos cales se resaltan os aspectos que resultan importantes, respectando as convencións específicas deste tipo de textos e as normas de cortesía e, de ser o caso, da etiqueta.

Tomar notas, facendo unha listaxe dos aspectos importantes, durante unha conversa formal, presentación, conferencia ou charla sinxelas, sempre que o tema sexa coñecido e o discurso se formule de maneira simple e se articule con claridade, nunha variedade estándar da lingua.

Escribir correspondencia persoal e participar en chats, foros e blogs, sobre temas cotiáns, xerais, de actualidade ou do propio interese, e nos cales se pide ou se transmite información; se narran historias; se describen, con certo detalle, experiencias, acontecementos, sexan estes reais ou imaxinados, sentimentos, reaccións, desexos e aspiracións; se xustifican brevemente opinións e se explican plans, facendo ver os aspectos que se cren importantes, preguntando sobre problemas ou explicándoos con razoable precisión.

Escribir, en calquera soporte, correspondencia formal básica e breve dirixida a institucións públicas ou privadas e a empresas, en que se dá e se solicita información básica ou se realiza unha xestión sinxela (p. ex. unha reclamación), observando as principais convencións formais e características deste tipo de textos e respectando as normas fundamentais de cortesía e, de ser o caso, da etiqueta.

Escribir informes moi breves en formato convencional, con información sobre feitos comúns e os motivos de certas accións, nos ámbitos público, educativo ou ocupacional, facendo unha descrición simple de persoas, obxectos e lugares e sinalando os principais acontecementos de forma esquemática.

2.5. Actividades de mediación

Transmitirlles oralmente a terceiras persoas a idea xeral, os puntos principais e os detalles relevantes da información relativa a asuntos cotiáns e a temas de interese xeral, persoal ou de actualidade, contida en textos orais ou escritos (instrucións ou avisos, prospectos, folletos, correspondencia, presentacións, conversas, noticias...), sempre que os ditos textos teñan unha estrutura clara, estean articulados a unha velocidade lenta ou media ou escritos nunha linguaxe non especializada e presenten unha variedade estándar da lingua non moi idiomática.

Interpretar en situacións cotiás durante intercambios breves e sinxelos con amizades, familia, hóspedes ou anfitrións e anfitriñas, tanto no ámbito persoal como público (mentres se viaxa, en hoteis ou restaurantes, en eidos de ocio...), sempre que as persoas participantes falen amodo e claramente e poida pedir confirmación.

Interpretar durante intercambios simples, habituais e ben estruturados, de carácter meramente factual, en situacións formais (p. ex. durante unha entrevista de traballo breve e sinxela), sempre que poida prepararse de antemán e pedir confirmación e aclaracións segundo o necesite, e que as persoas participantes falen amodo, articulen con claridade e fagan pausas frecuentes para facilitar a interpretación.

Mediar en situacións cotiás e menos habituais (unha visita médica, xestións administrativas sinxelas, un problema doméstico...), escoitando e comprendendo os aspectos principais, transmitindo a información esencial e dando e pedindo opinión e suxestións sobre posibles solucións ou vías de actuación.

Tomar notas breves para terceiras persoas, recollendo, coa debida precisión, información específica e relevante de mensaxes (p. ex. telefónicas), anuncios ou instrucións articulados con claridade, sobre asuntos cotiáns ou coñecidos.

Tomar notas breves para terceiras persoas, recollendo instrucións ou facendo unha listaxe dos aspectos máis importantes, durante unha presentación, charla ou conversa breves e claramente estruturadas, sempre que o tema sexa coñecido e o discurso se formule dun modo sinxelo e se articule con claridade nunha variedade estándar da lingua.

Resumir breves fragmentos de información de diversas fontes, así como realizar paráfrases sinxelas de breves pasaxes escritas utilizando as palabras e a ordenación do texto orixinal.

Transmitir por escrito a idea xeral, os puntos principais e os detalles relevantes de fragmentos breves de información relativa a asuntos cotiáns e a temas de interese xeral, persoal ou de actualidade contidos en textos orais ou escritos (instrucións, noticias, conversas, correspondencia persoal...), sempre que os textos fonte teñan unha estrutura clara, estean articulados a unha velocidade lenta ou media ou estean escritos nunha linguaxe non especializada, e presenten unha variedade estándar da lingua non moi idiomática.

3. Secuenciación e temporalización dos contidos

3.1. Competencias comunicativas

3.1.1. Competencias pragmáticas

As competencias pragmáticas refírense ao coñecemento que posúe o alumnado dos principios segundo os cales as mensaxes se organizan, se estruturan e se ordenan para realizar funcións comunicativas.

a) Contidos funcionais

Os contidos funcionais preséntanse nunha listaxe que retoma as funcións previstas para o nivel básico, utilizándoas agora nun abano máis amplo de situacións e recursos e engadindo outras novas propias dun maior contacto coa lingua e cultura obxecto de estudo.

Os contidos funcionais responden aos obxectivos e fórmulanse en termos de expresión, pero considérase que inclúen tamén a comprensión e a interacción respectivas. No nivel B1 desenvolveremos os contidos que aparecen secuenciados segundo as unidades do libro de texto *English File A2/B1 (fourth edition)* da editorial Oxford e da seguinte forma:

1º cuadrimestre:

Unidade 1:

Facer presentacións

Falar acerca de rutinas, acción habituais e situación permanentes ou que están a acontecer

Distinguir entre situacións permanentes e temporais

Descrivir persoas (físico e carácter; o que levan posto): ilustracións e representacións pictóricas

Deletrear nomes

Unidade 2:

Narrar eventos e historias

Falar de accións en progreso no pasado

Falar do que fixeches nas vacacións

Unidade 3:

Falar de plans de futuro

Predicir o futuro

Planificar unha visita

Interaccionar nun restaurante

Descrivir obxectos e parafrasear

Unidade 4:

Falar de cousas recentes en contraste con eventos pasados

Facer de compras

Falar das tarefas do fogar

Unidade 5:

Comparar hábitos e estilos de vida pasados e presentes

A saúde e o corpo

Expresar suxestións

Falar de experiencias memorables

Descrivir o lugar onde se habita

Identificar pros e contras

2º cuadrimestre:

Unidade 6:

Facer predicións do futuro

Expresar a decisión

Facer ofertas

Facer promesas

Repasar os tempos verbais (presente, pasado e futuro)

Unidade 7:

Comprender como funciona algo
Falar de sentimentos e problemas
Comprender os acontecementos dun evento
Expresar a obriga, a prohibición e a necesidade
Falar da aprendizaxe de linguas

Unidade 8:

Dar e pedir consello
Expresar opinións e preferencias
Describir accións e situacións e as súas consecuencias
Referirse as condicións e aos seus resultados

Unidade 9:

Expresar os medos e as fobias
Falar de situacións hipotéticas
Dar e preguntar direccións para chegar a un sitio
Falar de acontecementos da vida

Unidade 10:

Expresar o movemento
Falar de rutinas diarias
Comprender información histórica
Expresar razóns e opinións

Unidade 11:

Expresar a posibilidade
Expresar o hábito no pasado
Identificar similitudes e diferenzas
Falar no teléfono

Os seguintes **usos sociais** da lingua desenvólvense ó longo de todo o curso académico a través das tarefas orais, conversas, etc. que se fan nas aulas:

Control da comunicación:

Solicitar a axuda ao interlocutor para facilitar a comprensión: por exemplo, falar, devagar, deletrear, repetir, preguntar o significado dunha palabra ou expresión.
Reformular, parafrasear, repetir, corrixir, explicar, sinalar, etc.
Encher con pausas ou expresións de dúbida mentres se busca o elemento que falta.

Información xeral:

Responder a preguntas ofrecendo información, confirmando, refutando, dubidando, expresando descoñecemento, etc.

Resumir, repetir e transmitir información.

Intercambiar información sobre asuntos cotiáns: actividades, normas, costumes, sucesos.

Coñecemento, opinións e valoracións:

Expresar intereses, preferencias e gustos (e contrarios).

Afirmar e negar algo.

Preguntar e expresar coñecemento e descoñecemento, seguridade e inseguridade.

Expresar reticencias, obxeccións.

Expresar aprobación e satisfacción ou os seus contrarios.

Expresar e contrastar opinións.

Desexos, sensacións e sentimentos: Sentimentos cara a outras persoas: agradecemento, afecto, admiración, etc.

Compartir sentimentos e reaccionar adecuadamente ante eles: acougar, dar azos, expresar condolencia, etc.

Eloxiar, facer cumprimentos e os seus contrarios.

Peticións

Acceder ou rexeitar agradecendo ou xustificando; acceder con reservas ou condicións.

Pedir, conceder e denegar permiso (con ou sen obxeccións).

Dar instrucións, avisos e ordes.

Aconsellar, recomendar e animar a facer algo.

Previr, advertir.

Transmitir unha petición.

Planificar unha actividade.

Invitar. Concertar unha cita.

Organización do discurso:

Dirixirse a alguén.

Iniciar a intervención en situacións formais e informais.

Pedir, tomar e ceder a palabra.

Reaccionar e cooperar na interacción.

Recoñecer e adecuarse ao esquema usual da interacción.

Introducir un tema en situacións formais e informais.

Introducir unha secuencia, unha anécdota ou unha opinión.

Enumerar, opoñer, exemplificar, aclarar aspectos, cambiar de tema, resumir.

Anunciar o peche do discurso e pechalo.

Relacionar e cohesionar o discurso.

Recoñecer e axustarse á estrutura das cartas e dos tipos de mensaxe utilizados.

Utilizar as convencións propias dos textos ou discursos que se manexan.

b) Contidos discursivos

- Coherencia e cohesión

Un enfoque centrado no uso do idioma supón considerar o texto como a unidade mínima de comunicación. Para que un texto teña validez desde o punto de vista comunicativo, debe ser coherente con respecto ao contexto en que se produce e debe presentar unha cohesión interna que facilite a súa comprensión. O alumnado deberá adquirir, daquela, as competencias discursivas que lle permitan producir e comprender textos atendendo á súa coherencia e cohesión.

Estes recursos entenderanse tanto para a expresión como para a comprensión.

Coherencia textual:

Ofrecer información suficiente e relevante para cumprir o propósito comunicativo.

Utilizar a variedade de lingua estándar.

Utilizar o rexistro formal ou informal segundo o requira a situación de comunicación.

Seleccionar con certa precisión o léxico e as estruturas sintácticas pertinentes para acadar o propósito comunicativo segundo o tema que se trate.

Adaptarse ás características, á organización básica e ao formato dos textos orais e escritos a que se enfronta ou que produce, recollidos na epígrafe Tipoloxía de textos.

Utilizar recursos lingüísticos adecuados para garantir a coherencia espazo-temporal.

Cohesión textual:

Iniciar, desenvolver e rematar textos en diferentes situacións de interacción escrita.

Iniciar, manter e rematar conversas en diferentes situacións de interacción oral.

Tomar, manter e ceder a quenda de palabra en diferentes situacións de interacción oral respectando as regras e as convencións.

Usar os conectadores básicos discursivos para iniciar, continuar, engadir, exemplificar e concluír.

Intentar manter a cohesión temática do texto utilizando recursos como a correferencia (por exemplo, o uso de artigos, pronomes, demostrativos, concordancias), a elipse, as repeticións, etc.

Organizar de xeito sinxelo o discurso de maneira que se distinga o tema principal dos temas secundarios.

Utilizar conectadores básicos para expresar relacións lóxicas tales como causa, consecuencia, finalidade, etc.

Recoñecer ou utilizar a reformulación como recurso para intentar garantir a comprensión nunha situación de comunicación.

Utilizar os patróns de entoación adecuándoos á situación comunicativa.

Utilizar con certa precisión os recursos básicos de puntuación adecuándoos ás regras e convencións propias dos textos recollidos na epígrafe Tipoloxía de textos

- **Tipoloxía de textos**

A palabra texto está empregada no currículo no sentido amplo e coas características que lle outorga o MECR: "O texto é calquera secuencia de discurso (falado ou escrito) relacionada cun ámbito específico e que durante a realización dunha tarefa constitúe o eixe dunha actividade de lingua, ben como apoio ou meta, ben como produto ou como proceso».

Os seguintes tipos de texto son tratados explicitamente no libro de texto *English File A2/B1 (fourth edition)*, aínda que moitos deles serán tamén traballados coa axuda de materiais reais, tarefas obtidas doutros libros tales como *Speak Out Pre-Intermediate*, *Outcomes Pre-intermediate*, *Empower Pre-Intermediate* etc. e o uso das novas tecnoloxías.

Os textos corresponden cas destrezas a) orais e b) escritas.

1º cuadrimestre:

Unidade 1:

a) Orais

Intercambiar información persoal

Descibir persoas

Descibir unha foto ou cadro

Deletrear nomes

Conversa coa recepción dun hotel

Conversación entre amigos nun bar

b) Escritas

Un artigo de revista: *Please date my dad!*

Completar información sobre un compañeiro ou compañeira

Descrición persoal

Unidade 2:

a) Orais

Falar das últimas vacacións

Falar sobre o que se precisa para ir de vacacións

Escoitar a descrición de fotos nunha rede social

Escoitar e contar unha historia persoal acontecida nas vacacións

b) Escritas

Un texto contando unha experiencia nas vacacións

Un texto describindo unha foto famosa: *That's me in the picture*

Un texto contando unha historia persoal para encher ocios

Un texto aconsellando como facer boas fotografías

Unidade 3:

a) Orais

Escoitar frases típicas nun aeroporto

Escoitar sobre deixar mensaxes con datas e acontecementos planeados

Escoitar e falar sobre plans

Escoitar sobre descrición de obxectos

Escoitar sobre problemas que poden xurdir nun restaurante

b) Escritas

Descibir obxectos mediante paráfrases

Un artigo: *No more boring stopovers -Go on a guided tour!*

Unha enquisa sobre como somos de organizados/as

Unha descrición dun xogo de TV: A to Z

Escribir un e-mail informal sobre plans de viaxe

Unidade 4:

a) Orais

Escoitar un vídeoblog: *The lazy person's guide to a clean and tidy home*

Falar da situación relativa ao traballo do fogar no teu país

Falar de experiencias persoais coas compras

Falar do que fixeches na fin de semana

Escoitar unhas situacións relativas ao traballo do fogar

Escoitar unhas situacións relativas ás compras

b) Escritas

Un artigo: *Housework*

Un artigo: *The story of the ice-cream sellers*

Un artigo: *A boring weekend? Don't tell anybody!*

Un artigo: *900 new words in three months*

Unidade 5:

a) Orais

Falar de cómo a túa vida cambiou nos últimos anos

Escoitar a xente falando dos cambios nas súas vidas

Falar de e describir cidades

Escoita sobre nutrición

Responder a unha enquisa sobre o que se bebe

Conversa sobre hábitos saudables

Conversa nunha tenda

b) Escritas

Un cuestionario: *How fast is your life?*

Un artigo: *I want it, and I want it now!*

Un artigo: *What are the most (and least) honest cities in the world?*

Un artigo: *Are they really good and bad?*

Descibir o lugar onde vives

2º cuadrimestre:

Unidade 6:

a) Orais

Escoita dun programa de radio sobre o pensamento positivo

Respostar a predicións

Falar de promesas, decisións e ofertas

Escoita dun programa de novas

Escoita sobre a interpretación dos sonos

Falar dos sonos

b) Escritas

Un artigo: *Why negative thinking can be positive*

Un artigo xornalístico: *I'll never forget you*

Un artigo: *The woman who inspired 'I have a dream'*

Unidade 7:

a) Orais

Escoitar a persoas describindo o primeiro día de traballo

Falar sobre opinións e experiencias persoais

Falar de cousas que che gustan ou non che gustan facer

Escoitar un programa de radio sobre a felicidade

Escoita sobre un inglés e os seus problemas cos idiomas estranxeiros

Conversa nunha farmacia

Escoitar a uns amigos falando de asuntos persoais

b) Escritas

Un artigo: *How to survive your first day ub a bew office*

Unha páxina web: *Happiness is...*

Un texto: *Are the British really so bad at learning languages?*

Escribir un e-mail formal

Unidade 8:

a) Orais

Escoitar un programa de radio

Escoita dúas experiencias

Escoitar un relato curto

Dar e pedir consellos

b) Escritas

Un consultorio sentimental: *Dear Graham,*

Un artigo: *If something can go wrong...*

Unha historia curta: *Girl*

Un artigo: *How to be a queue winner*

Escribir mensaxes curtas dando consello

Unidade 9:

a) Orais

Conversación sobre mascotas e animais en xeral
Falar de que faríamos en situación hipotéticas
Escoitar un programa de radio sobre animais perigosos
Escoitar unha entrevista sobre fobias
Escoitar un programa de radio sobre un famoso e o seu fillo
Dar e preguntar por direccións
b) Escritas
Un cuestionario: *Would you know what to do?*
Unha páxina web sobre fobias: *fearof.net*
Unha biografía: *Like mother like daughter*
Escribir a biografía de alguén famoso

Unidade 10:

a) Orais
Falar sobre deportes
Falar sobre hábitos
Entrevistar a un compañeiro cun cuestionario sobre o seu estilo de vida
Escoitar un comentarista de fútbol
Escoitar/Ver un vídeo sobre inventoras
b) Escritas
Un foro sobre a presenza das mulleres no deporte
Unha entrevista: *Early bird!*
Un texto sobre perder no deporte: *Bad losers?*
Escribir un artigo sobre o *parkrun*

Unidade 11:

a) Orais
Falar de cando eras un estudante na escola
Escoitar a xente falando de recordos da escola
Entrevista a un compañeiro: *Are you indecisive?*
Expresar coincidencias ou diferenzas
Escoitar unha charla: *Is too much choice making us unhappy?*
Escoitar a unha persoa narrar unha experiencia
b) Escritas
Textos curtos sobre a época escolar de xente famosa
Artigo: *Twin Strangers*
Artigo curto: *'I'm Jim', 'So am I'*

3.1.2. Competencias sociolingüísticas

Un enfoque centrado no uso do idioma supón necesariamente a súa dimensión social. Para que a comunicación sexa eficaz, o usuario da lingua non só ten que coñecer os recursos dispoñibles, senón tamén saber utilizalos axeitadamente en cada contexto. Neste sentido, enténdese que a competencia sociolingüística

consiste na capacidade do usuario de interpretar e comportarse de forma axeitada en diferentes situacións.

As alumnas e os alumnos deben adquirir as competencias sociolingüísticas que lles permitan comunicarse con efectividade ao nivel especificado. Entre estas encóntranse o coñecemento, o discernimento e o uso de marcadores lingüísticos de relacións sociais, fórmulas de tratamento, saúdos, normas de cortesía, diferenzas de rexistro (formal e informal) e expresións idiomáticas moi frecuentes.

Por outra parte, cada lingua é reflexo da súa realidade social. Polo tanto, os contidos que se enumeran a seguir teñen que ser adaptados á realidade específica da lingua. Desenvolveranse ao longo dos cursos B1 e B2.1 de acordo cos obxectivos propios de cada un deles.

Convencións sociais: establecemento de contacto (saúdo, expresión do interese por alguén), presentacións, dirixirse a alguén, solicitar e conceder permiso, comunicación telefónica e telemática.

Finalización do contacto: despedida, envío de saúdos, finalización de conversa telefónica, formas de saúdo en despedida en cartas.

Mantemento do contacto: desculpa, agradecementos, cumprimentos, felicitación, condolencia, desexo, brindes.

Expresión axeitada de sentimentos: alegría, entusiasmo, sorpresa, gabanza, etc.; utilización axeitada das exclamacións.

3.1.3. Competencias lingüísticas

a) Contidos léxicos-semánticos

Sínálanse os aspectos que o alumno debe ser capaz de comprender ou producir dos temas xerais que se indican. O léxico e as estruturas lingüísticas utilizados para desenvolver estes aspectos adecuaranse aos obxectivos do curso B1.

Os contidos léxico-semánticos deberán adaptarse ás realidades socioculturais dos países das linguas obxecto de estudo.

Estes contidos aparecen secuenciados segundo as unidades do libro de texto *English File A2/B1 (fourth edition)* aínda que moitos deles serán tamén traballados coa axuda de materiais reais, tarefas obtidas doutros libros como *Speak Out Pre-Intermediate*, *Outcomes Pre-intermediate*, *Empower Pre-Intermediate* etc. e o uso das novas tecnoloxías.

1º cuadrimestre:

Unidade 1:

Verbos e frases verbais máis comúns

Abecedario (e deletrear) e números

Descrición das persoas, aparencia e personalidade

A roupa

Preposicións de lugar

Unidade 2:

As vacacións

Preposicións de tempo e lugar: *at, in, on*

Verbos relacionados coa narración dunha historia curta

Unidade 3:

Os aeroportos

Verbos preposicionais: *arrive in,...*

Expresións para parafrasear: *like, for example,...*

Unidade 4:

As tarefas domésticas

Verbos *make* e *do*

Ir de compras

Adxectivos rematados en *-ing* e *-ed*

Unidade 5:

Tipos de números (porcentaxes, fraccións, datas, decimais, centos, miles)

Descrición dunha cidade

O corpo humano e a saúde

2º cuadrimestre:

Unidade 6

Verbos antónimos

Verbos seguidos da partícula *back*: *pay back,...*

Modificadores: *a bit, really,...*

Unidade 7:

Verbos seguidos de infinitivo: *try to,...*

Verbos seguidos de xerundio

A saúde

Adxectivos seguidos de preposicións: *afraid of,...*

Unidade 8:

O verbo *get*

Verbos que se poden confundir: *miss, lose,...*

Adverbios de modo

Unidade 9:

Animais

As fobias e o medo

As biografías

Expresións con *for* e *since*

Unidade 10:

O deporte e vocabulario relacionado coa expresión do movemento

Países e nacionalidades

Phrasal verbs

Unidade 11:

Formación de substantivos

Materias escolares

A expresión da similitude: *like, both, so, neither...*

b) **Contidos gramaticais**

Estes contidos aparecen secuenciados segundo as unidades do libro de texto *English File A2/B1* (fourth edition) do seguinte xeito:

1º cuadrimestre:

Unidade 1:

Orde das palabras nas oracións interrogativas

O presente simple

O presente continuo

Uso das preposicións de lugar

Unidade 2

O pasado simple: verbos regulares e irregulares

O pasado continuo

Uso das preposicións de tempo e de lugar: *at, in, on*

Secuenciadores temporais e conectadores

Unidade 12:

Oracións interrogativas sen auxiliares

Unidade 3

Be going to (plans e predicións)

O presente continuo para plans no futuro

Oracións de relativo especificativas

Unidade 4

Pretérito perfecto con *just, yet, already*

Contraste entre o pretérito perfecto e o pasado simple

Pronomes indefinidos: *something, nothing,...*

Unidade 5

O comparativo dos adxectivos e os adverbios, *as...as*

Superlativos (+ *ever* + *pretérito perfecto*)

Cuantificadores, *too, not enough*

2º cuadrimestre:

Unidade 6

Will e won't para predicións

Will/won't para decisións e promesas, ofrecementos con shall

Repaso de todos os tempos verbais para expresar o presente, o pasado e o futuro

Unidade 7:

Uso dos verbos seguidos de infinitivo: *try to, ...*

Uso dos verbos seguidos de xerundio

Verbos modais: *have to, don't have to, must, mustn't*

Unidade 8:

Oracións condicionais do primeiro tipo

Pronomes posesivos

Verbos modais: *should*

Unidade 9:

Oracións condicionais do segundo tipo

Pretérito perfecto con *for* e *since*

Contraste entre o pretérito perfecto e o pasado simple

Unidade 10:

A voz pasiva

A expresión do movemento

Estrutura dos *phrasal verbs*

Unidade 11:

Verbos modais: *used to*

Verbos modais: *might*

So, neither con auxiliares

c) Contidos fonéticos

1º cuadrimestre:

Unidade 1:

Sons vocálicos

O alfabeto

A terminación –s/-es (sons /-s, -z, ɪz/)

Os sons /ə/ e /ɜ:/

Unidade 2:

Verbos regulares: terminacións en –ed (sons /-d, -t, ɪd/)

Acentuación das palabras na oración (*sentence stress and weak forms*)

Acentuación das palabras (*word stress*)

Unidade 3

A pronuncia da letra g (sons /g/ e /dʒ/)
Unión de sons na pronuncia (linking)
O -e final mudo

Unidade 4

Os sons /j/ e /dʒ/
Pronuncia do spelling c e ch
O sons /e/, /əʊ/ e /ʌ/

Unidade 5:

Acentuación das palabras na oración (*sentence stress*)
O son schwa /ə/
O sons /ʌ/

2º cuadrimestre:

Unidade 6:

Pronuncia de 'll e won't
Acentuación das palabras: verbos de dúas sílabas
Pronuncia do spelling ea

Unidade 7

Forma débil de to
Unión de sons na pronuncia (linking)
Pronuncia da terminación -ing
Acentuación das preposicións

Unidade 8

/ʊ/ e /u:/
Homófonos
O ritmo da oración mediante a lectura

Unidade 9

Acentuación das palabras na oración (*sentence stress*)
Acentuación das sílabas na palabra (*word stress*)
O son /ɔ:/

Unidade 10

Os sons /dʒ/, /f/ e /tʃ/
Unión de sons na pronuncia (linking)
Acentuación de palabra na oración (*word stress*)

Unidade 11

A pronuncia de *used to* e *didn't use to*
Pronuncia dos ditongos
Os sons /ð/ e /θ/

d) Contidos ortográficos

Veremos estes contidos a través das tarefas de expresión escrita que se fan ó longo do curso. Entre outros, debemos sinalar aqueles que se corresponden coas convencións da fala escrita da lingua inglesa:

Puntuación con conectores: '*although*', '*also*', etc.

Estruturas típicas das cartas formais e informais.

Denominación dos caracteres especiais, susceptibles de ser usados no contexto das novas tecnoloxías (emails, páxinas webs, redes sociais, smartphones), tales como @ (at), # (hashtag), *(asterisk), _ (underscore), etc.

O uso da maiúscula nas nacionalidades, idiomas, etc.

A ortografía de palabras especialmente difíciles.

Diferenzas ortográficas entre o inglés británico e o inglés americano.

3.2. Competencias socioculturais

O alumnado deberá adquirir un coñecemento da sociedade e da cultura propias dos países e territorios en que se fala o idioma estudado, xa que esta circunstancia mellora a competencia comunicativa e, alén diso, a ausencia dunha competencia sociocultural pode distorsionar a comunicación.

O desenvolvemento destes contidos enmarcarase nunha perspectiva intercultural. Terán que ser adaptados ás circunstancias socioculturais específicas de cada lingua, e o léxico e as estruturas utilizados para os desenvolver adecuaranse aos obxectivos do nivel intermedio B1.

O alumnado deberá aplicar os coñecementos, destrezas e actitudes interculturais que permitan levar a cabo actividades de mediación en situacións cotiás sinxelas: coñecementos culturais xerais, conciencia sociolingüística, observación, escoita, posta en relación e respecto.

Teranse en conta as seguintes áreas:

A vida cotiá: alimentación (pratos e produtos típicos, costumes alimentarios, tabús, convencións sociais e comportamento na mesa, horarios e servizos dos distintos establecementos, etc.); actividades de lecer: deporte e espectáculos, actividades en días festivos e non laborables (excursións, visitas aos lugares de interese cultural, monumentos, museos, etc.).

Os servizos públicos: uso do transporte público (horarios, planos de transportes urbanos, estacións de trens, aeroportos, convencións e normas de uso de autobuses, taxis...).

As condicións de vida: condicións da vivenda (tipos, prezos, alugueiro, convencións relacionadas coa súa procura, etc.); niveis de vida (con variacións

rexionais, sociais e culturais); comunicación (por vía telefónica, postal, informática, etc.); saúde (sistema de asistencia médica); o sistema educativo.

O contorno xeográfico: paisaxes, condicións climáticas, medio rural e medio urbano.

As relacións persoais: cos familiares (costumes familiares), cos amigos, cos veciños, con descoñecidos, no ámbito laboral, no administrativo, no educativo e nas actividades de lecer.

Valores, crenzas e actitudes: valores e crenzas fundamentais, tradicións importantes, características básicas do sentido do humor, referentes artístico-culturais significativos (historia: feitos históricos e personaxes relevantes; artes: literatura, música, teatro, pintura...; relixión: tradicións e supersticións máis comúns); tradición e cambio social.

As convencións sociais: tradicións sociais no ámbito familiar, aspectos relevantes do comportamento en contextos informais e formais (presentacións, saúdos, despedidas, puntualidade, hospitalidade, visitas, regalos, etc.), convencións relativas ao vestiario en diferentes situacións, tabús e costumes nos comportamentos e nas conversas.

O comportamento ritual: acontecementos de ámbito privado (nacementos, vodas, funerais, etc.), festas relixiosas e tradicionais, espectáculos e acontecementos públicos.

A linguaxe corporal e sons paralingüísticos: linguaxe xestual (expresións faciais, acenos, posturas, contacto visual, etc.), contacto corporal e proximidade física; calidade de voz, ton e volume.

Lingua e sociedade: extensión xeográfica, status e contacto con outras linguas.

3.3. Competencias estratéxicas

Coñecemento e uso das estratexias de planificación, execución, control e reparación da **comprensión de textos orais**:

- Mobilización de esquemas e información previa sobre o tipo de tarefa e o tema.
- Identificación do tipo textual, adaptando a comprensión a este.
- Distinción de tipos de comprensión (sentido xeral, información esencial, puntos principais, detalles relevantes).
- Formulación de hipóteses sobre o contido e o contexto.
- Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paralingüísticos.
- Comprobación de hipóteses: axuste das claves de inferencia cos esquemas de partida.

— Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos.

Coñecemento e uso das estratexias de planificación, execución, control e reparación da **produción e coprodución de textos orais**:

- Activar esquemas mentais sobre a estrutura da actividade e o texto específicos (p. e. presentación, ou transacción).
- Identificar o baleiro de información e opinión e valorar o que pode darse por suposto.
- Concibir a mensaxe con claridade e distinguindo a súa idea ou ideas principais e a súa estrutura básica.
- Adecuar o texto ao destinatario, contexto e canle, aplicando o rexistro e as características discursivas adecuadas a cada caso.
- Apoiarse en e sacar o máximo partido dos coñecementos previos (utilizar linguaxe «prefabricada», etc.).
- Expresar a mensaxe con claridade, coherencia, estruturándoo adecuadamente e axustándose aos modelos e fórmulas de cada tipo de texto.
- Reaxustar a tarefa (emprender unha versión máis modesta da tarefa) ou a mensaxe (facer concesións no que realmente se quereda expresar), tras valorar as dificultades e os recursos dispoñibles.
- Compensar as carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos (p. e. modificar palabras de significado parecido, ou definir ou parafrasear un termo ou expresión), paralingüísticos ou paratextuales (p. e. pedir axuda; sinalar obxectos, usar deícticos ou realizar accións que aclaran o significado; usar linguaxe corporal culturalmente pertinente (xestos, expresións faciais, posturas, contacto visual ou corporal, proxémica), ou usar sons extralingüísticos e calidades prosódicas convencionais).
- Controlar o efecto e o éxito do discurso mediante petición e ofrecemento de aclaración e reparación da comunicación.

Coñecemento e uso das estratexias de planificación, execución, control e reparación da **comprensión de textos escritos**:

- Mobilización de esquemas e información previa sobre tipo de tarefa e tema.
- Identificación do tipo textual, adaptando a comprensión ao mesmo.
- Distinción de tipos de comprensión (p. e. sentido xeral, información esencial, puntos principais).
- Formulación de hipótese sobre contido e contexto. – Inferencia e formulación de hipótese sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paralingüísticos (soporte, imaxes,...).

– Reformulación de hipótese a partir da comprensión de novos elementos.

Coñecemento e uso das estratexias de planificación, execución, control e reparación da **producción e coprodución de textos escritos**:

– Activar esquemas mentais sobre a estrutura da actividade e o texto específicos (p. e. escribir unha nota, un correo electrónico, ...).

– Identificar o baleiro de información e opinión e valorar o que pode darse por suposto.

– Concibir a mensaxe con claridade e distinguindo a súa idea ou ideas principais e a súa estrutura básica.

– Adecuar o texto ao destinatario, contexto e canle, aplicando o rexistro e as características discursivas adecuadas a cada caso.

– Apoiarse en e sacar o máximo partido dos coñecementos previos (utilizar linguaxe «prefabricada», etc.).

– Localizar e usar adecuadamente recursos lingüísticos ou temáticos (uso dun dicionario ou gramática, obtención de axuda, etc.).

– Expresar a mensaxe con claridade axustándose aos modelos e fórmulas de cada tipo de texto.

– Reaxustar a tarefa (emprender unha versión máis modesta da tarefa) ou a mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos dispoñibles.

– Controlar o efecto e o éxito do discurso mediante petición e ofrecemento de aclaración e reparación da comunicación.

4. Avaliación

4.1. Criterios de cualificación e mínimos esixibles

4.1.1. Criterios de cualificación

A proba de certificación consta de cinco actividades de lingua:

- Comprensión de textos escritos
- Producción e coprodución de textos escritos
- Comprensión de textos orais
- Producción e coprodución de textos orais
- Mediación escrita e oral

A cualificación outorgada será APTO, NON APTO ou NON PRESENTADO, segundo corresponda.

A puntuación total da proba de certificación será de 125 puntos. Cada unha das cinco partes nas que se estrutura a proba terá un valor de 25 puntos. Para superar a proba será necesario acadar, polo menos, 12,5 puntos en cada actividade de

lingua e, ademais, obter unha puntuación mínima dun 65% na puntuación total da proba, é dicir 81,25 puntos. O alumnado presencial que non acadou o mínimo do 65% da puntuación total da proba na convocatoria ordinaria, ademais de examinarse na convocatoria extraordinaria das actividades de lingua nas que non obtivera polo menos 12,5 puntos, poderá examinarse tamén daquelas actividades nas que non acadara a puntuación mínima do 65%, é dicir 16,25 puntos. Neste caso, se a cualificación obtida na convocatoria ordinaria é superior á que se obteña na extraordinaria, manterase a cualificación máis alta para o cálculo da nota final.

Avaliarase o progreso e logro de obxectivos do alumnado de forma frecuente e interactiva mediante procesos de observación na aula e recollida e avaliación de tarefas. O profesorado informará ó alumnado sobre o seu progreso.

De non obterem a cualificación de APTO en todas as actividades de lingua na convocatoria de setembro, as persoas candidatas deberán presentarse de novo en convocatorias posteriores ás probas de certificación para seren avaliadas de todas as actividades de lingua. As persoas candidatas que obteñan a cualificación de NON APTO na proba de certificación, se aprobaron algunha/s actividade/s de lingua, poderán solicitar unha certificación académica de que acadaron o dominio requirido na/s actividade/s de lingua aprobada/s.

4.1.2. Mínimos esixibles

É quen de coñecer e aplicar á comprensión do texto os aspectos socioculturais e sociolingüísticos comúns relativos á vida cotiá e recoñece léxico oral de uso frecuente relativo a asuntos cotiáns, de carácter xeral, ou relacionados cos propios intereses.

É quen de inferir do contexto e do co-texto, normalmente de maneira correcta, os significados dalgunhas palabras e expresións que descoñece, aplicando as estratexias máis adecuadas en cada caso para a comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e ideas principais e os detalles máis relevantes do texto.

É quen de discriminar os patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso común.

É quen de aplicar adecuadamente as estratexias para producir textos orais breves ou de media extensión, coherentes e de estrutura simple e clara, utilizando unha serie de procedementos sinxelos para adaptar ou reformular a mensaxe e reparar a comunicación, seguindo os patróns discursivos de uso máis frecuente en cada contexto, interactuando de maneira sinxela en intercambios claramente estruturados, utilizando fórmulas ou xestos simples para tomar ou manter a quenda de palabra.

É quen de utilizar adecuadamente un repertorio léxico oral suficiente para comunicar información relativa a temas coñecidos en situacións habituais e cotiás,

aínda que cometa erros importantes pronunciando e entoando de maneira clara e intelixible, aínda que resulte evidente o acento estranxeiro ou cometa erros de pronuncia, sempre que non interrompan a comunicación, e os interlocutores/as teñan que solicitar repeticións de vez en cando.

É quen de aplicar á comprensión do texto os aspectos socioculturais comúns relativos á comunicación escrita nas culturas es que se usa o idioma aplicando as estratexias máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e ideas principais e os detalles máis relevantes do texto.

É quen de comprender léxico escrito de uso frecuente relativo a asuntos cotiás e pode inferir do contexto e do co-texto os significados dalgunhas palabras e expresións que descoñece e recoñece os valores e os significados asociados a convencións de formato, tipográficas, ortográficas e de puntuación de uso común, así como abreviaturas e símbolos de uso frecuente.

É quen de tomar notas concisas nunha actividade de aula en lingua estándar, sempre que o tema sexa coñecido e o discurso se formule dun modo sinxelo e se articule con claridade e amosa un control razoable de estruturas sintácticas de uso frecuente e emprega mecanismos simples de cohesión. Utiliza un repertorio léxico escrito de uso frecuente suficiente para comunicar información breve, simple e directa en situacións habituais e cotiás.

É quen de identificar a información clave que debe transmitir, así como as intencións básicas das persoas emisoras e receptoras cando este aspecto é relevante e de facilitar a comprensión das persoas participantes, recorrendo a comparacións e conexións sinxelas e directas con aquilo que pensa que poden coñecer.

4.2. Procedementos e instrumentos de avaliación

A avaliación terá por obxecto cualificar e certificar o nivel de competencia comunicativa adquirido polo alumnado como resultado do seu proceso de aprendizaxe.

Haberá diferentes modalidades ao longo do curso:

Veremos estes contidos a través das tarefas de expresión escrita que se fan ó longo do curso. Entre outros, debemos sinalar aqueles que se corresponden coas convencións da fala escrita da lingua inglesa: Representación gráfica de fonema e son: grafemas con varias correspondencias fonémicas, correspondencias inusuais en nomes propios e palabras estranxeiras, homófonos e homógrafos, variedades estándar británica e americana. Uso de maiúscula, cursiva, negriña e subliñado. Uso dos signos ortográficos: punto e coma; comiñas, puntos suspensivos... Abreviaturas, siglas e símbolos.

3.2. Competencias socioculturais

Se terán en conta as seguintes áreas de ámbito sociocultural:

A vida cotiá: actividades diarias, hábitos de estudo e traballo, ocio, cociña e alimentos, convencións sociais e comportamentos nos distintos establecementos; festividade, celebracións e vacacións, horarios laborais e prácticas de traballo; hábitos e afeccións; medios de comunicación.

Os servizos públicos: comportamentos e uso de instalacións públicas (deportivas, académicas, culturais, sanitarias, etc.) e espazos públicos (prazas, parques, rúas, etc.); mobiliarios urbano, mantemento e limpeza de espazos públicos; reciclaxe; protección civil (bombeiros, persoal sanitario, etc).

As condicións de vida: vivenda, contorna, estrutura social, atención á infancia, a persoas maiores, discapacitados, inmigrantes, a persoas sen recursos económicos, a persoas maltratadas; ONGs, asociacións e institucións sen ánimo de lucro; corpos e instalacións de seguridade (loita contra a drogadicción, a delincuencia, etc.)

O contorno xeográfico: relación coa natureza e protección do medio ambiente; parques naturais e rutas; reservas de biodiversidade; urbanismo e organización xeográfica; política forestal e xestión dos recursos; zonas de costa e de interior.

As relacións persoais: relacións entre sexos, novas formas de relación interpersoal; relación familiares, relación de poder e solidariedade; relacións a través das TICs, relacións entre xeracións, relacións con outras clases sociais, razas e comunidades; citas e encontros; saúdos entre coñecidos e descoñecidos; normas de cortesía e de tratamento, pautas de comportamento social; grao de permisividade co comportamento dos nenos nos lugares públicos.

Valores, crenzas e actitudes respecto a: grupos profesionais, riqueza, culturas, costumes, valores, rexionais, seguridade, política, institucións, tradicións,

celebracións, manifestacións artísticas, minorías, identidade nacional, países, estados e pobos estranxeiros.

As convencións sociais: vestimenta, protocolos, ofrecer e recibir hospitalidade, ofrecer e pedir axuda, invitar, prestar cousas e diñeiro, etc., asistir a convencións, conmemoracións e actos sociais.

O comportamento ritual: cerimonia e prácticas relixiosas (bautizos, vodas, velorios, etc); comportamento en representacións e cerimonia públicas; celebracións, festividade, bailes, etc. A linguaxe corporal.

Lingua e sociedade: interferencias lingüísticas; recoñecemento doutras linguas (linguas minoritarias, linguas que comparten o mesmo territorio); promoción e conservación doutras linguas; o plurilingüismo.

3.3. Competencias estratéxicas

Coñecemento e uso das estratexias de planificación, execución, control e reparación da **comprensión de textos orais:**

- Mobilización de esquemas e información previa sobre o tipo de tarefa e o tema.
- Identificación do tipo textual, adaptando a comprensión a este.
- Distinción de tipos de comprensión (sentido xeral, información esencial, puntos principais, detalles relevantes, ou opinións ou actitudes implícitas).
- Formulación de hipóteses sobre o contido e o contexto.
- Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paralingüísticos.
- Comprobación de hipóteses: axuste das claves de inferencia cos esquemas de partida.
- Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos.

Coñecemento e uso das estratexias de planificación, execución, control e reparación da **produción e coprodución de textos orais:**

- Activar esquemas mentais sobre a estrutura da actividade e o texto específicos (p. ex. presentación > presentación formal).
- Identificar o baleiro de información e opinión e valorar o que pode darse por suposto, concibindo a mensaxe con claridade e distinguindo a súa idea ou ideas principais e a súa estrutura básica.
- Adecuar o texto á persoa destinataria, ao contexto e á canle, aplicando o rexistro e as características discursivas adecuadas a cada caso.
- Apoiarse en e sacar o máximo partido dos coñecementos previos (utilizar linguaxe «prefabricada»...).

–Expresar a mensaxe con claridade, coherencia, estruturándoa adecuadamente e axustándose aos modelos e fórmulas de cada tipo de texto.

–Reaxustar a tarefa (emprender unha versión máis modesta da tarefa) ou a mensaxe (facer concesións no que realmente se querería expresar), tras valorar as dificultades e os recursos dispoñibles.

–Compensar as carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos (p. ex. modificar palabras de significado parecido, ou definir ou parafrasear un termo ou expresión), paralingüísticos ou paratextuais (p. ex. pedir axuda; sinalar obxectos, usar deícticos ou realizar accións que aclaren o significado; usar linguaxe corporal culturalmente pertinente (xestos, expresións faciais, posturas, contacto visual ou corporal, proxémica), ou usar sons extralingüísticos e calidades prosódicas convencionais).

–Controlar o efecto e o éxito do discurso mediante a petición e o ofrecemento de aclaración e reparación da comunicación.

Coñecemento e uso das estratexias de planificación, execución, control e reparación da **comprensión de textos escritos**:

–Mobilización de esquemas e información previa sobre o tipo de tarefa e o tema.

–Identificación do tipo textual, adaptando a comprensión a este.

–Distinción de tipos de comprensión (sentido xeral, información esencial, puntos principais ou opinións implícitas...).

–Formulación de hipóteses sobre o contido e o contexto.

–Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paralingüísticos (soporte, imaxes e gráficos, trazos ortotipográficos...).

–Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos.

Estratexias de planificación, execución, control e reparación da **producción e coproducción de textos escritos**:

– Activar esquemas mentais sobre a estrutura da actividade e o texto específicos (escribir unha carta de presentación, un informe...).

– Identificar o baleiro de información e opinión e valorar o que pode darse por suposto, concibindo a mensaxe con claridade e distinguindo a súa idea ou ideas principais e a súa estrutura básica.

– Adecuar o texto á persoa destinataria, ao contexto e á canle, aplicando o rexistro e as características discursivas adecuadas a cada caso.

– Apoiarse en e sacar o máximo partido dos coñecementos previos (utilizar linguaxe «prefabricada»...).

- Localizar e usar adecuadamente recursos lingüísticos ou temáticos (uso dun dicionario ou dunha gramática, obtención de axuda...).
- Expresar a mensaxe con claridade axustándose aos modelos e fórmulas de cada tipo de texto.
- Reaxustar a tarefa (emprender unha versión máis modesta da tarefa) ou a mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos dispoñibles.
- Controlar o efecto e o éxito do discurso mediante a petición e o ofrecemento de aclaración e reparación da comunicación.

4. Avaliación

4.1. Criterios de cualificación e mínimos esixibles

4.1.1. Criterios de cualificación

A proba de certificación consta de cinco actividades de lingua:

- Comprensión de textos escritos
- Producción e coprodución de textos escritos
- Comprensión de textos orais
- Producción e coprodución de textos orais
- Mediación escrita e oral

A cualificación outorgada será APTO, NON APTO ou NON PRESENTADO, segundo corresponda.

A puntuación total da proba de certificación será de 125 puntos. Cada unha das cinco partes nas que se estrutura a proba terá un valor de 25 puntos. Para superar a proba será necesario acadar, polo menos, 12,5 puntos en cada actividade de lingua e, ademais, obter unha puntuación mínima dun 65% na puntuación total da proba, é dicir 81,25 puntos. O alumnado presencial que non acado o mínimo do 65% da puntuación total da proba na convocatoria ordinaria, ademais de examinarse na convocatoria extraordinaria das actividades de lingua nas que non obtivera polo menos 12,5 puntos, poderá examinarse tamén daquelas actividades nas que non acadara a puntuación mínima do 65%, é dicir 16,25 puntos. Neste caso, se a cualificación obtida na convocatoria ordinaria é superior á que se obteña na extraordinaria, manterase a cualificación máis alta para o cálculo da nota final.

Para o alumnado presencial haberá unha serie de tarefas que servirán de avaliación formativa ou—de progreso. Dita avaliación terá unicamente valor orientativo e servirá para informar do grao de cumprimento no desenvolvemento da programación didáctica e da súa idoneidade.

De non obteren a cualificación de APTO en todas as actividades de lingua na convocatoria extraordinaria (finais de xuño), as persoas candidatas deberán presentarse de novo en convocatorias posteriores ás probas de certificación para

seren avaliadas de todas as actividades de lingua. As persoas candidatas que obteñan a cualificación de NON APTO na proba de certificación, se aprobaron algunha/s actividade/s de lingua, poderán solicitar unha certificación académica de que acadaron o dominio requirido na/s actividade/s de lingua aprobada/s.

4.1.2. Mínimos esixibles

É capaz de comprender, con certa dificultade, o sentido xeral, a información esencial, os puntos principais, os detalles máis relevantes e as opinións e actitudes, tanto implícitas como explícitas, dos e das falantes en textos orais conceptual e estruturalmente complexos, sobre temas de carácter xeral ou dentro do propio campo de interese ou especialización, articulados a velocidade normal, nalgunha variedade estándar da lingua e a través de calquera canle, incluso cando as condicións de audición non sexan boas.

É quen de producir e coproducir, con certa dificultade, e independentemente da canle, textos orais claros e o bastante detallados, de certa extensión, ben organizados e adecuados á persoa interlocutora e ao propósito comunicativo específicos, sobre temas diversos de interese xeral, persoal ou dentro do propio campo de especialización, nunha variedade de rexistros e estilos estándar, e cunha pronuncia e entoación claras e naturais, e un grao de espontaneidade, fluidez e corrección que lle permita comunicarse con eficacia, aínda que poida cometer erros esporádicos que provoquen a incompreensión, dos que adoita ser consciente e que pode corrixir.

É capaz de comprender, con certa dificultade, con suficiente facilidade o sentido xeral, a información esencial, os puntos principais, os detalles máis relevantes e as opinións e actitudes da autoría, tanto implícitas como explícitas, en textos escritos conceptual e estruturalmente complexos, sobre temas diversos de interese xeral, persoal ou dentro do propio campo de especialización, nalgunha variedade estándar da lingua e que conteñan expresións idiomáticas de uso común, sempre que poida reler as seccións difíciles.

É quen de producir e coproducir, con certa dificultade, independentemente do soporte, textos escritos de certa extensión, ben organizados e bastante detallados, sobre unha ampla serie de temas xerais, de interese persoal ou relacionados co propio campo de especialización, utilizando apropiadamente unha ampla gama de recursos lingüísticos propios da lingua escrita e adecuando con eficacia o rexistro e o estilo á situación comunicativa.

É quen de mediar, con certa dificultade, entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas en situacións tanto habituais como máis específicas e de maior complexidade nos ámbitos persoal, público, educativo e ocupacional.

4.2. Procedementos e instrumentos de avaliación

A avaliación terá por obxecto cualificar e certificar o nivel de competencia comunicativa adquirido polo alumnado como resultado do seu proceso de aprendizaxe.

Haberá diferentes modalidades ao longo do curso:

Avaliación inicial (ou de diagnóstico): o profesorado a inicio de curso fará unha avaliación de diagnóstico para coñecer o nivel e as características do seu alumnado. Esta avaliación inicial realizarase durante a primeira semana do curso escolar e comprenderá as seguintes accións que permitan identificar as dificultades do alumnado, así como as súas necesidades de atención educativa.

Avaliación de progreso (ou formativa): nesta modalidade tanto profesorado como alumnado poden observar, reflexionar e valorar o proceso de aprendizaxe. Avaliarase o progreso e logro de obxectivos do alumnado de forma frecuente e interactiva mediante procesos de observación na aula e recollida e avaliación de tarefas. O profesorado informará ó alumnado sobre o seu progreso.

Avaliación certificadora: o alumnado oficial terá dúas convocatorias para certificar o nivel, ordinaria (principios de xuño) e extraordinaria (finais de xuño). O alumnado libre terá unha convocatoria para certificar o nivel, en febreiro. A cualificación positiva final conducirá á obtención do certificado do nivel B2 e permitirá o acceso ao seguinte nivel.

Auto-avaliación: sendo a auto-avaliación un instrumento importante no proceso de ensino-aprendizaxe fomentárase tanto a do profesorado como a do alumnado. O profesorado poderá saber si acadará os obxectivos marcados e si precisa facer cambios na programación para acadar ditos obxectivos e o alumnado desenvolve a capacidade de ser responsable ante o seu propio proceso de aprendizaxe. O profesorado motivará ó alumnado a realizar as distintas actividades de auto-avaliación que proporciona o libro de texto.

4.3. Criterios de avaliación

4.3.1. Actividades de comprensión de textos orais

Comprende exposicións públicas de certa complexidade referidas a temas dos que se ten algún coñecemento previo ou relacionado coa experiencia académica ou a actividade profesional, aínda que ás veces lle resulte difícil acadar un bo nivel de comprensión se o discurso non está ben organizado e carece de fío condutor.

Comprende textos bastante extensos transmitidos por diferentes medios: noticias, programas de debate, películas de trama sinxela, representacións teatrais. Procurarase que haxa unhas boas condicións acústicas, que o discurso estea ben organizado e que a estrutura do discurso sexa clara.

Comprende o que se di en conversacións e transaccións en lingua estándar a velocidade normal, nas que pode haber cambios de tema e interrupcións, con

interaccións ben organizadas, seguindo as argumentacións e interpretando todos os detalles.

Comprende textos producidos en diferentes situacións de comunicación que conteñen informacións precisas, por exemplo, unha axenda de traballo, avisos concretos feitos nun lugar público no que as condicións acústicas non son moi boas...

4.3.2. Actividades de produción e coprodución de textos orais

Interactúa -inicia, mantén e remata- de forma cooperativa en conversas sobre temas de interese persoal ou relacionados coa súa especialidade, valéndose dun repertorio lingüístico sinxelo pero eficaz, nas que expón as súas opinións e as argumenta, se se fala en lingua estándar e a unha velocidade media.

Desenvólvese en transaccións da vida cotiá -aloxamento, restaurantes ou actividades económicas- expresando agrado ou desagrado ou explicando o motivo dun problema, se ten a cooperación da persoa interlocutora.

Expresa e intercambia puntos de vista de forma breve, sinxela e eficaz en conversas formais e reunións de traballo, pedindo información se a precisa e ofrecendo breves razoamentos e explicacións nunha lingua estándar e en rexistro formal, utilizando estruturas e léxico sinxelos, pero adecuados ao propósito comunicativo.

Realiza en lingua estándar narracións, descricións sobre diversos temas do ámbito persoal, académico e profesional.

Fai presentacións breves -sempre que poida preparalas previamente- sobre temas coñecidos ou do seu interese, en lingua estándar, claras e ben estruturadas, respondendo a preguntas aclaratorias ou complementarias, aínda que poida precisar repeticións ou aclaracións.

Realiza intercambios de información sobre asuntos cotiáns de interese persoal ou profesional, utilizando fórmulas simples.

É capaz de reelaborar información procedente de distintas fontes, de sintetizala e de comunicala de maneira oral.

Presenta unha pronunciación e entoación claras e naturais, aínda que o acento estranxeiro sexa perceptible.

Exprésase con claridade suficiente e un ritmo bastante uniforme, sen manifestar ostensiblemente que teña que limitar o que quere dicir. Dispón de suficientes recursos lingüísticos para facer descricións claras, expresar os seus puntos de

vista e desenvolver argumentos, para iso utiliza algunhas estruturas complexas, sen que se lle note moito que está buscando as palabras que precisa.

4.3.3. Actividades de comprensión de textos escritos

Comprende información esencial e detalles relevantes en cartas, correos electrónicos e outras informacións de interacción escrita na que aparezan queixas, reclamacións, peticións, citacións..., que versen sobre temas da vida social, persoal e da propia especialidade.

Segue as fases detalladas en instrucións ou en textos legais habituais e é quen de comprender normativas ou regulamentos, aínda que presenten vocabulario técnico e específico.

Distingue entre feitos, opinións, argumentos, sucesos..., e interpreta o que le identificando con precisión os argumentos dos distintos puntos de vista, os matices de sentido e as posturas concretas.

Identifica a intención do texto (solicitar, reclamar, citar...) e comprende vocabulario, expresións e estruturas que comuniquen ofrecementos, prazos, acordos, xustificacións... É quen de reaccionar á vista da información esencial e os detalles relevantes do texto de que se trate.

4.3.4. Actividades produción e coprodución de textos escritos

Escribe correspondencia persoal sinxela e breve na que se solicite información, se expresen sentimentos, reaccións, desexos e aspiracións e se expliquen problemas utilizando un repertorio léxico e un rexistro axeitados á situación de comunicación.

Resume ou reformula información de diversas fontes e parafrasea pasaxes breves coa intención de transmitir de maneira simple a información orixinal da fonte.

Escribe textos narrativos e descritivos coherentes e ben estruturados en lingua estándar, relatando feitos sinxelos relativos a experiencias da vida cotiá, do ámbito académico ou do seu campo profesional.

Toma notas e redacta informes breves e sinxelos en formato convencional, transmitindo información sobre feitos comúns de asuntos de actualidade ou de temas da súa especialidade desenvolvendo argumentos tanto a favor como en contra.

Escribe pequenas recensións -imitando modelos- sobre películas, libros e manifestacións artísticas e culturais utilizando vocabulario específico e propio do nivel.

Utiliza con razoable corrección, aínda que poida manifestar influencia doutra/s lingua/s, os patróns ortotipográficos de uso común e máis específico (p.e.

parénteses, guións, abreviaturas, asteriscos, cursiva) e aplica con flexibilidade as convencións formais máis habituais de redacción de textos, tanto en soporte papel como dixital.

É capaz de reelaborar información procedente de distintas fontes, de sintetizala e de comunicala de maneira escrita.

4.3.5. Actividades de mediación

Transmite de maneira oral e con suficiencia tanto a información como, se é o caso, o ton e as intencións dos e das falantes ou autores/as -sempre que se fale sobre temas coñecidos- de maneira organizada e en lingua estándar.

Reelabora documentos claros, en lingua estándar, de temas coñecidos procedentes dos medios de comunicación (orais e escritos) e sabe superar as diferenzas con respecto ás linguas e culturas propias e os estereotipos. Repite ou reformula a información de maneira máis sinxela para facérllela máis comprensible ás persoas destinatarias. Organiza adecuadamente a información que pretende ou debe transmitir e detállaa de xeito satisfactorio para poder comunicala novamente con claridade e eficacia.

NIVEL AVANZADO

Descrición do nivel

O alumnado que supere o **nivel avanzado C1** poderá comunicarse case sen esforzo, dun xeito fluído e espontáneo nos ámbitos persoal e público, así como en actividades específicas nos campos académico e profesional. Comprenderá a información importante e os aspectos e detalles relevantes dunha ampla gama de textos orais, e tamén será capaz de entender opinións e actitudes tanto implícitas como explícitas. Comprenderá en detalle textos escritos, extensos e conceptualmente complexos, sempre que poida reler determinadas partes do texto; será quen de producir textos escritos ben estruturados e sobre temas de certa complexidade. Empregará, de maneira correcta, estruturas, mecanismos de cohesión e un léxico axeitado e variado para resaltar, sintetizar, ampliar e defender puntos de vista, que permitan rematar a produción cunha conclusión argumentada. O alumnado que acade este nivel disporá dun bo coñecemento da lingua e dun repertorio de expresións idiomáticas que lle permitan apreciar, expresar e transmitir matices de significados.

O alumnado que supere o **nivel avanzado C2** poderá comunicarse sen esforzo aparente, con precisión e corrección, nos ámbitos persoal, público, académico e profesional; comprenderá practicamente calquera tipo de texto oral ou escrito,

independentemente da súa extensión, velocidade, complexidade, temática ou tipoloxía e será quen de recoñecer os sentidos implícitos. Ademais, será capaz de empregar axeitadamente os mecanismos de organización e cohesión textual e elixirá o léxico e as expresións apropiadas ao nivel, ao rexistro e á finalidade de cada discurso. Así mesmo, transmitirá ideas de forma oral ou escrita con naturalidade, soltura e fluidez. O alumnado que acade este nivel disporá dun amplo coñecemento da lingua e dun repertorio extenso de expresións idiomáticas e coloquiais que lle permitan apreciar, sintetizar, expresar e transmitir matices sutís de carácter semántico, lingüístico ou pragmático.

NIVEL C1.1

1. Obxectivos xerais

Unha vez adquiridas as competencias correspondentes ao nivel, o alumnado será capaz de:

1.1. Actividades de comprensión de textos orais

Comprender, independentemente da canle e mesmo en malas condicións acústicas, a intención e o sentido xeral, as ideas principais, a información importante, os aspectos e detalles relevantes e as opinións e actitudes, tanto implícitas como explícitas, dos e das falantes nunha ampla gama de textos orais extensos, precisos e detallados, e nunha variedade de acentos, rexistros e estilos, mesmo cando a velocidade de articulación sexa alta e as relacións conceptuais non estean sinaladas explicitamente, sempre que poida confirmar algúns detalles, especialmente se non está familiarizado/a co acento.

1.2. Actividades de produción e coprodución de textos orais

Producir e coproducir con fluidez, espontaneidade e case sen esforzo, independentemente da canle, unha ampla gama de textos orais extensos, claros e detallados, conceptual e estruturalmente complexos, en diversos rexistros, e cunha entoación e acento adecuados á expresión de matices de significado, mostrando dominio dunha ampla gama de recursos lingüísticos, das estratexias discursivas e interaccionais e de compensación que fai imperceptibles as dificultades ocasionais que poida ter para expresar o que quere dicir, e que lle permite adecuar con eficacia o seu discurso a cada situación comunicativa.

1.3. Actividades de comprensión de textos escritos

Comprender a intención e o sentido xeral, a información importante, as ideas principais, os aspectos e detalles relevantes e as opinións e actitudes dos/as autores/as, tanto implícitas como explícitas, nunha ampla gama de textos escritos extensos, precisos e detallados, conceptual e estruturalmente complexos, mesmo

sobre temas fora do seu campo de especialización, identificando as diferenzas de estilo e rexistro, sempre que poida reler as seccións difíciles.

1.4. Actividades producción e coprodución de textos escritos

Comprender a intención e o sentido xeral, a información importante, as ideas principais, os aspectos e detalles relevantes e as opinións e actitudes dos/as autores/as, tanto implícitas como explícitas, nunha ampla gama de textos escritos extensos, precisos e detallados, conceptual e estruturalmente complexos, mesmo sobre temas fora do seu campo de especialización, identificando as diferenzas de estilo e rexistro, sempre que poida reler as seccións difíciles.

1.5. Actividades de mediación

Mediar entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas, oralmente ou por escrito, en situacións específicas e complexas, nos ámbitos persoal, público, académico e profesional, transmitindo con flexibilidade, corrección e eficacia unha ampla gama de textos orais ou escritos complexos.

2. Obxectivos específicos

2.1. Actividades de comprensión de textos orais

Comprender, independentemente da canle, a información específica en declaracións, mensaxes, anuncios e avisos detallados, aínda que poidan ter mala ou baixa calidade ou un son distorsionado.

Comprender información complexa con condicións e advertencias, instrucións de funcionamento e especificacións de produtos, servizos, así como información sobre procedementos coñecidos ou menos habituais e sobre os asuntos relacionados coa súa profesión ou actividades académicas.

Comprender con relativa facilidade a maioría das conferencias, charlas, coloquios, faladoiros e debates, sobre temas complexos de carácter público, profesional ou académico, entendendo en detalle os argumentos que se esgrimen.

Comprender os detalles de conversacións e discusións de certa lonxitude entre terceiras persoas, mesmo sobre temas abstractos, complexos ou cos que non se está familiarizado/a, e captar a intención do que se di.

Comprender conversacións de certa lonxitude nas que participa, aínda que non estean claramente estruturadas.

Comprender, sen demasiado esforzo, unha ampla gama de programas de radio, televisión, obras de teatro ou espectáculos e películas que poidan conter linguaxe coloquial ou expresións idiomáticas. Identificar pormenores e actitudes implícitas entre os e as falantes.

2.2. Actividades de produción e coprodución de textos orais

Facer declaracións públicas con fluidez, case sen esforzo e usando a entoación para transmitir o significado con precisión.

Realizar presentacións claras e ben estruturadas, sobre un tema complexo, ampliando con subtemas, desenvolvendo ideas concretas e defendendo puntos de vista con argumentos e exemplos adecuados, apartándose cando sexa necesario do texto preparado para continuar con aspectos propostos pola audiencia e rematar cunha conclusión apropiada, unha vez respondidas as preguntas finais.

Participar nunha entrevista, como persoa entrevistadora ou persoa entrevistada, ampliando e desenvolvendo as ideas discutidas, utilizando mecanismos adecuados para manter o bo desenvolvemento do discurso.

Participar en conversacións formais ou informais, cunha ou varias persoas interlocutoras, que traten temas abstractos, complexos ou específicos. Facer un uso emocional ou humorístico do idioma, expresar as propias ideas e opinións con precisión, presentar liñas argumentais de maneira convincente e responder con eficacia.

2.3. Actividades de comprensión de textos escritos

Comprender instrucións, indicacións, normativas, avisos ou outras informacións de carácter técnico e complexas, incluíndo algún detalle sobre condicións e advertencias, tanto se se relacionan coa propia especialidade coma se non, sempre que se poidan reler as seccións máis difíciles.

Comprender alusións en notas, mensaxes e correspondencia persoal, que poidan tratar sobre temas complexos e presentar trazos específicos na súa estrutura ou no léxico (formato non habitual, linguaxe coloquial, ton humorístico).

Comprender a información contida en correspondencia formal de carácter profesional ou institucional, identificando os niveis de formalidade e as actitudes ou opinións implícitas.

Comprender artigos, informes, actas, memorias e outros textos complexos do ámbito social, profesional ou académico e identificar detalles que denoten actitudes, sempre que se poidan volver ler as seccións difíciles.

Comprender en detalle a información contida en textos de consulta de carácter profesional ou académico, en calquera soporte, sempre que se poidan volver ler as seccións difíciles.

Comprender, en calquera soporte, as ideas e posturas expresadas en artigos ou outros textos xornalísticos de certa extensión, tanto de carácter xeral como especializado, nos que se comentan e analizan puntos de vista ou opinións. Comprender textos literarios contemporáneos, escritos nunha variedade de lingua estándar e captar a mensaxe, as ideas e as conclusións implícitas.

2.4. Actividades produción e coprodución de textos escritos

Tomar notas durante unha conferencia, curso ou seminario que trate temas da súa especialidade, ou durante reunións no ámbito profesional, escribindo a información de maneira que as notas poidan ser útiles para outras persoas.

Escribir correspondencia persoal en calquera soporte e comunicarse en foros, relacionarse con flexibilidade e eficacia coas persoas destinatarias, incluíndo usos de carácter emocional, alusivo e humorístico.

Escribir correspondencia formal dirixida a institucións públicas ou privadas na que se fagan reclamacións ou demandas con certa complexidade e se empreguen os argumentos pertinentes para apoiar ou rebater posturas.

Escribir informes, memorias, artigos e ensaios claros e ben estruturados, sobre temas complexos en contornas de carácter público, académico ou profesional, resaltando as ideas principais, ampliando con subtemas e rematando cunha conclusión apropiada.

2.5. Actividades de mediación

Mediar entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas para trasladar oralmente ou por escrito unha ampla gama de textos sobre temas relacionados cos campos do seu interese persoal, da súa especialización ou dos ámbitos profesional e académico.

Adaptar sen aparente dificultade o rexistro aos diferentes contextos de uso e manter unha expresión e entoación que permitan transmitir o significado e aclarar posibles confusións.

Levar a cabo transacción, xestións e operacións, nas que se debe negociar a solución de conflitos, identificar as posturas, desenvolver argumentos, facer concesións, utilizando unha linguaxe negociadora e afrontar dificultades imprevistas.

Recoñecer significados complexos, en textos orais ou escritos, e adaptar o formato e contido en función das necesidades ou intereses do/a receptor/a e aclarar posibles confusións.

3. Secuenciación e temporalización dos contidos

3.1. Competencias comunicativas

3.1.1. Competencias pragmáticas

a) Contidos funcionais

Fan referencia aos expoñentes que o alumnado precisa para desenvolver as funcións comunicativas nos diferentes contextos. Os expoñentes das funcións que se relacionan a continuación deberán adaptarse ás características propias de cada idioma, á organización de cada nivel e ás necesidades e dificultades de aprendizaxe do alumnado.

Comprensión e expresión das seguintes funcións comunicativas ou actos de fala en contextos comunicativos específicos, tanto a través de actos de fala directos como indirectos, nunha ampla variedade de rexistros:

Funcións ou actos de fala asertivos, relacionados coa expresión do coñecemento, da opinión, da crenza e da conxectura: expresar acordo e desacordo, expresar descoñecemento, expresar dúbida e escepticismo, expresar unha opinión, formular unha hipótese, supoñer, predicir...

Funcións ou actos de fala que impliquen compromiso, relacionados coa expresión do ofrecemento, da intención, da vontade e da decisión: expresar a intención, a vontade e a decisión de facer ou non facer algo; ofrecer axuda; prometer e retractarse...

Funcións ou actos de fala directivos, que teñen como finalidade dar unha instrución: ofrecer consello, advertir, dar instrucións, dar ou negar permiso, previr a alguén en contra de algo ou de alguén, prohibir, recomendar, lembrarlle algo a alguén, restrinxir e suplicar...

Funcións ou actos de fala fácticos e solidarios, que se realizan para establecer ou manter o contacto persoal, social, académico e profesional e expresar actitudes con respecto aos/ás demais: aceptar ou declinar unha invitación, compadecerse, expresar condolencia, facer cumprimentos, interesarse por alguén ou por algo, pedir desculpas e rexeitar...

Funcións ou actos de fala expresivos, cos que se expresan actitudes e sentimentos como resposta ante determinadas situacións: expresar admiración, ledicia, aprecio, simpatía, (des)confianza, (des)aprobación, decepción, (des)interese, resignación, temor, exculpar, lamentar, reprochar...

No nivel C1.1 desenvolveremos os contidos empregando as unidades 1, 2, 3, 4, 5, 6, 8 e 9 do libro de texto *English File C1.1 (fourth edition)* da editorial Oxford. De xeito xeral, todas as leccións do libro tamén serán complementadas con actividades doutros libros de texto ou de medios online, así como das sesións coa auxiliar de conversa (excepto as seccións de Cedeira e As Pontes).

Os contidos secuenciados, segundo as unidades do libro de texto son os seguintes:

1º cuadrimestre:

Unidade 1

Expresar opinión sobre o contido dun cadro

Expresar acordo e desacordo

Pedir e dar información sobre cuestións persoais

Expresar opinión sobre traballos

Redactar unha solicitude de emprego nun e-mail

Unidade 2

Expresar accións habituais en pasado

Falar de incidentes específicos no pasado
Redactar un artigo expresando como cambiou a vida nos últimos anos
Falar dos recordos dunha persoa
Redactar un correo electrónico pedindo información sobre un curso de idiomas
Redactar un artigo sobre como cambiou a vida nos últimos 30 anos

Unidade 3

Falar sobre películas
Facer resumos de películas
Describir escenas de películas ou libros
Redactar un resumo dunha película ou libro

Unidade 4:

Formular especulación e dedución
Enfatizar as opinións dun
Falar sobre distintos xéneros literarios
Facer énfase mediante a inversión

Unidade 5:

Funcións para dar exemplos
Redactar un correo electrónico pedindo información para unirse a unha organización sen ánimo de lucro
Redactar unha *proposal*

2º cuadrimestre:

Unidade 6

Distinguir o acento principal e secundario nunha oración
Dar consellos
Falar de situacións hipotéticas
Redactar un texto discursivo con argumentos a favor e en contra.

Unidade 8

Empregar expresións para realizar comparación
Redactar un texto expresando a opinión persoal

Unidade 9

Saber facer *elipses*
Expresar acordo ou desacordo en temas relacionados coa animais

- b) Contidos discursivos
- Coherencia e cohesión

Coherencia textual: supón a adecuación do texto oral ou escrito ao contexto comunicativo a través do tipo e formato de texto, da variedade de lingua, do rexistro, do tema, da selección de contido relevante (selección léxica; selección de estruturas sintácticas) e do contexto espazo-temporal (a referencia espacial e a referencia temporal).

Rexistro formal e informal
Variedade de lingua estándar
Tema: enfoque e contido
Desenvolvemento temático
Contexto espazo-temporal
Mantemento e seguimento do discurso oral
Cambio temático

Cohesión textual: é a organización interna do texto: inicio, desenvolvemento e conclusión da unidade textual:

Inicio do discurso (con mecanismos iniciadores e de toma de contacto) e a introdución do tema (tematización)

Desenvolvemento do discurso (desenvolvemento temático: mantemento do tema con correferencia, elipse, repetición, reformulación, énfase; expansión temática: exemplificación, reforzo, contraste, introdución de subtemas e cambio temático: digresión, recuperación do tema.

Conclusión do discurso: resumo / recapitulación, indicación de peche textual, peche textual.

Trataranse:

- a. Marcadores discursivos
- b. Repeticións de tipo léxico e semántico
- c. Correferencias
- d. Marcadores de función pragmática
- e. Signos de puntuación
- f. Recursos da entoación e das pausa

- Tipoloxía de textos

Fan referencia ao coñecemento, comprensión e aplicación das competencias discursivas que lle permitan ao alumnado comprender e producir textos coherentes con respecto ao contexto e que presenten unha cohesión interna que facilite a súa comprensión. A complexidade da tipoloxía de textos que se relaciona deberá adaptarse ás características propias de cada idioma, á organización de cada nivel,

ás necesidades e dificultades de aprendizaxe do alumnado e ás distintas actividades de lingua.

Traballarase a seguinte tipoloxía de **textos orais**:

Anuncios publicitarios complexos retransmitidos

Cancións

Conferencias, clases, presentacións e declaracións públicas específicas e detalladas

Debates e conversas formais sobre temas complexos, especializados ou específico

Entrevistas bastante longas e complexas: xornalísticas, de traballo, académico-divulgativas...

Informativos

Instrucións e indicacións detalladas

Páxinas web corporativas

Representacións audiovisuais

Retransmisións gravadas (*podcasts*)

Reunións de traballo con vocabulario específico

Sondaxes e cuestionarios bastante complexos

Traballarase a seguinte tipoloxía de **textos escritos**:

Correspondencia persoal e profesional especializada

Informacións e anuncios publicitarios

Instrucións bastante extensas

Textos académicos ou profesionais relacionados ou non coa súa especialidade

Textos de opinión ou ensaísticos sobre cuestións de actualidade ou sobre temas de interese xeral

Textos de rexistro coloquial en forma de notas, cartas, correo electrónico etc., aínda que se apoiem excepcionalmente en modismos e fraseoloxía específica

Textos ensaísticos

Textos literarios contemporáneos que poidan presentar certa complexidade lingüística, estrutural e temática

Textos que poidan amosar trazos non normativos

Textos xornalísticos informativos e de opinión sobre temas de actualidade

Estes contidos aparecen secuenciados segundo as unidades do libro de texto *English File C1.1 (fourth edition)* da seguinte forma:

1º cuadrimestre:

Unidade 1

Unha serie de artigos xornalísticos

Un test de personalidade

Práctica oral para demostrar acordo e desacordo

Debate sobre diferentes afirmacións referentes a familia

Falar sobre o traballo e a familia

Composicións escritas: Redactar unha solicitude de emprego nun e-mail

Textos audiovisuais: Unha audio-guía describindo un cadro, entrevista cunha empregada, vídeo sobre a vida dunha artista, vídeo con entrevistas na rúa

Unidade 2

Comprensión de distintas actividades sobre a aprendizaxe da lingua

Autobiografía dun autor

Práctica oral cun compañeiro sobre a pronunciación dunha serie de palabras

Conversa con compañeiros falando sobre a infancia e os primeiros recordos

Composicións escritas: Redactar un artigo expresando como cambiou a vida nos últimos anos

Composicións escritas: Redactar un correo electrónico pedindo información sobre un curso de idiomas

Textos audiovisuais: entrevista de radio falando sobre os primeiros recordos, entrevista cun falante de lingua inglesa non nativo

Unidade 3

Artigo sobre escenas famosas de películas

Cuestionario preguntando e respondendo con frases con *get*

Actividade para analizar e reflexionar sobre o coñecemento de feitos históricos que aparecen en películas baseadas en feitos reais

Actividade sobre vocabulario de conflito e guerra

Conversa entre alumnos sobre momentos históricos

Composicións escritas: redactar un artigo de opinión sobre a dobraxe das películas, redactar unha recensión dunha película ou libro

Textos audiovisuais: entrevista cun guionista, vídeo cunha entrevista a unha historiadora

Unidade 4

Entrada nun *blog* sobre un tradutor profesional

Recensión dun libro

Actividade de preguntas en pequenos grupos para expresar opinión

Conversa sobre distintos aspectos do mundo dos libros

Textos audiovisuais: entrevista cunha tradutora profesional

Unidade 5

Debate sobre a importancia do diñeiro

Composicións escritas: Redactar unha *proposal*

Textos audiovisuais: audición de varias persoas esperando por diferentes cousas, audición sobre micro finanzas e unha serie de historias de éxito sobre as finanzas.

2º cuadrimestre:

Unidade 6

Unha persoa describindo a súa experiencia de desintoxicación dixital

Persoas describindo a súa experiencia de desintoxicación dixital

Artigo sobre experiencia de desintoxicación dixital

Composicións escritas: redactar un texto discursivo con argumentos a favor e en contra.

Unidade 8

Persoas falando sobre medicina alternativa

Entrevista na radio a un investigador sobre a prescrición social

Un texto sobre comportamento e tratamentos que os médicos evitarían

Un artigo sobre a razón pola que enfermas cando viaxas

Composicións escritas: redacta un texto expresando a opinión persoal.

Unidade 9

Un texto sobre ter mascotas na casa

Un debate na radio sobre o veganismo

Composicións escritas: redactar un texto expresando opinión persoal

3.1.2. Competencias sociolingüísticas

Fan referencia ao coñecemento e aplicación dos recursos que lle permitan ao alumnado comportarse e comunicarse con efectividade nos ámbitos académico e profesional, tendo en conta os aspectos socioculturais e sociolingüísticos. Estes contidos deben enmarcarse nunha perspectiva intercultural e deberán estar integrados nas diferentes áreas temáticas á hora de elaborar os materiais didácticos.

Teranse en conta os marcadores lingüísticos das relacións sociais, normas de cortesía, estereotipos, modismos e rexistros nas seguintes áreas: os servizos públicos, as condicións de vida, as relacións persoais, as convencións sociais, os valores e as crenzas.

3.1.3. Competencias lingüísticas

a) Contidos léxicos-semánticos

Os contidos léxicos deberanse adaptar ás realidades socioculturais dos países das linguas obxecto de estudo, á organización de cada nivel, ás necesidades e dificultades de aprendizaxe do alumnado e ás actividades de lingua. Estes contidos fan referencia á capacidade do alumnado para recoñecer, comprender e usar o léxico que lle permita desenvolverse nos temas que se relacionan.

Consolidaranse todos os contidos léxicos vistos nos niveis anteriores e incidirase nos propios deste nivel.

Alimentación: tipos de dietas e procesos de alimentación, gastronomía típica, establecementos de restauración, tendencias en alimentación, producción agrícola...

Bens e servizos: inmoables, bens e servizos públicos e privados, individuais e colectivos, propiedade intelectual...

Ciencia e tecnoloxía: avances científicos e tecnolóxicos, centros de investigación, sociedades científicas...

Compras e actividades comerciais: actividades de compra, venda e subrogación, rede bancaria, divisas e formas de pagamento...

Cultura e actividades artísticas: música e danza, arquitectura, pintura e escultura, estilos e correntes artísticas, tendencias de vangarda, literatura, fotografía, cine e teatro, novas manifestacións artísticas, artesanía...

Economía e industria: finanzas e bolsa, impostos e renda, comercio, entidades e empresas, sistemas de produción...

Educación e actividades académicas: sistema educativo, profesionais da educación, estudos e titulacións, recursos, lexislación e regulamentos, actividades e innovacións, problemas e conflitos, tendencias...

Goberno, política e sociedade: organización política e de goberno, estrutura administrativa, organismos e servizos públicos, organizacións sociais, políticas e profesionais, conflitos e movementos sociais, xustiza, modas e tendencias sociais...

Identidade persoal: dimensión física e anímica, procedencia e localización xeográfica, características físicas, estilos de vida, carácter e valores persoais, sensacións e percepcións físicas...

Información e medios de comunicación: prensa, radio e televisión, Internet, publicidade e redes sociais...

Lecer e tempo libre: xogos, actividades deportivas, espectáculos, festas, hostalería, vacacións, ocio...

Relacións persoais e sociais: relacións familiares e de parentesco, relacións de amizade e inimidade, formas de convivencia, agrupamentos e interaccións humanas, asociacións...

Relixión e filosofía: correntes filosóficas e relixiosas, institucións relixiosas...

Saúde, coidados físicos e atención sanitaria: estado de saúde e tratamentos médicos, procedementos cirúrxicos e terapias alternativas, material sanitario, consultas, sistemas sanitarios...

Traballo e actividades profesionais: tipos de traballo e tarefas, novas modalidades de emprego, condicións e contratos laborais, asociacións sindicais, seguridade e riscos laborais...

Viaxes e estancias no estranxeiro: turismo, modas e tendencias turísticas, trámites coa administración e burocráticos durante estadas no estranxeiro...

Vivenda, fogar e contorna: tipos de hábitat, a organización urbana, a localización no espazo, a construción, compra e alugueiro, equipamento, decoración e mantemento, a contorna sociocultural, física e económica...

Xeografía, natureza e medio rural: accidentes xeográficos, movementos migratorios, paisaxe urbana e rural, natureza, ecoloxía e problemas ambientais...

Estes contidos aparecen secuenciados segundo as unidades do libro de texto *English File C1.1 (fourth edition)* e tamén doutras fontes como libros de textos de nivel C1 doutras editoriais, novas tecnoloxías e as sesións coa lectora.

1º cuadrimestre

Unidade 1

A familia: árbores familiares

Personalidade: adxectivos, frases feitas, falsos amigos

Traballo: descrición de empregos, *collocations*

Expresións de acordo e desacordo

Marcadores de discurso

Unidade 2

Collocations

Phrasal verbs

Sinónimos

Frases feitas

Construción de palabras; nomes abstractos

Expresión de sentimentos

Eventos

Unidade 3

Frases, expresións e *phrasal verbs* con *get*

O conflito e a guerra: armas, xente e sucesos, verbos

Descrición de películas ou libros

Marcadores de discurso: adverbios e expresións adverbiais

Unidade 4

Descrición de libros e películas

Especulación e dedución

O énfase

Adxectivos para describir libros e películas

Sinónimos

Unidade 5

O diñeiro: vocabulario relacionado co diñeiro, o diñeiro na sociedade de hoxe en día, adxectivos, vocabulario informal relacionado co diñeiro
As organizacións non gobernamentais e o micro-crédito

2º cuadrimestre

Unidade 6

Adxectivos compostos
Teléfonos móbiles e tecnoloxía
Adxectivos e preposicións

Unidade 8

Saúde e medicina
Símiles

Unidade 9

Animais e maltrato animal
Hábitos alimentarios
Expresións idiomáticas relacionados cos animais

b) Contidos gramaticais

Fan referencia ás capacidades do alumnado á hora de seleccionar e usar estruturas de lingua en función da súa pertinencia para acadar a intención comunicativa en cada actividade de lingua. Os contidos que se relacionan deberán adaptarse ás características propias de cada idioma, á organización de cada nivel e ás necesidades e dificultades de aprendizaxe do alumnado.

Consolidaranse todos os contidos sintácticos vistos nos niveis anteriores e incidirase nos seus usos e valores especiais. Así mesmo, prestarase atención aos seguintes aspectos:

- Formación de palabras: derivación e composición
- Recoñecemento dos elementos da palabra e significado dos afixos
- Usos das formas verbais e nominais na composición de textos e adecuación destas ao tipo de texto e ao discurso
- Correlación temporal na construción de textos orais e escritos
- Usos sintácticos complexos
- Disposición dos constituíntes oracionais: coñecemento das posibilidades de alteración da orde
- Gramática textual: os procedementos de organización estrutural dos textos orais e escritos: focalizacións, tematizacións, reformulacións etc.
- Uso de mecanismos de cohesión para a organización de textos orais e escritos.

1º Cuadrimestre

Unidade 1

Os usos de *have* como verbo auxiliar e principal

Uso gramatical dos conectores (conxuncións, preposicións e adverbios)

Unidade 2

Pronomes reflexivos e recíprocos. Usos xenéricos do pronome. *It* e *there*

O uso dos tempos narrativos. A expresión de hábitos no pasado: *used to* e *would*.

Unidade 3

O uso de *get* en diferentes estruturas gramaticais

Adverbios e expresións adverbiais, o seu uso como marcadores do discurso

Unidade 4

Especulación e dedución. Uso de verbos modais, adxectivos e adverbios.

O uso da inversión para engadir énfase

Unidade 5

Os usos do pasado para expresar a irrealidade: *it's time*, *would rather*, *if only*, *I wish*

2º Cuadrimestre:

Unidade 6

Modelos verbais: verbos seguidos de infinitivo ou xerundio

Frases condicionais

Unidade 8

Estruturas de infinitivos e xerundios avanzadas

Os usos do pasado para expresar a irrealidade: *it's time*, *would rather*, *if only*, *I wish*

Unidade 9

O uso da *elipses*

c) Contidos fonéticos

Comprensión de textos orais:

Percepción dos patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso xeral en diversas variedades da lingua, e en medios específicos segundo o ámbito e o contexto comunicativos, e comprensión dos diversos significados e intencións comunicativas asociados a estes, incluíndo variantes de sons e fonemas vocálicos e consonánticos e as súas respectivas combinacións, variantes de procesos

fonolóxicos de enordecemento, sonorización, asimilación, elisión, palatalización, nasalización, epéntese, alternancia vocálica e outros, e cambios de acento e tonicidade na oración con implicacións sintácticas e comunicativas.

Produción e coprodución de textos orais:

Selección, segundo a intención comunicativa, e produción dos patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso xeral en diversas variedades da lingua e en medios específicos segundo o ámbito e o contexto comunicativos, e transmisión dos diversos significados e intencións comunicativas asociados a estes, incluíndo variantes de sons e fonemas vocálicos e consonánticos e as súas respectivas combinacións, variantes de procesos fonolóxicos de enordecemento, sonorización, asimilación, elisión, palatalización, nasalización, epéntese, alternancia vocálica e outros, e cambios de acento e tonicidade na oración con implicacións sintácticas e comunicativas.

Estes contidos desenvolveranse dunha maneira secuencia do modo que segue:

1º cuadrimestre:

Unidade 1

Using a dictionary

The rhythm of spoken English

Unidade 2

Word stress with suffixes

Sound-spelling relationships

Understanding accents

Unidade 3

Stress in word families

Words & phrases of French origin

Unidade 4

Sounds and spelling

Consonant clusters

Foreign words

Unidade 5

Linking in short phrases

UK and US accents.

2º cuadrimestre:

Unidade 6

Acento principal e secundario

Os sons vocálicos: /æ/ and /ʌ/

Unidade 8

O son schwa /ə/

Unidade 9

Auxiliary verbs and *to*

d) Contidos ortográficos

Veremos estes contidos a través das tarefas de expresión escrita que se fan ó longo do curso. Entre outros, debemos sinalar aqueles que se corresponden coas convencións da fala escrita da lingua inglesa: Representación gráfica de fonema e son: grafemas con varias correspondencias fonémicas, correspondencias inusuais en nomes propios e palabras estranxeiras, homófonos e homógrafos, variedades estándar británica e americana. Uso de maiúscula, cursiva, negriña e subliñado. Uso dos signos ortográficos: punto e coma; comiñas, puntos suspensivos... Abreviaturas, siglas e símbolos.

No libro de texto *English File C1.1 (fourth edition)*, atopamos os seguintes contidos ortográficos:

1º cuadrimestre

Unidade 2

Relación entre fonemas e *spelling*

Unidade 4

Grupos consonánticos

2º cuadrimestre

Unidade 6

Sons e *spelling*: /æ/ and /ʌ/

3.2. Competencias socioculturais

Bo dominio de coñecementos, destrezas e actitudes necesarios para abordar en extensión a dimensión social do uso do idioma na comprensión de textos orais e escritos, na produción e coprodución de textos orais e escritos, incluíndo marcadores lingüísticos de relacións sociais, normas de cortesía, modismos e expresións de sabedoría popular, rexistros, dialectos (e acentos, nas actividades de lingua oral).

Bo dominio dos coñecementos, destrezas e actitudes interculturais que permitan levar a cabo actividades de mediación con facilidade e eficacia: conciencia da alteridade, conciencia sociolingüística, coñecementos culturais específicos, observación, escoita, avaliación, interpretación, posta en relación, adaptación,

imparcialidade, metacomunicación, respecto, curiosidade, apertura de miras, tolerancia.

No nivel C1.1 agárdase que o alumno desenvolva esta competencia de maneira que se comunique con flexibilidade e eficacia, incluíndo o uso emocional, alusivo e humorístico da lingua, o que implica apreciar diferentes variedades da lingua e cambios de rexistro, así como recoñecer unha ampla diversidade de expresións idiomáticas, coloquiais e de argot, aínda que pode que precise confirmar detalles esporádicos, sobre todo se o acento lle resulta descoñecido.

O alumnado de nivel C1.1 deberá ser quen de expresarse adecuadamente nunha lingua socio-lingüísticamente apropiada ás situacións de comunicación e adquirir a capacidade de abordar a variedade da fala, ademais dun maior control sobre rexistros e modismos.

Posto que a lingua é un fenómeno social, gran parte dos contidos que forman parte da competencia sociolingüística encádrase nos contidos correspondentes aos diferentes ámbitos ou áreas ligados á competencia sociocultural.

Se terán en conta as seguintes áreas de ámbito sociocultural:

A vida cotiá: cociña e alimentos, convencións sociais e comportamentos nos distintos establecementos; festividades, celebracións e vacacións, horarios laborais e prácticas de traballo; hábitos e afeccións; medios de comunicación.

Os servizos públicos: comportamentos e uso de instalacións públicas (deportivas, académicas, culturais, sanitarias, etc.) e espazos públicos (prazas, parques, rúas, etc.); mobiliarios urbano, mantemento e limpeza de espazos públicos; reciclaxe; protección civil (bombeiros, persoal sanitario, etc).

As condicións de vida: atención á infancia, a persoas maiores, minusválidos, inmigrantes, a persoas sen recursos económicos, a persoas maltratadas; ONGs, asociacións e institucións sen ánimo de lucro; corpos e instalacións de seguridade (loita contra a drogadicción, a delincuencia, etc.)

O contorno xeográfico: relación coa natureza e protección do medio ambiente; parques naturais e rutas; reservas de biodiversidade; urbanismo e organización xeográfica; política forestal e xestión dos recursos; zonas de costa e de interior.

As relacións persoais: relacións entre sexos, novas formas de relación familiar; relación de poder e solidariedade; relacións a través das TIC, relacións entre xeracións, relacións con outras clases sociais, razas e comunidades; citas e encontros; saúdos entre coñecidos e descoñecidos; normas de cortesía; grao de permisividade co comportamento dos nenos nos lugares públicos.

Valores, crenzas e actitudes respecto a: grupos profesionais, riqueza, culturas rexionais, seguridade, política, institucións, minorías, identidade nacional, países, estados e pobos estranxeiros.

As convencións sociais: vestimenta, protocolos, ofrecer e recibir hospitalidade, ofrecer e pedir axuda, invitar, prestar cousas e diñeiro, etc., asistir a convencións, conmemoracións e actos sociais.

O comportamento ritual: cerimonia e prácticas relixiosas (bautizos, vodas, velorios, etc.); comportamento en representacións e cerimonia públicas; celebracións, festividade, bailes, etc.

No nivel C1.1 está previsto tratar estes contidos tamén con materiais complementarios, tales como materiais en liña, materiais audiovisuais, ou materiais procedentes doutros métodos.

3.3. Competencias estratéxicas

Fan referencia á capacidade do alumnado para mobilizar os recursos dispoñibles co fin de aprender e comunicar de forma eficaz.

Comprensión de textos orais:

Selección e aplicación eficaz das estratexias máis adecuadas en cada caso para a comprensión da intención, o sentido xeral, as ideas principais, a información importante, os aspectos e detalles relevantes e as opinións e actitudes dos e das falantes, tanto implícitas como explícitas.

Produción e coprodución de textos orais:

Dominio das estratexias discursivas e de compensación que permitan expresar o que se quere dicir adecuando con eficacia o discurso a cada situación comunicativa e que fagan imperceptibles as dificultades ocasionais.

Comprensión de textos escritos:

Selección e aplicación eficaz das estratexias máis adecuadas para comprender o que se pretende ou se require en cada caso e utilización das claves contextuais, discursivas, gramaticais, léxicas e orto-tipográficas co fin de inferir a actitude, a predisposición mental e as intencións do autor ou da autora.

Produción e coprodución de textos escritos:

Aplicación flexible e eficaz das estratexias máis adecuadas en cada caso para elaborar unha ampla gama de textos escritos complexos axustados ao seu contexto específico, planificando a mensaxe e os medios en función do efecto sobre o/a receptor/a.

Mediación:

Aplicación con soltura das estratexias adecuadas para adaptar os textos que debe procesar ao propósito, á situación, ás persoas receptoras e á canle de comunicación, sen alterar a información e as posturas orixinais.

4. Avaliación

4.1. Criterios de cualificación e mínimos esixibles

4.1.1. Criterios de cualificación

A proba final de promoción consta de cinco actividades de lingua:

- Comprensión de textos escritos
- Producción e coproducción escrita
- Comprensión de textos orais
- Producción e coproducción oral
- Mediación escrita e oral

A cualificación outogada será APTO, NON APTO ou NON PRESENTADO, segundo corresponda.

A puntuación total da proba será de 125 puntos. Cada unha das cinco partes nas que se estrutura terá un valor de 25 puntos. Para superar a proba será necesario acadar, polo menos, 12,5 puntos en cada actividade de lingua e, ademais, obter unha puntuación mínima dun 65% na puntuación total, é dicir 81,25 puntos.

Na convocatoria extraordinaria de finais de xuño o alumnado examínase das actividades de lingua non superadas ou non presentadas na convocatoria ordinaria e de non superalas todas deberá repetir curso.

O alumnado que non acade o mínimo do 65% da puntuación total da proba na convocatoria ordinaria, ademais de examinarse na convocatoria extraordinaria das actividades de lingua nas que non obtivera 12,5 puntos, poderá examinarse tamén daquelas actividades nas que non acadara a puntuación mínima do 65%, é dicir 16,25 puntos. Neste caso, se a cualificación obtida na convocatoria ordinaria é superior á que se obteña na extraordinaria, manterase a cualificación máis alta para o cálculo da nota final.

Avaliarase o progreso e logro de obxectivos do alumnado de forma frecuente e interactiva mediante procesos de observación na aula e recollida e avaliación de tarefas. O profesorado informará ó alumnado sobre o seu progreso, esta avaliación terá unicamente valor orientativo para o alumnado e servirlle ao profesorado para coñecer o grao de cumprimento no desenvolvemento da programación didáctica.

A cualificación positiva final permitirá o acceso ao segundo curso do nivel.

4.1.2. Mínimos esixibles

É **capaz** de comprender conversas en lingua estándar, a velocidade normal e ben organizadas seguindo as argumentacións.

É **quen** de comprender exposicións de certa complexidade do seu interese, resultándolle difícil comprender todo se non están ben organizadas.

É **quen** de discriminar patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso moi común, segundo as intencións comunicativas.

É **capaz** de iniciar, manter e rematar unha conversa sobre un tema de interese persoal utilizando un repertorio lingüístico sinxelo pero suficiente para expresar as súas opinións e argumentar.

É **capaz** de intercambiar información sobre asuntos cotiáns do seu interese con fórmulas simples sintetizando información de distintas fontes e comunicándoa de maneira oral.

É **quen** de pronunciar e entoar, con acento estranxeiro, de xeito claro e natural. É quen de expresarse de xeito suficientemente claro e a un ritmo bastante uniforme usando suficientes recursos lingüísticos para describir, opinar, e utilizando algunhas estruturas complexas.

É **capaz** de comprender textos, de temática xeral e de áreas específicas do seu interese, publicados nos medios de comunicación identificando a intención de textos sobre acordos, comprendendo o seu vocabulario e de reaccionar.

É **quen** de distinguir o ton e o carácter do texto, interpretando o que le con precisión.

É **capaz** de escribir en calquera soporte, ou formato unha carta de motivación para un posto de traballo, detallando e axustando o rexistro empregando con razoable corrección os patróns ortotipográficos e as convencións formais máis habituais de redacción de textos.

É **capaz** de transmitir oralmente e suficientemente a información e as intencións das persoas falantes en lingua estándar e organizadamente adaptando documentos claros e en lingua estándar dos medios de comunicación.

É **quen** de simplificar a información para que as persoas receptoras a entendan.

4.2. Procedementos e instrumentos de avaliación

A avaliación terá por obxecto cualificar o nivel de competencia comunicativa adquirido polo alumnado como resultado do seu proceso de aprendizaxe. Haberá diferentes modalidades ao longo do curso:

Avaliación inicial (ou de diagnóstico): Ao inicio de cada curso, o profesorado realizará unha avaliación do alumnado que terá carácter informativo para este e orientador para o profesor/a, que establecerá as medidas pedagóxicas adecuadas.

Avaliación de progreso (ou formativa): nesta modalidade tanto profesorado como alumnado poden observar, reflexionar e valorar o proceso de aprendizaxe. Avaliarase o progreso e logro de obxectivos do alumnado de forma frecuente e interactiva mediante procesos de observación na aula e recollida e avaliación de tarefas. O profesorado informará ó alumnado sobre o seu progreso

Avaliación de promoción (ou sumativa): os departamentos didácticos farán as probas finais de promoción ao alumnado presencial no mes de maio ou xuño. Terán un valor do 100%.

A cualificación positiva final permitirá o acceso ao segundo curso do nivel.

Autoavaliación: sendo a autoavaliación un instrumento importante no proceso de ensino-aprendizaxe fomentárase a autoavaliación tanto do profesorado como do alumnado. O profesorado poderá saber si acadou os obxectivos marcados e si precisa facer cambios na programación para acadar ditos obxectivos e o alumnado desenvolve a capacidade de ser responsable ante o seu propio proceso de aprendizaxe. O profesorado motivará ó alumnado a realizar as distintas actividades de autoavaliación que se proporcionan.

4.3. Criterios de avaliación

4.3.1. Actividades de comprensión de textos orais

Comprende o que se pretende comunicar co fin de sacar as conclusións apropiadas.

Recoñece, segundo o contexto e en distintos rexistros (familiar, informal, formal ou neutro), a intención e o significado dun amplo repertorio de actos de fala.

Segue un discurso extenso aínda que non estea claramente estruturado.

Recoñece expresións idiomáticas e coloquiais, e aprecia connotacións e matices de significado, aínda que poida necesitar unha repetición se o acento non lle resulta familiar.

Percibe as variedades fonético-fonolóxicas estándar propias da lingua e recoñece matices de significado.

4.3.2. Actividades de produción e coprodución de textos orais

Utiliza o idioma con flexibilidade e eficacia para fins sociais, adaptando o que di e os medios de expresalo á situación, ao/á receptor/a e a formalidade requirida.

Expresa o que quere dicir, superando dificultades ocasionais que poida ter.

Desenvolve argumentos detallados de maneira sistemática e ben estruturada, relacionando lóxicamente os puntos principais, resaltando os puntos importantes, desenvolvendo aspectos específicos e concluíndo adecuadamente.

Rebate os argumentos das persoas interlocutoras de maneira convincente e apropiada, intervindo de forma fluída e espontánea.

Exprésase cun alto grao de corrección de modo consistente.

Domina un amplo repertorio léxico, incluíndo expresións idiomáticas e coloquiais, que lle permiten superar posibles carencias.

É quen de iniciar, manter e rematar unha conversa de maneira apropiada e fluída, respectando as quendas de palabra e tamén valéndose das intervencións dos/as outros/as interlocutores/as.

Expón preguntas para comprobar que comprendeu o que a persoa interlocutora

Expón o que quixo dicir e consegue aclaración dos aspectos ambiguos.

Adapta os textos ao propósito comunicativo, respectando a situación, os/as receptores/as e a canle, sen alterar a información e as posturas orixinais.

Produce un texto meta oral coherente e cohesionado a partir dunha diversidade de textos fonte (orais ou escritos).

Transmite de xeito oral e con claridade os puntos destacados e máis relevantes dos textos fonte, así como todos os detalles que considera importantes en función dos intereses e necesidades das persoas destinatarias.

Varía a entoación e coloca a énfase da oración correctamente para expresar matices de significado, mantendo a articulación propia da variedade estándar da lingua meta.

4.3.3. Actividades de comprensión de textos escritos

Comprende o que se pretende ou o que se lle require en cada caso.

Identifica con rapidez o contido e a importancia de textos dunha ampla serie de temas profesionais ou académicos.

Localiza detalles relevantes en textos extensos e complexos.

Recoñece a intención e o significado do propósito comunicativo, segundo o contexto, o xénero e o tipo de texto.

Localiza a información ou segue o fío da argumentación nun texto de estrutura discursiva complexa ou nun que non estea perfectamente estruturado, no que as relacións e conexións non sempre se expresen con marcadores explícitos.

Recoñece expresións idiomáticas e coloquiais, e aprecia connotacións de significado, aínda que en ocasións poida que necesite consultar un dicionario.

Comprende, segundo o contexto, o xénero e o tipo textual, os significados asociados a unha ampla gama de estruturas sintácticas da lingua escrita.

Comprende as intencións comunicativas expresadas mediante o uso dunha ampla gama de convencións ortotipográficas, tanto en soporte papel como dixital.

4.3.4. Actividades produción e coprodución de textos escritos

Escribe textos complexos extensos, mostrando un dominio dos recursos lingüísticos que lle permiten expresarse con eficacia e precisión.

Redacta un texto e adáptao á situación requirida.

Presenta ideas e puntos de vista con fin de destacalos, diferenciarlos e eliminar posibles ambigüidades.

Utiliza estruturas sintácticas que lle permiten expresarse con precisión, e mantén un alto grao de corrección.

Utiliza as convencións ortotipográficas propias da lingua para producir textos escritos nos que a estrutura, a distribución en parágrafos e a puntuación son apropiadas. A ortografía é correcta, salvo descoidos tipográficos de carácter esporádico.

Adapta os textos ao propósito comunicativo, respectando a situación, as persoas receptoras e a canle, sen alterar a información e as posturas orixinais.

Produce un texto meta escrito coherente e cohesionado a partir de diversos textos

fonte (orais ou escritos).

Sabe facer unha cita e utiliza as referencias seguindo as convencións, segundo o ámbito e contexto comunicativos (p. ex. nun texto académico).

Transmite de maneira escrita e con claridade os puntos destacados e máis relevantes dos textos fonte, así como todos os detalles que considera importantes en función dos intereses e necesidades das persoas destinatarias.

4.3.5. Actividades de mediación

Fai uso dun coñecemento concreto dos aspectos socioculturais e sociolingüísticos propios das culturas nas que se fala o idioma.

Adapta os textos ao propósito comunicativo, respectando a situación, os/as receptores/as e a canle, sen alterar a información e as posturas orixinais.

Produce un texto meta coherente e cohesionado a partir de diversos textos fonte (orais ou escritos).

Sabe citar as fontes segundo o ámbito e o contexto comunicativo.

Transmite de xeito oral ou escrito os puntos destacados e máis relevantes dos textos fonte, así como todos os detalles que considera importantes en función dos intereses e necesidades das persoas destinatarias.

Xestiona con flexibilidade a interacción entre as partes para procurar que flúa a comunicación, axudando a expresar con claridade as posturas e a desfacer malentendidos; e volve, sempre que se precise, sobre os aspectos importantes, iniciando outros temas ou recapitulando para organizar a discusión, e orientándoa cara á resolución da cuestión.

NIVEL C1.2

1. Obxectivos xerais

Unha vez adquiridas as competencias correspondentes ao nivel, o alumnado será capaz de comunicarse case sen esforzo, dun xeito fluído e espontáneo nos ámbitos persoal e público, así como en actividades específicas nos campos académico e profesional. Comprenderá a información importante e os aspectos e detalles relevantes dunha ampla gama de textos orais, e tamén será capaz de entender opinións e actitudes tanto implícitas como explícitas. Comprenderá en detalle textos

escritos, extensos e conceptualmente complexos, sempre que poida rerele determinadas partes do texto; será quen de producir textos escritos ben estruturados e sobre temas de certa complexidade. Empregará, de maneira correcta, estruturas, mecanismos de cohesión e un léxico axeitado e variado para resaltar, sintetizar, ampliar e defender puntos de vista, que permitan rematar a produción cunha conclusión argumentada. O alumnado que acade este nivel

disporá dun bo coñecemento da lingua e dun repertorio de expresións idiomáticas que lle permitan apreciar, expresar e transmitir matices de significados.

1.1. Actividades de comprensión de textos orais

Comprender, independentemente da canle e mesmo en malas condicións acústicas, a intención e o sentido xeral, as ideas principais, a información importante, os aspectos e detalles relevantes e as opinións e actitudes, tanto implícitas como explícitas, dos e das falantes nunha ampla gama de textos orais extensos, precisos e detallados, e nunha variedade de acentos, rexistros e estilos, mesmo cando a velocidade de articulación sexa alta e as relacións conceptuais non estean sinaladas explicitamente, sempre que poida confirmar algúns detalles, especialmente se non está familiarizado/a co acento.

1.2. Actividades de produción e coprodución de textos orais

Producir e coproducir con fluidez, espontaneidade e case sen esforzo, independentemente da canle, unha ampla gama de textos orais extensos, claros e detallados, conceptual e estruturalmente complexos, en diversos rexistros, e cunha entoación e acento adecuados á expresión de matices de significado, mostrando dominio dunha ampla gama de recursos lingüísticos, das estratexias discursivas e interaccionais e de compensación que fai imperceptibles as dificultades ocasionais que poida ter para expresar o que quere dicir, e que lle permite adecuar con eficacia o seu discurso a cada situación comunicativa.

1.3. Actividades de comprensión de textos escritos

Comprender a intención e o sentido xeral, a información importante, as ideas principais, os aspectos e detalles relevantes e as opinións e actitudes dos/as autores/as, tanto implícitas como explícitas, nunha ampla gama de textos escritos extensos, precisos e detallados, conceptual e estruturalmente complexos, mesmo sobre temas fora do seu campo de especialización, identificando as diferenzas de estilo e rexistro, sempre que poida reler as seccións difíciles

1.4. Actividades produción e coprodución de textos escritos

Producir e coproducir textos escritos extensos e detallados, ben estruturados e axustados aos diferentes ámbitos de actuación, sobre temas complexos, resaltando as ideas principais, ampliando e defendendo os seus puntos de vista con ideas complementarias e exemplos, rematando cunha conclusión apropiada. Para iso empregará de maneira correcta e consistente, estruturas gramaticais e convencións ortográficas complexas, de puntuación e de presentación do texto, mostrando control de mecanismos complexos de cohesión, e dominio dun léxico amplo que lle permita expresar matices de significado.

1.5. Actividades de mediación

Mediar entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas, oralmente ou por escrito, en situacións específicas e complexas, nos ámbitos persoal, público, académico e profesional, transmitindo con flexibilidade, corrección e eficacia unha ampla gama de textos orais ou escritos complexos.

2. Obxectivos específicos

2.1. Actividades de comprensión de textos orais

Comprender, independentemente da canle, a información específica en declaracións, mensaxes, anuncios e avisos detallados, aínda que poidan ter mala ou baixa calidade ou un son distorsionado.

Comprender información complexa con condicións e advertencias, instrucións de funcionamento e especificacións de produtos, servizos, así como información sobre procedementos coñecidos ou menos habituais e sobre os asuntos relacionados coa súa profesión ou actividades académicas.

Comprender con relativa facilidade a maioría das conferencias, charlas, coloquios, faladoiros e debates, sobre temas complexos de carácter público, profesional ou académico, entendendo en detalle os argumentos que se esgrimen.

Comprender os detalles de conversacións e discusións de certa lonxitude entre terceiras persoas, mesmo sobre temas abstractos, complexos ou cos que non se está familiarizado/a, e captar a intención do que se di.

Comprender conversacións de certa lonxitude nas que participa, aínda que non estean claramente estruturadas.

Comprender, sen demasiado esforzo, unha ampla gama de programas de radio, televisión, obras de teatro ou espectáculos e películas que poidan conter linguaxe coloquial ou expresións idiomáticas. Identificar pormenores e actitudes implícitas entre os e as falantes.

2.2. Actividades de produción e coprodución de textos orais

Facer declaracións públicas con fluidez, case sen esforzo e usando a entoación para transmitir o significado con precisión.

Realizar presentacións claras e ben estruturadas, sobre un tema complexo, ampliando con subtemas, desenvolvendo ideas concretas e defendendo puntos de vista con argumentos e exemplos adecuados, apartándose cando sexa necesario do texto preparado para continuar con aspectos propostos pola audiencia e rematar cunha conclusión apropiada, unha vez respondidas as preguntas finais.

Participar nunha entrevista, como persoa entrevistador/a ou entrevistado/a, ampliando e desenvolvendo as ideas discutidas, utilizando mecanismos adecuados para manter o bo desenvolvemento do discurso.

Participar en conversacións formais ou informais, cunha ou varias persoas interlocutoras, que traten temas abstractos, complexos ou específicos. Facer un uso emocional ou humorístico do idioma, expresar as propias ideas e opinións con precisión, presentar liñas argumentais de maneira convincente e responder con eficacia.

2.3. Actividades de comprensión de textos escritos

Comprender instrucións, indicacións, normativas, avisos ou outras informacións de carácter técnico e complexas, incluíndo algún detalle sobre condicións e advertencias, tanto se se relacionan coa propia especialidade coma se non, sempre que se poidan reler as seccións máis difíciles.

Comprender alusións en notas, mensaxes e correspondencia persoal, que poidan tratar sobre temas complexos e presentar trazos específicos na súa estrutura ou no léxico (formato non habitual, linguaxe coloquial, ton humorístico).

Comprender a información contida en correspondencia formal de carácter profesional ou institucional, identificando os niveis de formalidade e as actitudes ou opinións implícitas.

Comprender artigos, informes, actas, memorias e outros textos complexos do ámbito social, profesional ou académico e identificar detalles que denoten actitudes, sempre que se poidan volver ler as seccións difíciles.

Comprender en detalle a información contida en textos de consulta de carácter profesional ou académico, en calquera soporte, sempre que se poidan volver ler as seccións difíciles.

Comprender, en calquera soporte, as ideas e posturas expresadas en artigos ou outros textos xornalísticos de certa extensión, tanto de carácter xeral como especializado, nos que se comentan e analizan puntos de vista ou opinións. Comprender textos literarios contemporáneos, escritos nunha variedade de lingua estándar e captar a mensaxe, as ideas e as conclusións implícitas.

2.4. Actividades produción e coprodución de textos escritos

Tomar notas durante unha conferencia, curso ou seminario que trate temas da súa especialidade, ou durante reunións no ámbito profesional, escribindo a información de maneira que as notas poidan ser útiles para outras persoas.

Escribir correspondencia persoal en calquera soporte e comunicarse en foros, relacionarse con flexibilidade e eficacia coas persoas destinatarias, incluíndo usos de carácter emocional, alusivo e humorístico.

Escribir correspondencia formal dirixida a institucións públicas ou privadas na que se fagan reclamacións ou demandas con certa complexidade e se empreguen os argumentos pertinentes para apoiar ou rebater posturas.

Escribir informes, memorias, artigos e ensaios claros e ben estruturados, sobre temas complexos en contornas de carácter público, académico ou profesional, resaltando as ideas principais, ampliando con subtemas e rematando cunha conclusión apropiada.

2.5. Actividades de mediación

Mediar entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas para trasladar oralmente ou por escrito unha ampla gama de textos sobre temas relacionados cos campos do seu interese persoal, da súa especialización ou dos ámbitos profesional e académico.

Adaptar sen aparente dificultade o rexistro aos diferentes contextos de uso e manter unha expresión e entoación que permitan transmitir o significado e aclarar posibles confusións.

Levar a cabo transacción, xestións e operacións, nas que se debe negociar a solución de conflitos, identificar as posturas, desenvolver argumentos, facer concesións, utilizando unha linguaxe negociadora e afrontar dificultades imprevistas.

Recoñecer significados complexos, en textos orais ou escritos, e adaptar o formato e contido en función das necesidades ou intereses do/a receptor/a e aclarar posibles confusións.

3. Secuenciación e temporalización dos contidos

3.1. Competencias comunicativas

3.1.1. Competencias pragmáticas

a) Contidos funcionais

Fan referencia aos expoñentes que o alumnado precisa para desenvolver as funcións comunicativas nos diferentes contextos. Os expoñentes das funcións que se relacionan a continuación deberán adaptarse ás características propias de cada idioma, á organización de cada nivel e ás necesidades e dificultades de aprendizaxe do alumnado.

Comprensión e expresión das seguintes funcións comunicativas ou actos de fala en contextos comunicativos específicos, tanto a través de actos de fala directos como indirectos, nunha ampla variedade de rexistros:

Funcións ou actos de fala asertivos, relacionados coa expresión do coñecemento, da opinión, da crenza e da conxectura: expresar acordo e desacordo, expresar descoñecemento, expresar dúbida e escepticismo, expresar unha opinión, formular unha hipótese, supoñer, predicir...

Funcións ou actos de fala que impliquen compromiso, relacionados coa expresión do ofrecemento, da intención, da vontade e da decisión: expresar a

intención, a vontade e a decisión de facer ou non facer algo; ofrecer axuda; prometer e retractarse...

Funcións ou actos de fala directivos, que teñen como finalidade dar unha instrución: ofrecer consello, advertir, dar instrucións, dar ou negar permiso, previr a alguén en contra de algo ou de alguén, prohibir, recomendar, lembrarlle algo a alguén, restrinxir e suplicar...

Funcións ou actos de fala fácticos e solidarios, que se realizan para establecer ou manter o contacto persoal, social, académico e profesional e expresar actitudes con respecto aos/ás demais: aceptar ou declinar unha invitación, compadecerse, expresar condolencia, facer cumprimentos, interesarse por alguén ou por algo, pedir desculpas e rexeitar...

Funcións ou actos de fala expresivos, cos que se expresan actitudes e sentimentos como resposta ante determinadas situacións: expresar admiración, ledicia, aprecio, simpatía, (des)confianza, (des)aprobación, decepción, (des)interese, resignación, temor, exculpar, lamentar, reprochar...

No nivel C1.2 os seguintes contidos serán desenvolvidos dunha forma secuenciada, en parte utilizando *English File C1.2 (fourth edition)* da editorial Oxford, o libro de texto obrigatorio, e en parte baseada en material complementaria creada polo profesorado usando textos auténticos e material didáctica de Internet, outros libros de texto de C1.2(*Empower C1, Speakout Advanced*), recursos varios e as sesións co lector nativo.

Os contidos secuenciados, segundo as unidades do libro de texto *English File C1.2* da editorial Oxford, son os seguintes:

1º cuatrimestre:

Unidade introdutoria (Aprendizaxe de linguas e a importancia dos medios baseada en material complementaria creada)

Pedir e dar información sobre cuestións persoais

Comunicar opinións sobre aprendizaxe de linguas

Especular e debater sobre obstáculos e axudas no estudo das linguas

Debater sobre a importancia dos medios na aprendizaxe das linguas

Redactar un perfil de aprendiz de linguas ou redactar un *blogpost* sobre a importancia dos medios de comunicación

Unidade 1:

Contar consellos sobre motivación dados por personaxes famosas.

Debater sobre personaxes famosas como fonte de inspiración.

Narrar consellos recibidos durante a súa vida.

Describir a súa propia educación.

Debater en grupos sobre as influencias na educación.

Usar estratexias avanzadas de comprensión lectora e mediar
Redactar un ensaio sobre a crianza en xénero neutral durante os dous primeiros anos de vida.

Unidade 2

Formular hipóteses sobre como a adversidade pode influír na vida
Especular sobre problemas sociais ou persoais no futuro
Salientar opinións sobre como sobrepoñerse a problemas
Narrar anécdotas sobre momentos de superación
Debater sobre distintas formas de viaxar
Expresar a preferencia sobre o tema do aloxamento
Identificar os problemas actuais na industria turística
Narrar unha viaxe destacando elementos positivos e negativos
Redactar unha carta de queixa e unha resposta apropiada sobre unha viaxe

Unidade 3A

Descibir hábitos e rutinas para mellorar a saúde dos maiores
Resumir textos biográficos sobre adolescentes famosos
Expresar opinións e revelar mitos ou prexuizos sobre problemas da idade
Desenrolar mini-charlas sobre distintos temas e escoitar activamente: conxectar, corroborar, desmentir, disentir, expresar descoñecemento ou escepticismo
Redactar un artigo sobre *ageism*

Unidade 4

Salientar opinións sobre igualdade de xénero
Debater sobre a linguaxe e a súa importancia na igualdade de xénero
Presentar distintas opcións para a xubilación
Resumir textos sobre as vantaxes e desvantaxes de traballar oito horas
Redactar unha proposta para mellorar as condicións laborais nunha compañía

2º cuadrimestre:

Unidade 5:

Descibir emocións e como combater o estrés
Mediar en situacións de conflito
Explicar preferencias nos medios de comunicación
Identificar e debater sobre noticias falsas
Salientar opinións sobre distintos temas de política internacional actual
Comprender experiencias da inmigración e multiculturalismo
Redactar un ensaio sobre os medios e *fake news*

Unidade 6:

Descibir tecnoloxías tipo *smartphones*, *smart watches*
Debater sobre a problemática actual en canto as tecnoloxías e a ciencia

Utilizar a linguaxe das estatísticas
Redactar un informe usando estatística sobre a tecnoloxía

Unidade 7A:

Debater sobre distintos castigos e sistemas penitenciarios
Describir un libro, serie ou película sobre o tema da xustiza
Redactar un informe usando estatística sobre a xustiza

Unidade 8:

Describir a preparación de distintas comidas
Identificar hábitos sans de comida
Analizar críticas de restaurantes
Explicar e entender diferenzas entre culturas en canto a gastronomía
Describir obxectos de arte
Debater sobre o futuro de museos
Redactar unha carta formal de petición

b) Contidos discursivos

● Coherencia e cohesión

Coherencia textual: supón a adecuación do texto oral ou escrito ao contexto comunicativo a través do tipo e formato de texto, da variedade de lingua, do rexistro, do tema, da selección de contido relevante (selección léxica; selección de estruturas sintácticas) e do contexto espazo-temporal (a referencia espacial e a referencia temporal).

Variedade de lingua estándar
Rexistro formal e informal
Tema: enfoque e contido
Contexto espazo-temporal
Desenvolvemento temático
Mantemento e seguimento do discurso oral
Cambio temático

Cohesión textual: é organización interna do texto: inicio, desenvolvemento e conclusión da unidade textual:

Inicio do discurso (con mecanismos iniciadores e de toma de contacto) e a introdución do tema (tematización)

Desenvolvemento do discurso (desenvolvemento temático: mantemento do tema con correferencia, elipse, repetición, reformulación, énfase; expansión temática: exemplificación, reforzo, contraste, introdución de subtemas e cambio temático: digresión, recuperación do tema.

Conclusión do discurso: resumo / recapitulación, indicación de peche textual, peche textual.

Trataranse:

- a. Repeticións de tipo léxico e semántico
- b. Correferencias
- c. Marcadores discursivos
- d. Marcadores de función pragmática
- e. Signos de puntuación
- f. Recursos da entoación e das pausa

- **Tipoloxía de textos**

Fan referencia ao coñecemento, comprensión e aplicación das competencias discursivas que lle permitan ao alumnado producir e comprender textos coherentes con respecto ao contexto en que se producen e que presenten unha cohesión interna que facilite a súa comprensión. A complexidade da tipoloxía de textos que se relaciona deberá adaptarse ás características propias de cada idioma, á organización de cada nivel, ás necesidades e dificultades de aprendizaxe do alumnado e ás distintas actividades de lingua.

Traballarase a seguinte tipoloxía de **textos orais**:

Anuncios publicitarios complexos retransmitidos

Instrucións e indicacións detalladas

Conversas especializadas

Reunións de traballo con vocabulario específico

Debates e discusións formais sobre temas complexos ou específicos

Entrevistas longas e complexas: de traballo, académicas...

Entrevistas xornalísticas de carácter divulgativo

Sondaxes e cuestionarios complexos

Audiovisuais

Conferencias, presentacións e declaracións públicas específicas e detalladas

Cancións

Representacións teatrais

Podcasts

Informativos

Clases gravadas

Páxinas web gobernamentais

Traballarase a seguinte tipoloxía de **textos escritos**:

Correspondencia persoal e profesional especializada

Textos extensos da súa especialidade ou doutros ámbitos

Instrucións extensas

Textos xornalísticos informativos e de opinión sobre temas de actualidade

Textos literarios contemporáneos que poidan presentar certa complexidade lingüística, estrutural e temática

Textos de rexistro coloquial en forma de notas, cartas, correo electrónico etc., aínda que se apoiem excepcionalmente en modismos e fraseoloxía específica

Informacións, anuncios e slogans publicitarios

Textos que poidan amosar trazos non normativos

Textos de opinión ou ensaísticos sobre cuestións de actualidade ou sobre temas de interese xeral

Textos académicos ou profesionais relacionados ou non coa súa especialidade

Textos ensaísticos

Estes contidos aparecen secuenciados segundo as unidades do libro de texto *English File C1.2 (fourth edition)* da editorial Oxford no que en C1.2 trataranse as unidades 1-8 da seguinte forma:

1º cuadrimestre:

Unidade introdutoria:

Perfil persoal dun *blog*

Textos explicativos sobre métodos de ensino

Artigos cortos xornalísticos cos titulares

Ficha sobre linguas

Debate sobre os medios de comunicación

Diálogo sobre o estudo de linguas estranxeiras

Textos audiovisuais: entrevista na radio, documental sobre léxico, vídeo sobre consellos para aprender unha lingua, vídeos de noticias sobre desastres naturais.

Composicións escritas: Perfil persoal dun *blog* de aprendizaxe de linguas ou *blogpost* sobre a importancia dos medios

Unidade 1:

Informe de UNICEF sobre o país cos nenos máis felices.

Descricións de xornalistas

Artigo sobre profesores que inspiran

Entrevista cun experto en paternidade

Un ensaio sobre a crianza na liberdade

Textos audiovisuais: Un *podcast* baseado nun artigo do xornal *The Guardian* sobre consellos, un programa de radio no que se entrevista a un experto, un vídeo dunha conversación entre tres persoas sobre o tema da crianza

Composicións escritas: Redactar un ensaio sobre a crianza dos nenos

Unidade 2:

Prólogo dun libro sobre as memorias de Jean-Dominique Bauby

Artigo sobre un *reality show* de televisión

Un texto sobre medidas para prever as picaduras de mosquitos.

Un extracto dun libro sobre como incorporar a aventura nas nosas vidas

Debate sobre distintas formas de viaxar

Artigos sobre o turismo e os problemas actuais

Descricións de viaxes

Textos audiovisuais: Unha entrevista radiofónica da BBC con Jo Malone,,un relato sobre un *reality show* de televisión chamado *Race Across the World*, un documental sobre un servizo de rescate en montaña

Composicións escritas: Redactar unha carta de queixa e unha resposta apropiada sobre unha viaxe

Unidade 3A:

Artigo sobre a mellor idade para cada actividade vital

Interacción con presentacións sobre temas debatibles

Artigo sobre a medicina alternativa

Infografía sobre consellos de saúde

Textos audiovisuais: un *podcast* sobre xente nova na lista de adolescentes influíntes da revista *Time*

Composicións escritas: Redactar un artigo sobre *ageism*

Unidade 4:

Un artigo sobre unha controvertida teoría relacionada có cerebro masculino e feminino.

Un artigo sobre porque as mulleres seguen sendo minoría en certas profesións.

Un extracto dun libro escrito por un antigo directivo de Google.

Un artigo sobre a desigualdade salarial entre homes y mulleres.

Textos audiovisuais: una conferencia sobre como facer que a linguaxe sexa neutra, un programa de radio sobre as últimas tendencias no traballo, un documental sobre a conciliación laboral e familiar

Composicións escritas: Redactar unha proposta para mellorar as condicións laborais nunha compañía

2º cuadrimestre:

Unidade 5:

Un artigo sobre como o traballo e o estrés.

Un artigo sobre as diferentes actitudes ante o espazo persoal

Cinco sinopses de libros de psicoloxía e autoaxuda.

Un debate sobre a inmigración

Textos audiovisuais: Una charla dun psicólogo sobre as emocións negativas, conversa entre dous irmáns falando da herdanza ,un vídeo dunha conversa entre tres persoas sobre un entorno multicultural.

Composicións escritas: Redactar un ensaio sobre os medios e *fake news*

Unidade 6:

Un artigo de prensa sobre u abandonar a tecnoloxía

Unha narración sobre un inventor de Malawi,

Un extracto dunha recensión dun libro sobre erros matemáticos

Gráficos sobre as fontes de ingresos de dúas universidades británicas.

Opiniós de catro persoas sobre o rañaceos máis alto de Londres

Textos audiovisuais: A historia do inventor de Malawi, os recordos e experiencias

sobre o ensino das matemáticas, a descrición da información de varios gráficos

unha entrevista co matemático Bobby Seagull

Composicións escritas: Redactar un informe usando estatística sobre a tecnoloxía

Unidade 7A:

Un informe sobre a educación nas prisións.

Un artigo que contrasta os diferentes estilos de ficción criminal

Textos audiovisuais: Unha entrevista radiofónica da BBC cun preso

Composicións escritas: Redactar un informe con gráfica sobre a xustiza

Unidade 8:

Criticas de restaurantes

Artigos sobre hábitos de comer sans

Artigo xornalístico sobre

Textos audiovisuais: Un programa da BBC sobre actitudes cara a comida, una

audio guía sobre seis artefactos relevantes na historia da humanidade, un

documental sobre o Museo Pitt Rivers de Oxford

Composicións escritas: Redactar unha carta formal de petición

3.1.2. Competencias sociolingüísticas

Fan referencia ao coñecemento e aplicación dos recursos que lle permitan ao alumnado comportarse e comunicarse con efectividade nos ámbitos académico e profesional, tendo en conta os aspectos socioculturais e sociolingüísticos. Estes contidos deben enmarcarse nunha perspectiva intercultural e deberán estar integrados nas diferentes áreas temáticas á hora de elaborar os materiais didácticos.

Teranse en conta os marcadores lingüísticos das relacións sociais, normas de cortesía, estereotipos, modismos e rexistros nas seguintes áreas: os servizos públicos, as condicións de vida, as relacións persoais, as convencións sociais, os valores e as crenzas.

3.1.3. Competencias lingüísticas

a) Contidos léxicos-semánticos

Os contidos léxicos deberanse adaptar ás realidades socioculturais dos países das linguas obxecto de estudo, á organización de cada nivel, ás necesidades e dificultades de aprendizaxe do alumnado e ás actividades de lingua. Estes contidos fan referencia á capacidade do alumnado para recoñecer, comprender e usar o léxico que lle permita desenvolverse nos temas que se relacionan.

Consolidaranse todos os contidos léxicos vistos nos niveis anteriores e incidirase nos propios deste nivel:

Alimentación: tipos de dietas e procesos de alimentación, gastronomía típica, establecementos de restauración, tendencias en alimentación, produción agrícola...

Bens e servizos: inmobles, bens e servizos públicos e privados, individuais e colectivos, propiedade intelectual...

Ciencia e tecnoloxía: avances científicos e tecnolóxicos, centros de investigación, sociedades científicas...

Compras e actividades comerciais: actividades de compra, venda e subrogación, rede bancaria, divisas e formas de pagamento...

Cultura e actividades artísticas: música e danza, arquitectura, pintura e escultura, estilos e correntes artísticas, tendencias de vangarda, literatura, fotografía, cine e teatro, novas manifestacións artísticas, artesanía...

Economía e industria: finanzas e bolsa, impostos e renda, comercio, entidades e empresas, sistemas de produción...

Educación e actividades académicas: sistema educativo, profesionais da educación, estudos e titulacións, recursos, lexislación e regulamentos, actividades e innovacións, problemas e conflitos, tendencias...

Goberno, política e sociedade: organización política e de goberno, estrutura administrativa, organismos e servizos públicos, organizacións sociais, políticas e profesionais, conflitos e movementos sociais, xustiza, modas e tendencias sociais...

Identidade persoal: dimensión física e anímica, procedencia e localización xeográfica, características físicas, estilos de vida, carácter e valores persoais, sensacións e percepcións físicas...

Información e medios de comunicación: prensa, radio e televisión, Internet, publicidade e redes sociais...

Lecer e tempo libre: xogos, actividades deportivas, espectáculos, festas, hostalería, vacacións, ocio...

Relacións persoais e sociais: relacións familiares e de parentesco, relacións de amizade e inimidade, formas de convivencia, agrupamentos e interaccións humanas, asociacións...

Relixión e filosofía: correntes filosóficas e relixiosas, institucións relixiosas...

Saúde, cuidados físicos e atención sanitaria: estado de saúde e tratamentos médicos, procedementos cirúrxicos e terapias alternativas, material sanitario, consultas, sistemas sanitarios...

Traballo e actividades profesionais: tipos de traballo e tarefas, novas modalidades de emprego, condicións e contratos laborais, asociacións sindicais, seguridade e riscos laborais...

Viaxes e estancias no estranxeiro: turismo, modas e tendencias turísticas, trámites coa administración e burocráticos durante estadías no estranxeiro...

Vivenda, fogar e contorna: tipos de hábitat, a organización urbana, a localización no espazo, a construción, compra e alugueiro, equipamento, decoración e mantemento, a contorna sociocultural, física e económica...

Xeografía, natureza e medio rural: accidentes xeográficos, movementos migratorios, paisaxe urbana e rural, natureza, ecoloxía e problemas ambientais...

Estes contidos aparecen secuenciados segundo as unidades do libro de texto, *English File C1.2 (fourth edition)* da editorial Oxford, do que en C1.2 vense as unidades 6-10, aínda que moitos deles serán tamén traballados coa axuda de materiais reais, tarefas obtidas doutros libros do nivel C1 como *Empower C1*, *Speakout Advanced*, *Premium*, *Language Leader*, *Straightforward*, etc. e as novas tecnoloxías (DVDs, Internet, aula virtual, etc. e durante as sesións coa lectora.

A distribución dos contidos por cuatrimestres é a seguinte:

1º cuatrimestre: unidade introdutoria, unidades 1, 2 ,3A, 4

2º cuatrimestre: unidades 5, 6, 7A, 8

1º Cuatrimestre:

Unidade: Introducción:

Identidade persoal: dimensión física e anímica

Vocabulario sobre a aprendizaxe das linguas

Vocabulario para describir cambio

Expresións para dar, pedir, rebater opinións

Desastres naturais

Información e medios de comunicación

Unidade 1:

Frases idiomáticas para expresarse de forma inexacta

Educación

Habilidades, formación e experiencia

Consellos

Expresións para organizar unha presentación

Expresións para debater

Unidade 2:

Viaxes (puntos negativos e positivos)
Características da paisaxe
Itinerarios turísticos
Descricións de aloxamento turístico
Formas de moverse
Expresións para queixarse

Unidade 3A

Etapas da vida
A idade
Enfermidades e tratamentos
A linguaxe das investigacións

Unidade 4

Igualdade dos xéneros
Binomiais
Acrónimos
Expresións de causa e efecto
O emprego e a xubilación

2º Cuadrimestre:

Unidade 5:

As emocións
Eventos da vida que destacan
Individuos e nacionalidades
A inmigración

Unidade 6:

Ciencia e tecnoloxía
Tendencias e predicións do futuro
Novos inventos
A robótica
Tecnoloxía *Smart* nas cidades
Internet / xogos de vídeo

Unidade 7A

Crimes e castigos
Xustiza social (igualdade de xénero, racismo, etc.)
Organizacións caritativas e voluntariado

Unidade 8

A gastronomía
Hábitos de vida saudable, alimentación

Cultura e actividades artísticas
Belas artes
Arquitectura
Lugares culturais

Os temas de **relixión, filosofía, e política** serán tratados, utilizando material auténtica (artigos, programas de radio e tv) e a través doutras fontes (libros de texto, artigos e programas na rede) e nas sesión da lectora.

b) Contidos gramaticais

Fan referencia ás capacidades do alumnado á hora de seleccionar e usar estruturas de lingua en función da súa pertinencia para acadar a intención comunicativa en cada actividade de lingua. Os contidos que se relacionan deberán adaptarse ás características propias de cada idioma, á organización de cada nivel e ás necesidades e dificultades de aprendizaxe do alumnado.

Consolidaranse todos os contidos sintácticos vistos nos niveis anteriores e incidirase nos seus usos e valores especiais. Así mesmo, prestarase atención aos seguintes aspectos:

Formación de palabras: derivación e composición

Recoñecemento dos elementos da palabra e significado dos afixos

Usos das formas verbais e nominais na composición de textos e adecuación destas ao tipo de texto e ao discurso

Correlación temporal na construción de textos orais e escritos

Usos sintácticos complexos

Disposición dos constituíntes oracionais: coñecemento das posibilidades de alteración da orde

Gramática textual: os procedementos de organización estrutural dos textos orais e escritos: focalizacións, tematizacións, reformulacións etc.

Uso de mecanismos de cohesión para a organización de textos orais e escritos

1º Cuadrimestre:

Unidade: Introducción

Verbos: O pretérito perfecto composto

Tempos verbais narrativos

Oracións escindidas (*What I really like, It was only when, etc.*)

Unidade 1

Modalidade: *Will, would, should* (usos avanzados), obrigación, necesidade e permiso en presente e pasado (*should / ought to have, needn't have, could have, supposed to, had better not, etc.*)

Tempos verbais para expresar o futuro

Frases nominais

O substantivo composto e formas posesivas
Verbos compostos (*cut themselves off, bombard with*)

Unidade 2:

Modalidade: dedución (*may, might, could, can't*) + *seems/looks as if* para expresar inexactitude

Os prefixos e sufixos

Substantivos con sufixos

Formación de léxico

Cláusulas de participio (*having listened, encouraged by, not wanting*)

Cláusulas relativas

Unidade 3A

O artigo e os cuantificadores

A orde na frase (*verb patterns*)

Inversión (*No sooner had he finished when...*, etc.)

Xerundios e infinitivos

Unidade 4

Causa e efecto

Tempos verbais: o aspecto continuo

2º Cuadrimestre:

Unidade 5

Preposicións: Adxectivos con preposicións

Comparativos: *better and better, nothing like as, every bit as*, etc.

Unidade 6

Posición de adverbios

Frases complexas e acordo entre suxeito e verbo

Unidade 7A

Pasivas complexas

Verbos seguido de obxecto + infinitivo e xerundio

Usos especiais de tempos verbais (presente histórico, etc.)

Unidade 8

As cláusulas condicionais, o seu uso real e irreal, alternancia de tempos verbais e conxuncións condicionais

Tempos verbais para situacións irrealis: (*Imagine, It's about time, I'd rather... you were/had been*, condicionais)

Adxectivos (orde na frase)

c) Contidos fonéticos

Fan referencia á capacidade do alumnado para recoñecer, seleccionar e producir os patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación frecuente (aínda que sexa perceptible o acento estranxeiro). Os contidos que se relacionan deberán adaptarse ás características propias de cada idioma, á organización de cada nivel, ás necesidades e dificultades de aprendizaxe do alumnado e ás actividades de lingua.

Consolidaranse todos os contidos fonético-fonolóxicos vistos nos niveis anteriores e incidirase nos propios deste nivel:

A énfase

A entoación e os cambios de ton

Os patróns característicos de tons vinculados a intencións comunicativas específicas (ironía, sarcasmo, humor...)

Os patróns melódicos específicos dalgunhas estruturas sintácticas

Secuencias sinxelas cunha entoación característica (refrás, poemas...)

A correspondencia entre unidades melódicas e a puntuación

O recoñecemento das variantes diatópicas e diastráticas máis estendidas

Esta competencia supón, a nivel C1.2, unha capacidade articulatoria próxima a algunha das variedades estándar propias da lingua de chegada e unha capacidade de percepción, sen moito esforzo, das devanditas variantes. A entoación debe axustarse á situación comunicativa e variar para expresar matices sutís de significado. As competencias fonético-fonolóxicas que deben desenvolverse para este nivel son as seguintes:

Variantes de sons e fonemas vocálicos e consonánticos e as súas respectivas combinacións.

Variantes de procesos fonolóxicos de enxordecemento, sonorización, asimilación, elisión, palatalización, nasalización, epéntese, alternancia vocálica e outros.

Cambios de acento e atonicidade na oración con implicacións sintácticas e comunicativas.

Os contidos fonéticos que non son tratados no método *English File Advanced* da editorial Oxford son os seguintes:

Variantes de procesos fonolóxicos de enxordecemento, sonorización, asimilación, elisión, palatalización, nasalización, epéntese, alternancia vocálica.

No nivel C1.2 está previsto tratar estes contidos con *English File C1.2 (fourth edition)*, xa que está especificamente dedicado a problemas de pronunciación de falantes de español, con material complementaria en cada unidade.

No libro de texto, *English File C1.2*, atopamos os seguintes contidos fonéticos:

1º cuadrimestre:

Unidade 1:

As formas contraídas
Vogais cortas e longas
A diferenza entre /æ/ e /ʌ/

Unidade 2:

As palabras que teñen dúas formas de pronuncia
Combinacións de consonantes con s
Entoación e unión de sons en exclamacións

Unidade 3A:

Acentuación primaria e secundaria
Acentuación de artigos
A lectura en voz alta

Unidade 4

Binomias
A pronuncia de acrónimos

2º Cuadrimestre

Unidade 5:

Acentuación en adxectivos multi-silábicos
Acentuación contrastiva

Unidade 6:

Entoación en oracións con adverbios
Acentuación e entoación de números longos

Unidade 7A

Comprender acentos rexionais
Linking (unir palabras nunha frase)

Unidade 8

Pronuncia de distintas vogais
Acentuación e entoación

d) Contidos ortográficos

Fan referencia á capacidade do alumnado para recoñecer, seleccionar e producir os elementos gráficos e as convencións ortográficas. Os contidos que se relacionan deberán adaptarse ás características propias de cada idioma, á

organización de cada nivel, ás necesidades e dificultades de aprendizaxe do alumnado e ás actividades de lingua.

Consolidaranse todos os contidos ortotipográficos vistos nos niveis anteriores e incidirase nos propios deste nivel:

As convencións de distribución e organización do texto

As abreviaturas, siglas, símbolos e acrónimos de uso común

Veremos estes contidos a través das tarefas de expresión escrita que se fan ó longo do curso. Entre outros, debemos sinalar aqueles que se corresponden coas convencións da fala escrita da lingua inglesa:

Representación gráfica de fonema e son: grafemas con varias correspondencias fonémicas, correspondencias inusuais en nomes propios e palabras estranxeiras, homófonos e homógrafos, variedades estándar británica e americana.

Uso de maiúscula, cursiva, negriña e subliñado.

Uso dos signos ortográficos: punto e coma; comiñas, puntos suspensivos...

Abreviaturas, siglas e símbolos.

No libro de texto, *English File C1.2 (fourth edition)*, atopamos os seguintes contidos ortográficos:

Unidade 1

Palabras con vogais longas e curtas (*spelling*)

Unidade 2

Combinacións comúns de consoantes

Prefixos e sufixos

Unidade 4

Acrónimos

Unidade 6

Ortografía de números e medidas

Unidade 8

Ortografía e vogais

Polo tanto no nivel C1.2 está previsto tratar os demais contidos con materiais complementarios, tales como fotocopias, materiais en liña, materiais audiovisuais, ou materiais procedentes doutros métodos como *English Pronunciation in Use Advanced*. Hai recursos específicos dirixidos aos problemas de pronuncia dos falantes de castelán no libre de texto.

3.2 Competencias socioculturais

Bo dominio de coñecementos, destrezas e actitudes necesarios para abordar en extensión a dimensión social do uso do idioma na comprensión de textos orais e escritos, na produción e coprodución de textos orais e escritos, incluíndo marcadores lingüísticos de relacións sociais, normas de cortesía, modismos e expresións de sabedoría popular, rexistros, dialectos (e acentos, nas actividades de lingua oral).

Bo dominio dos coñecementos, destrezas e actitudes interculturais que permitan levar a cabo actividades de mediación con facilidade e eficacia: conciencia da alteridade, conciencia sociolingüística, coñecementos culturais específicos, observación, escoita, avaliación, interpretación, posta en relación, adaptación, imparcialidade, metacomunicación, respecto, curiosidade, apertura de miras, tolerancia.

No nivel C1.2, agárdase que o alumno desenvolva esta competencia de maneira que se comunique con flexibilidade e eficacia, incluíndo o uso emocional, alusivo e humorístico da lingua, o que implica apreciar diferentes variedades da lingua e cambios de rexistro, así como recoñecer unha ampla diversidade de expresións idiomáticas, coloquiais e de argot, aínda que pode que precise confirmar detalles esporádicos, sobre todo se o acento lle resulta descoñecido.

O alumnado de nivel C1.2 deberá ser quen de expresarse adecuadamente nunha lingua sociolingüísticamente apropiada ás situacións de comunicación e adquirir a capacidade de abordar a variedade da fala, ademais dun maior control sobre rexistros e modismos.

Posto que a lingua é un fenómeno social, gran parte dos contidos que forman parte da competencia sociolingüística encádrase nos contidos correspondentes aos diferentes ámbitos ou áreas ligados á competencia sociocultural.

Se terán en conta as seguintes áreas de ámbito sociocultural:

A vida cotiá: cociña e alimentos, convencións sociais e comportamentos nos distintos establecementos; festividades, celebracións e vacacións, horarios laborais e prácticas de traballo; hábitos e afeccións; medios de comunicación.

Os servizos públicos: comportamentos e uso de instalacións públicas (deportivas, académicas, culturais, sanitarias, etc.) e espazos públicos (prazas, parques, rúas, etc.); mobiliarios urbano, mantemento e limpeza de espazos públicos; reciclaxe; protección civil (bombeiros, persoal sanitario, etc.).

As condicións de vida: atención á infancia, a persoas maiores, minusválidos, inmigrantes, a persoas sen recursos económicos, a persoas maltratadas; ONGs, asociacións e institucións sen ánimo de lucro; corpos e instalacións de seguridade (loita contra a drogadicción, a delincuencia, etc.)

O contorno xeográfico: relación coa natureza e protección do medio ambiente; parques naturais e rutas; reservas de biodiversidade; urbanismo e organización xeográfica; política forestal e xestión dos recursos; zonas de costa e de interior.

As relacións persoais: relacións entre sexos, novas formas de relación familiar; relación de poder e solidariedade; relacións a través das TIC, relacións entre xeracións, relacións con outras clases sociais, razas e comunidades; citas e encontros; saúdos entre coñecidos e descoñecidos; normas de cortesía; grao de permisividade co comportamento dos nenos nos lugares públicos.

Valores, crenzas e actitudes respecto a: grupos profesionais, riqueza, culturas rexionais, seguridade, política, institucións, minorías, identidade nacional, países, estados e pobos estranxeiros.

As convencións sociais: vestimenta, protocolos, ofrecer e recibir hospitalidade, ofrecer e pedir axuda, invitar, prestar cousas e diñeiro, etc., asistir a convencións, conmemoracións e actos sociais.

O comportamento ritual: cerimonia e prácticas relixiosas (bautizos, vodas, velorios, etc); comportamento en representacións e cerimonia públicas; celebracións, festividades, bailes, etc.

No nivel C1.2 está previsto tratar estes contidos tamén con materiais complementarios, tales como fotocopias, materiais en liña, materiais audiovisuais, ou materiais procedentes doutros métodos como *Language Leader Advanced*, *Headway Advanced*, *Premium Advanced*, etc.

3.3. Competencias estratéxicas

Fan referencia á capacidade do alumnado para aprender autonomamente, resolver as dificultades que lle poidan xurdir e ser consciente da súa propia aprendizaxe, responsabilizándose do proceso dun xeito activo. Os contidos que se relacionan deberán adaptarse ás características propias de cada idioma, á organización de cada nivel, ás necesidades e dificultades de aprendizaxe do alumnado e ás distintas actividades de lingua.

1. As **estratexias de aprendizaxe** danlle a posibilidade ao alumnado de regular a súa aprendizaxe, así como de transformar e xestionar a nova información da lingua obxecto de estudo. Así o alumnado poderá:

Explicar o que sabe, como o aprendeu e dirixir a súa aprendizaxe para seguir aprendendo.

Planificar a propia aprendizaxe establecendo os seus propios obxectivos a curto e a longo prazo.

Organizar o material de aprendizaxe cos instrumentos de apoio necesarios (manuais, caderno de aprendizaxe, aplicacións móbiles, ferramentas en liña...).

Regular e autoavaliar o propio proceso detectando os erros e os logros nas tarefas.

Utilizar todos os medios ao seu alcance (Internet, proxectos sobre diversos temas, axuda doutros/as interlocutores/as...)

Repetir, recoñecer e usar modelos de lingua etc.

Relacionar a información nova con coñecementos previos.

Deducir e establecer relacións entre as linguas coñecidas.

Resumir para comprender e producir textos orais ou escritos.

2. As **estratexias de comunicación** permiten mobilizar os propios recursos para poñer en funcionamento as actividades de lingua, así como establecer e manter a comunicación cos medios lingüísticos dispoñibles. Así, o alumnado poderá:

Activar e procurar coñecementos previos sobre a lingua, a situación, os contidos, as persoas...

Informarse, se hai axudas visuais etc.

Identificar o tipo de texto para adaptalo á audiencia.

Tomar conciencia do que se quere aprender: do contido xeral, da información específica, da información polo miúdo.

Establecer hipóteses e inferir outros tipos de informacións a partir de elementos para-textuais (entoación, velocidade...) e extra-textuais (imaxes, gráficos, fotografías...).

Restablecer e anticipar posicións en relación ao que segue no texto (palabra, frase, resposta...).

Reformular hipóteses sobre o contido e o contexto a partir da comprensión de novos elementos do propio texto, utilizando o seu coñecemento e experiencias.

Asegurar a comprensión, repetir o comprendido, preguntar sobre o dito, volver escoitar o texto tendo en conta determinados aspectos.

Solicitar repeticións, pedir que se explique unha palabra clave, dicir que non se entendeu.

Recoñecer as dificultades de comprensión, debido a posibles factores de distorsión, á velocidade coa que se expresa etc.

No nivel C1.2 está previsto tratar estes contidos tamén con materiais complementarios, tales como fotocopias, materiais en liña, materiais audiovisuais, ou materiais procedentes doutros métodos como *English Pronunciation in Use Advanced* e recursos específicos dirixidos aos problemas de pronuncia dos falantes de castelán sacados de métodos como *Empower C1*, por exemplo.

4. Avaliación

4.1. Criterios de cualificación e mínimos esixibles

4.1.1. Criterios de cualificación

A proba de certificación consta de cinco actividades de lingua:

- Comprensión de textos escritos
- Producción e coprodución de textos escritos
- Comprensión de textos orais
- Producción e coprodución de textos orais
- Mediación escrita e oral

A cualificación outorgada será APTO, NON APTO ou NON PRESENTADO, segundo corresponda.

A puntuación total da proba de certificación será de 125 puntos. Cada unha das cinco partes nas que se estrutura a proba terá un valor de 25 puntos. Para superar a proba será necesario acadar, polo menos, 12,5 puntos en cada actividade de lingua e, ademais, obter unha puntuación mínima dun 65% na puntuación total da proba, é dicir 81,25 puntos. O alumnado presencial que non acade o mínimo do 65% da puntuación total da proba na convocatoria ordinaria, ademais de examinarse na convocatoria extraordinaria das actividades de lingua nas que non obtivera polo menos 12,5 puntos, poderá examinarse tamén daquelas actividades nas que non acadara a puntuación mínima do 65%, é dicir 16,25 puntos. Neste caso, se a cualificación obtida na convocatoria ordinaria é superior á que se obteña na extraordinaria, manterase a cualificación máis alta para o cálculo da nota final.

Avaliarase o progreso e logro de obxectivos do alumnado de forma frecuente e interactiva mediante procesos de observación na aula e recollida e avaliación de tarefas. O profesorado informará ó alumnado sobre o seu progreso e esta avaliación terá unicamente valor orientativo e servirá para informar do grao de cumprimento no desenvolvemento da programación didáctica e da súa idoneidade.

De non obteren a cualificación de APTO en todas as actividades de lingua na convocatoria de finais de xuño, as persoas candidatas deberán presentarse de novo en convocatorias posteriores ás probas de certificación para seren avaliadas de todas as actividades de lingua. As persoas candidatas que obteñan a cualificación de NON APTO na proba de certificación, se aprobaron algunha/s actividade/s de lingua, poderán solicitar unha certificación académica de que acadaron o dominio requirido na/s actividade/s de lingua aprobada/s.

4.1.2. Mínimos esixibles

É quen de comprender a intención e o sentido xeral, as ideas principais, a información importante, os aspectos e detalles relevantes e as opinións e actitudes dos e das falantes nunha ampla gama de textos orais extensos e nunha variedade de acentos, rexistros e estilos, mesmo cando a velocidade de articulación sexa alta,

sempre que poida confirmar algúns detalles, especialmente se non está familiarizado/a co acento.

É quen de producir e coproducir con fluidez, espontaneidade e en xeral case sen esforzo, independentemente da canle, unha ampla gama de textos orais extensos, bastante claros e detallados, conceptual e estruturalmente complexos, en diversos rexistros, e cunha entoación e acento adecuados á expresión de matices de significado, mostrando o suficiente dominio dunha ampla gama de recursos lingüísticos, das estratexias discursivas e interaccionais e de compensación que fai case imperceptibles as dificultades ocasionais que poida ter para expresar o que quere dicir, e que lle permite adecuar con suficiente eficacia o seu discurso a cada situación comunicativa.

É quen de comprender suficientemente a intención e o sentido xeral, a información importante, as ideas principais, os aspectos e detalles relevantes e as opinións e actitudes dos/as autores/as, tanto implícitas como explícitas, nunha ampla gama de textos escritos extensos, precisos e detallados, conceptual e estruturalmente complexos, mesmo sobre a maioría dos temas fóra do seu campo de especialización, identificando as diferenzas de estilo e rexistro, sempre que poida reler as seccións difíciles.

É quen de producir e coproducir textos escritos extensos e detallados, ben estruturados e axustados aos diferentes ámbitos de actuación, sobre temas complexos, resaltando as ideas principais, ampliando e defendendo os seus puntos de vista con ideas complementarias e exemplos, rematando cunha conclusión suficientemente apropiada. Para iso empregará de maneira correcta e consistente en xeral, estruturas gramaticais e convencións ortográficas complexas, de puntuación e de presentación do texto, mostrando control de mecanismos complexos de cohesión, e dominio dun léxico amplo que lle permita expresar matices de significado.

É quen de mediar entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas, oralmente ou por escrito, en situacións específicas e complexas, nos ámbitos persoal, público, académico e profesional, transmitindo con bastante flexibilidade, corrección e eficacia unha ampla gama de textos orais ou escritos complexos.

4.2. Procedementos e instrumentos de avaliación

A avaliación terá por obxecto cualificar e certificar o nivel de competencia comunicativa adquirido polo alumnado como resultado do seu proceso de aprendizaxe.

Haberá diferentes modalidades ao longo do curso:

Avaliación inicial (ou de diagnóstico): o profesorado a inicio de curso fará unha avaliación de diagnóstico para coñecer o nivel e as características do seu alumnado. Esta avaliación inicial realizarase durante as primeiras semanas do

curso escolar e constará dunha proba xeral das destrezas de comprensión escrita e oral, mais unha presentación oral e unha redacción escrita.

Avaliación de progreso (ou formativa): nesta modalidade tanto profesorado como alumnado poden observar, reflexionar e valorar o proceso de aprendizaxe. Avaliarase o progreso e logro de obxectivos do alumnado de forma frecuente e interactiva mediante procesos de observación na aula e recollida e avaliación de tarefas. O profesorado informará ó alumnado sobre o seu progreso.

Avaliación certificadora: o alumnado oficial terá dúas convocatorias para certificar o nivel en xuño, a ordinaria a principios e a extraordinaria a finais do mes. O alumnado libre terá unha convocatoria para certificar o nivel, en febreiro. A cualificación positiva final conducirá á obtención do certificado do nivel C1 e permitirá o acceso ao seguinte nivel.

Autoavaliación: sendo a autoavaliación un instrumento importante no proceso de ensino-aprendizaxe fomentárase tanto a do profesorado como a do alumnado. O profesorado poderá saber si acada os obxectivos marcados e si precisa facer cambios na programación para acadar ditos obxectivos e o alumnado desenvolve a capacidade de ser responsable ante o seu propio proceso de aprendizaxe. O profesorado motivará ó alumnado a realizar as distintas actividades de autoavaliación que se lles proporcionan.

4.3. Criterios de avaliación

4.3.1. Actividades de comprensión de textos orais

Comprende o que se pretende comunicar co fin de sacar as conclusións apropiadas.

Recoñece, segundo o contexto e en distintos rexistros (familiar, informal, formal ou neutro), a intención e o significado dun amplo repertorio de actos de fala.

É capaz de seguir un discurso extenso aínda que non estea claramente estruturado.

Recoñece expresións idiomáticas e coloquiais, e aprecia connotacións e matices de significado, aínda que poida necesitar unha repetición se o acento non lle resulta familiar.

Percibe as variedades fonético-fonolóxicas estándar propias da lingua e recoñece matices de significado.

4.3.2. Actividades de produción e coprodución de textos orais

Utiliza o idioma con flexibilidade e eficacia para fins sociais, adaptando o que di e os medios de expresalo á situación, ao/á receptor/a e a formalidade requirida.

Expresa o que quere dicir, superando dificultades ocasionais que poida ter.

Desenvolve argumentos detallados de maneira sistemática e ben estruturada, relacionando lóxicamente os puntos principais, resaltando os puntos importantes, desenvolvendo aspectos específicos e concluíndo adecuadamente.

Rebate os argumentos das persoas interlocutoras de maneira convincente e apropiada, intervindo de forma fluída e espontánea.

Exprésase cun alto grao de corrección de modo consistente.

Domina un amplo repertorio léxico, incluíndo expresións idiomáticas e coloquiais, que lle permiten superar posibles carencias.

É quen de iniciar, manter e rematar unha conversa de maneira apropiada e fluída, respectando as quendas de palabra e tamén valéndose das intervencións dos/as outros/as interlocutores/as.

Expón preguntas para comprobar que comprendeu o que a persoa interlocutora quixo dicir e consegue aclaración dos aspectos ambiguos.

Adapta os textos ao propósito comunicativo, respectando a situación, os/as receptores/as e a canle, sen alterar a información e as posturas orixinais.

Produce un texto meta oral coherente e cohesionado a partir dunha diversidade de textos fonte(orais ou escritos).

Transmite de xeito oral e con claridade os puntos destacados e máis relevantes dos textos fonte, así como todos os detalles que considera importantes en función dos intereses e necesidades das persoas destinatarias.

Varía a entoación e coloca a énfase da oración correctamente para expresar matices de significado, mantendo a articulación propia da variedade estándar da lingua meta.

4.3.3. Actividades de comprensión de textos escritos

Comprende o que se pretende ou o que se lle require en cada caso.

Identifica con rapidez o contido e a importancia de textos dunha ampla serie de temas profesionais ou académicos.

Localiza detalles relevantes en textos extensos e complexos.

Recoñece a intención e o significado do propósito comunicativo, segundo o contexto, o xénero e o tipo de texto.

Localiza a información ou segue o fío da argumentación nun texto de estrutura **discursiva** complexa ou nun que non estea perfectamente estruturado, no que as relacións e conexións non sempre se expresen con marcadores explícitos.

Recoñece expresións idiomáticas e coloquiais, e aprecia connotacións de significado, aínda que en ocasións poida que necesite consultar un dicionario.

Comprende, segundo o contexto, o xénero e o tipo textual, os significados asociados a unha ampla gama de estruturas sintácticas da lingua escrita.

Comprende as intencións comunicativas expresadas mediante o uso dunha ampla gama de convencións ortotipográficas, tanto en soporte papel como dixital.

4.3.4. Actividades produción e coprodución de textos escritos

Escribe textos complexos extensos, mostrando un dominio dos recursos lingüísticos que lle permiten expresarse con eficacia e precisión.

Redacta un texto e adáptao á situación requirida.

Presenta ideas e puntos de vista con fin de destacalos, diferencialos e eliminar posibles ambigüidades.

Utiliza estruturas sintácticas que lle permiten expresarse con precisión, e mantén un alto grao de corrección.

Utiliza as convencións orto-tipográficas propias da lingua para producir textos escritos nos que a estrutura, a distribución en parágrafos e a puntuación son apropiadas. A ortografía é correcta, salvo descoidos tipográficos de carácter esporádico.

Adapta os textos ao propósito comunicativo, respectando a situación, as persoas receptoras e a canle, sen alterar a información e as posturas orixinais.

Produce un texto meta escrito coherente e cohesionado a partir de diversos textos fonte(orais ou escritos).

Sabe facer unha cita e utiliza as referencias seguindo as convencións, segundo o ámbito e contexto comunicativos (p. ex. nun texto académico).

Transmite de maneira escrita e con claridade os puntos destacados e máis relevantes dos textos fonte, así como todos os detalles que considera importantes en función dos intereses e necesidades das persoas.

Fai uso dun coñecemento concreto dos aspectos socioculturais e sociolingüísticos propios das culturas nas que se fala o idioma.

Adapta os textos ao propósito comunicativo, respectando a situación, os/as receptores/as e a canle, sen alterar a información e as posturas orixinais.

Produce un texto (oral ou escrito) coherente e cohesionado a partir de diversos textos fonte.

Sabe citar as fontes segundo o ámbito e o contexto comunicativo.

Transmite de xeito oral ou escrito os puntos destacados e máis relevantes dos textos fonte, así como todos os detalles que considera importantes en función dos intereses e necesidades dos/as destinatarios/as.

Xestiona con flexibilidade a interacción entre as partes para procurar que flúa a comunicación, axudando a expresar con claridade as posturas e a desfacer malentendidos; e volve, sempre que se precise, sobre os aspectos importantes, iniciando outros temas ou recapitulando para organizar a discusión, e orientándoa cara á resolución da cuestión.

4.3.5. Actividades de mediación

Fai uso dun coñecemento concreto dos aspectos socioculturais e sociolingüísticos propios das culturas nas que se fala o idioma.

Adapta os textos ao propósito comunicativo, respectando a situación, os/as receptores/as e a canle, sen alterar a información e as posturas orixinais.

Produce un texto meta coherente e cohesionado a partir de diversos textos fonte(orais ou escritos).

Sabe citar as fontes segundo o ámbito e o contexto comunicativo.

Transmite de xeito oral ou escrito os puntos destacados e máis relevantes dos textos fonte, así como todos os detalles que considera importantes en función dos intereses e necesidades das persoas destinatarias.

Xestiona con flexibilidade a interacción entre as partes para procurar que flúa a comunicación, axudando a expresar con claridade as posturas e a desfacer malentendidos; e volve, sempre que se precise, sobre os aspectos importantes, iniciando outros temas ou recapitulando para organizar a discusión, e orientándoa cara á resolución da cuestión.

NIVEL C2

1. Obxectivos xerais

Unha vez adquiridas as competencias correspondentes ao nivel, o alumnado será capaz de:

1.1. Actividades de comprensión de textos orais

Comprender, sempre que dispoña dun certo tempo para acostumarse ao acento, practicamente a calquera persoa interlocutora e calquera texto oral, producido en vivo ou retransmitido, independentemente da canle e da velocidade, aínda que a calidade do son non sexa óptima. Será quen de recoñecer significados implícitos e apreciar matices de estilo.

1.2. Actividades de produción e coprodución de textos orais

Producir e coproducir, con soltura e fluidez, textos orais extensos, detallados e formalmente correctos para comunicarse en situacións da vida persoal, social, profesional e académica, adaptando con eficacia o estilo e o rexistro aos diferentes contextos de uso, sen cometer erros, salvo algún descoido ocasional, e empregando un amplo repertorio de expresións, acentos e patróns de entoación que lle permitan transmitir con precisión matices sutís de significado.

1.3. Actividades de comprensión de textos escritos

Comprender, apreciar e interpretar de maneira crítica, co uso esporádico do dicionario, practicamente calquera texto extenso e complexo, tanto literarios como técnicos -nos que se empreguen xogos de palabras, coloquialismos, expresións idiomáticas e outras variantes lingüísticas que poidan conter xuízos de valor ou nos que parte da mensaxe se expresa dunha maneira indirecta e ambigua- apreciando distincións sutís de estilo e significado, tanto implícito como explícito.

1.4. Actividades de produción e coprodución de textos escritos

Producir e coproducir, independentemente do soporte, textos escritos de calidade -aínda que poida presentar algún descoido de carácter tipográfico- sobre temas

complexos e mesmo de tipo técnico, así como transmitir en tempo real e con precisión, a información procedente de distintas fontes. Empregar un estilo apropiado e eficaz, cunha estrutura lóxica que lle axude ao/á lector/a a identificar e reter as ideas e os aspectos máis significativos.

1.5. Actividades de mediación

Mediar entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas, oralmente ou por escrito, para transmitir con eficacia e precisión practicamente calquera tipo de texto oral ou escrito, recoñecendo significados implícitos e apreciando diferenzas de estilo e variedades lingüísticas.

2. Obxectivos específicos

2.1. Actividades de comprensión de textos orais

Comprender, independentemente da canle, instrucións detalladas e practicamente calquera tipo de información específica en declaracións e anuncios públicos, aínda que a calidade do son non sexa óptima.

Comprender información técnica complexa (instrucións de funcionamento, normativas ou especificacións de produtos, servizos ou procedementos).

Comprender conferencias, charlas, discusións e debates especializados sobre temas complexos de carácter público, profesional ou académico.

Comprender interaccións complexas, detalles de conversacións ou debates animados entre terceiras persoas sobre temas complexos.

Comprender conversacións, discusións e debates extensos nos que se participa, aínda que estes non estean claramente estruturados.

Comprender películas, obras de teatro ou outros espectáculos e programas de televisión ou radio que conteñan linguaxe coloquial ou expresións idiomáticas e apreciar implicacións de tipo sociocultural ou sociolingüístico.

2.2. Actividades de produción e coprodución de textos orais

Facer declaracións públicas con fluidez e flexibilidade usando a entoación para transmitir con precisión matices sutís de significado.

Realizar presentacións extensas, ben estruturadas e detalladas, sobre temas complexos de ámbito público ou profesional, adaptando o discurso con flexibilidade para adecualo ás necesidades e intereses dos e das oíntes.

Pronunciar relatorios sobre temas e asuntos académicos complexos ante un público que non coñece o tema, adaptándose ao auditorio e respondendo ás preguntas ou intervencións que se formulen.

Participar con soltura en entrevistas, como entrevistador/a ou entrevistado/a, estruturando o que di, desenvolvéndose con autoridade e con fluidez, mostrando dominio da situación así como capacidade de reacción e improvisación.

Realizar e xestionar con eficacia operacións e transaccións complexas ante institucións públicas ou privadas de calquera índole, e negociar, con argumentos ben organizados e persuasivos, unha solución aos conflitos que puidesen xurdir.

Conversar en situacións da vida social e persoal, dominando unha ampla gama de rexistros e un uso apropiado da ironía.

Participar con fluidez en reunións, seminarios, discusións, debates ou coloquios formais sobre asuntos complexos de carácter xeral ou especializado, profesional ou académico, utilizar argumentos claros e persuasivos para defender o propio punto de vista.

2.3. Actividades de comprensión de textos escritos

Comprender practicamente calquera tipo de información pública, instrución, ou disposición que poida interesarlle a un/ha mesmo/a ou a terceiras persoas, incluíndo pormenores.

Comprender as implicacións da información contida en instrucións, normativas, ordenamentos, contratos ou outros textos legais complexos relativos ao mundo profesional ou académico en xeral e ao propio campo de especialización en particular.

Comprender textos produto da actividade profesional ou académica, p.ex. actas, resumos, conclusións, informes, proxectos, traballos de investigación, ou documentos de uso interno ou de difusión pública correspondente a estes ámbitos.

Comprender información detallada en textos extensos e complexos no ámbito público, social e institucional; identificar actitudes e opinións implícitas e apreciar as relacións, alusións e implicacións de tipo sociopolítico, socioeconómico ou sociocultural.

Comprender e interpretar de maneira crítica a información contida en material bibliográfico especializado de carácter académico ou profesional, en calquera soporte.

Comprender publicacións periódicas de carácter xeral ou especializado dentro da propia área profesional, académica ou de interese.

Comprender as ideas e posturas expresadas en editoriais, recensións e críticas, así como noutros textos xornalísticos de certa extensión, tanto de carácter xeral como especializado e en calquera soporte.

Comprender correspondencia persoal e formal de carácter público, institucional, académico ou profesional, incluída aquela sobre asuntos especializados ou legais, identificando as actitudes, os niveis de formalidade e as posturas implícitas dos/as remitentes.

2.4. Actividades de produción e coprodución de textos escritos

Tomar notas e apuntamentos mentres se participa en reunións, seminarios, cursos ou conferencias, recollendo as palabras ou expresións clave empregadas polas persoas interlocutoras.

Negociar textos de acordos, resolucións, contratos ou comunicados, modificar e corrixir borradores.

Escribir recensións, informes ou artigos complexos que presentan unha

argumentación ou unha apreciación crítica sobre textos técnicos de índole académica ou profesional, sobre obras literarias ou artísticas, sobre proxectos de investigación ou sobre outras recensións e artigos (temáticos) escritos por terceiros.

Escribir informes, artigos, ensaios, traballos de investigación e outros textos complexos de carácter académico ou profesional nos que se presenta o contexto, o transfondo teórico e a literatura precedente e onde se presentan as propias conclusións de maneira adecuada e convincente.

Escribir, independentemente do soporte, correspondencia complexa, formal ou persoal, clara, correcta e ben estruturada, xa sexa para solicitar algo, demandar ou ofrecer os seus servizos a clientes/as, superiores ou autoridades, adoptando as convencións de formato e estilo que requiran as circunstancias.

2.5. Actividades de mediación

Mediar entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas para reflectir o contido, oralmente ou por escrito, de practicamente calquera tipo de texto/discurso.

Recoñecer significados implícitos complexos, en textos orais ou escritos, e apreciar diferenzas de estilo no léxico, na pronuncia ou na escritura, por exemplo variantes lingüísticas, linguaxe literaria ou léxico especializado.

Adaptar de maneira natural o formato, o contido, o estilo e o rexistro aos diferentes contextos de uso, en función das necesidades ou intereses do/a receptor/a, e mostrar unha riqueza na expresión que permita transmitir matices de significado.

Resumir, condensar e ás veces interpretar textos ou discursos longos cun grado de dificultade variable de acordo coas necesidades da tarefa, do obxectivo a cumprir ou da finalidade da comunicación.

3. Secuenciación e temporalización dos contidos

3.1. Competencias comunicativas

3.1.1. Competencias pragmáticas

a) Contidos funcionais

No nivel C2, o alumnado manexará una serie de expoñentes que lle servirán para desenvolver as funcións comunicativas nos diferentes contextos. Estas competencias e contidos funcionais parten da comprensión e expresión das seguintes funcións comunicativas ou actos de fala en contextos comunicativos específicos, tanto a través de actos de fala directos como indirectos, nunha ampla variedade de rexistros:

Funcións ou actos de fala asertivos, relacionados coa expresión do coñecemento, da opinión, da crenza e da conxectura: expresar acordo e desacordo, expresar descoñecemento, expresar dúbida e escepticismo, expresar unha opinión, formular unha hipótese, supoñer, predicir...

Funcións ou actos de fala que impliquen compromiso, relacionados coa expresión do ofrecemento, da intención, da vontade e da decisión: expresar a intención, a vontade e a decisión de facer ou non facer algo; ofrecer axuda; prometer e retractarse...

Funcións ou actos de fala directivos, que teñen como finalidade dar unha instrución: ofrecer consello, advertir, dar instrucións, dar ou negar permiso, previr a alguén en contra de algo ou de alguén, prohibir, recomendar, lembrarlle algo a alguén, restrinxir e suplicar...

Funcións ou actos de fala fácticos e solidarios, que se realizan para establecer ou manter o contacto persoal, social, académico e profesional e expresar actitudes con respecto aos/ás demais: aceptar ou declinar unha invitación, compadecerse, expresar condolencia, facer cumprimentos, interesarse por alguén ou por algo, pedir desculpas e rexeitar...

Funcións ou actos de fala expresivos, cos que se expresan actitudes e sentimentos como resposta ante determinadas situacións: expresar admiración, ledicia, aprecio, simpatía, (des)confianza, (des)aprobación, decepción, (des)interese, resignación, temor, exculpar, lamentar, reprochar...

Función metalingüística da linguaxe, coa que reflectir sobre a lingua meta e a súa aprendizaxe, referirse apropiadamente aos elementos gramaticais ou semánticos, manexar a anticipación e a referencia...

No nivel C2 desenvolveremos os contidos empregando o libro de texto *Close-up C2* da editorial National Geographic Learning así como material complementario auténtico creado polo profesorado a partir de diversas fontes como Internet ou outros libros de texto.

Os contidos secuenciados, segundo as unidades do libro de texto *Close-up C2* da editorial National Geographic Learning, son os seguintes:

1º cuadrimestre:

Unidade 1:

Comprender a información xeral e específica

Discriminar os datos relevantes

Interpretar a información escoitada

Expresar opinión

Redactar un correo informal

Conversar en situacións da vida social e persoal, dominando unha ampla gama de rexistros

Unidade 11:

Comprender a información xeral e específica

Interpretar a información escoitada

Expresar acordo e desacordo
Expresar dúbida e escepticismo
Expresar unha opinión
Formular unha hipótese, predicir, supoñer
Argumentar, recomendar, chegar a acordos
Redactar unha crítica
Conversar con fluidez, mostrando capacidade de reacción e improvisación

Unidade 2:

Comprender a información xeral e específica
Discriminar os datos relevantes
Expresar opinións
Interpretar a información escoitada
Formular hipóteses e predicir
Expresar interese e recomendar
Redactar un artigo
Participar con fluidez en conversas e debates sobre o tema
Responder de forma natural; cambiar de tema; usar conectores

Unidade 3

Comprender a información xeral e específica
Discriminar os datos relevantes
Interpretar a información escoitada
Expresar opinións
Expresar dúbida
Persuadir
Redactar un ensaio
Defender opinións nun discurso ben organizado e detallado

Unidade 4

Comprender a información xeral e específica
Discriminar os datos relevantes
Interpretar a información escoitada
Expresar opinións
Comparar
Especular
Enfatizar
Resumir
Redactar unha proposta baseada nos datos e/ou nunha gráfica
Mediar entre falantes para trasladar información

Unidade 12:

Comprender a información xeral e específica
Interpretar a información escoitada

Expresar acordo e desacordo
Expresar dúbida e escepticismo
Expresar unha opinión
Formular unha hipótese, predicir, supoñer
Argumentar con exemplos
Cambiar de tema
Redactar un artigo
Conversar con fluidez e flexibilidade usando a entoación para transmitir con precisión matices sutís de significado

2º cuadrimestre:

Unidade 5

Comprender a información xeral e específica
Discriminar os datos relevantes
Interpretar a información escoitada
Expresar opinións
Presentar argumentos
Interromper con educación
Pasar a quenda de palabra
Redactar unha carta ao editor
Utilizar argumentos claros e persuasivos para defender o propio punto de vista

Unidade 9:

Comprender a información xeral e específica
Interpretar a información escoitada
Expresar unha opinión
Expresar acordo e desacordo
Expresar descoñecemento
Colaborar, suxerir
Redactar unha carta de presentación
Participar con fluidez en discusión sobre un tema

Unidade 6:

Comprender a información xeral e específica
Discriminar os datos relevantes
Interpretar a información escoitada
Expresar opinións
Redactar un ensaio
Defender opinións nun discurso ben organizado e detallado

Unidade 10:

Comprender a información xeral e específica

Discriminar os datos relevantes
Interpretar a información escoitada
Expresar opinións
Presentar argumentos
Interromper con educación
Pasar a quenda de palabra
Redactar unha carta de queixa
Utilizar argumentos claros e persuasivos para defender o propio punto de vista

Unidade 7:

Comprender a información xeral e específica
Discriminar os datos relevantes
Interpretar a información escoitada
Expresar opinións
Resumir
Redactar unha proposta
Falar dun tema, explicando, recomendando, comparando e chegando a un consenso

Unidade 8:

Expresar acordo e desacordo
Expresar descoñecemento, dúbida e escepticismo
Formular unha hipótese, supoñer, predicir
Xustificar e defender
Facer recomendacións
Redactar un informe baseado nos datos e/ou nunha gráfica
Producir textos orais empregando un amplo repertorio de expresións que permitan transmitir con precisión matices sutís de significado.

b) Contidos discursivos

● **Coherencia e cohesión**

No nivel C2 defínense como o coñecemento, comprensión e aplicación dunha ampla gama de modelos contextuais e patróns textuais complexos propios da lingua oral monolóxica e dialóxica, en diversas variedades da lingua e en calquera rexistro, apreciando un amplo repertorio de recursos de produción e procesamento de textos axustados a contextos específicos, mesmo especializados. Traballarase a cohesión textual e discursiva e o mantemento e progresión do tema no discurso.

Estas competencias lle permitirán ao alumnado producir e comprender textos coherentes con respecto ao contexto en que se producen e que presenten unha cohesión interna que facilite a súa comprensión.

Coherencia textual: supón a adecuación do texto oral ou escrito ao contexto comunicativo a través do tipo e formato de texto, da variedade de lingua, do rexistro, do tema, da selección de contido relevante (selección léxica; selección de estruturas sintácticas) e do contexto espazo-temporal (a referencia espacial e a referencia temporal).

Variedade de lingua estándar

Rexistro formal e informal

Tema: enfoque e contido

Contexto espazo-temporal

Desenvolvemento temático

Mantemento e seguimento do discurso oral

Cambio temático

Cohesión textual: é a organización interna do texto: inicio, desenvolvemento e conclusión da unidade textual:

Inicio do discurso (con mecanismos iniciadores e de toma de contacto) e a introdución do tema (tematización)

Desenvolvemento do discurso (desenvolvemento temático: mantemento do tema con correferencia, elipse, repetición, reformulación, énfase; expansión temática: exemplificación, reforzo, contraste, introdución de subtemas e cambio temático: digresión, recuperación do tema.

Conclusión do discurso: resumo / recapitulación, indicación de peche textual, peche textual.

Trataranse:

- a. Repeticións de tipo léxico e semántico
- b. Correferencias
- c. Marcadores discursivos
- d. Marcadores de función pragmática
- e. Signos de puntuación
- f. Recursos da entoación e das pausas

● **Tipoloxía de textos**

Fan referencia ao coñecemento, comprensión e aplicación das competencias discursivas que lle permitan ao alumnado producir e comprender textos coherentes con respecto ao contexto en que se producen e que presenten unha cohesión interna que facilite a súa comprensión. A complexidade da tipoloxía de textos que se relaciona deberá adaptarse ás características propias de cada idioma, á organización de cada nivel, ás necesidades e dificultades de aprendizaxe do alumnado e ás distintas actividades de lingua.

Traballarase a seguinte tipoloxía de **textos orais**:

- Anuncios publicitarios complexos retransmitidos
- Instrucións e indicacións detalladas
- Conversas especializadas
- Reunións de traballo con vocabulario específico
- Debates e discusións formais sobre temas complexos ou específicos
- Entrevistas longas e complexas: de traballo, académicas...
- Entrevistas xornalísticas de carácter divulgativo
- Sondaxes e cuestionarios complexos
- Audiovisuais
- Conferencias, presentacións e declaracións públicas específicas e detalladas
- Cancións
- Representacións teatrais
- *Podcasts*
- Informativos
- Clases gravadas
- Páxinas web gobernamentais

Traballarase a seguinte tipoloxía de **textos escritos**:

- Correspondencia persoal e profesional especializada
- Textos extensos da súa especialidade ou doutros ámbitos
- Instrucións extensas
- Textos xornalísticos informativos e de opinión sobre temas de actualidade
- Textos literarios contemporáneos que poidan presentar certa complexidade lingüística, estrutural e temática
- Textos de rexistro coloquial en forma de notas, cartas, correo electrónico etc., aínda que se apoiem excepcionalmente en modismos e fraseoloxía específica
- Informacións, anuncios e slogans publicitarios
- Textos que poidan amosar trazos non normativos
- Textos de opinión ou ensaísticos sobre cuestións de actualidade ou sobre temas de interese xeral
- Textos académicos ou profesionais relacionados ou non coa súa especialidade
- Textos ensaísticos

1º cuadrimestre:

Unidade 1:

Textos escritos: Enquisas e cuestionarios. Biografía. Textos xornalísticos sobre o comportamento humano: titulares, reportaxes, crónicas, entrevistas. Unha entrada dun *blog*. Un ensaio.

Textos orais: Audios e vídeos sobre o comportamento humano. Diálogo sobre a influencia das familias. Cancións. Debate sobre varios temas controvertidos / as noticias. Debate sobre a presión social.

Unidade 11:

Textos escritos: Artigos sobre os medios de comunicación. Anuncios. Textos xornalísticos sobre os medios de comunicación: titulares, reportaxes, crónicas, entrevistas. Unha crítica.

Textos orais: Audios e vídeos sobre os medios de comunicación. Programa de radio sobre a fama. Documental sobre os adolescentes e os riscos de fama. Diálogo sobre a fama. Debate sobre a fiabilidade dos medios. Monólogo sobre a influencia dos medios de comunicación.

Unidade 2:

Textos escritos: Enquisas e cuestionarios. Textos xornalísticos sobre a ciencia e a tecnoloxía: titulares, reportaxes, crónicas, entrevistas. Un artigo.

Textos orais: Audios e vídeos sobre a ciencia e a tecnoloxía. *Podcast* sobre a saúde no futuro. Charlas sobre o futuro. Diálogo sobre os móbiles. Diálogo sobre as redes sociais. Debate sobre a prohibición de móbiles. Debate sobre a robótica. Debate sobre a automatización.

Unidade 3:

Textos escritos: Artigos sobre o voluntariado e as doazóns. Textos xornalísticos sobre a sociedade, a política e o medio ambiente.: titulares, reportaxes, crónicas, entrevistas. Narracións de experiencias nun voluntariado no estranxeiro. Un ensaio. Un resumo dun texto escrito e/ou oral.

Textos orais: Audios e vídeos sobre a sociedade, a política e o medio ambiente. Entrevistas curtas sobre os problemas sociais. Programa de radio sobre as doazóns. Diálogo sobre o voluntariado hoxe e no futuro. Diálogo sobre a globalización. Debate sobre o tema de “*philanthrocapitalism*”. Debate sobre o activismo.

Unidade 4:

Textos escritos: Artigos sobre as redes sociais. Textos xornalísticos sobre as redes sociais: titulares, reportaxes, crónicas, entrevistas. Unha proposta. Un resumo de información gráfica.

Textos orais: Audios e vídeos sobre as redes sociais. Audios e vídeos sobre a interpretacións de información gráfica. Programa de radio sobre o inglés. Diálogo sobre a/os filla/os de inmigrantes. Charla sobre o papel de inglés no mundo. Debate sobre as consecuencias negativas de tecnoloxía.

Unidade 12:

Textos escritos: Ensaio sobre a cultura. Textos xornalísticos sobre a cultura: titulares, reportaxes, crónicas, entrevistas. Un artigo.

Textos orais: Audios e vídeos sobre a apropiación cultural. Diálogo sobre as tradicións culturais. Debate sobre a apropiación cultural. Monólogo sobre as festas culturais.

2º cuadrimestre:

Unidade 5:

Textos escritos: Artigos sobre a sociedade e a política. Textos xornalísticos sobre o desemprego e os problemas dos cidadáns máis novos: titulares, reportaxes, crónicas, entrevistas. Unha carta ao editor.

Textos orais: Audios e vídeos sobre o aburguesamento. Programa de radio sobre o inglés. Diálogo sobre a recadación de fondos. Debate sobre os dereitos dos animais. Debate sobre o sistema sanitario. Monólogo sobre un tema social/político.

Unidade 9:

Textos escritos: Artigos sobre a vida persoal e o emprego. Textos xornalísticos sobre o emprego: titulares, reportaxes, crónicas, entrevistas. Un informe. Un resumo.

Textos orais: Audios e vídeos sobre o emprego. Entrevista sobre o desemprego. Diálogo sobre os dereitos e as obrigas dun traballador. Debate sobre os sindicatos e as folgas. Resumo oral.

Unidade 6:

Textos escritos: Artigos sobre o diñeiro, o consumismo e a publicidade. Textos literarios. Folletos. Textos xornalísticos sobre o consumismo: titulares, reportaxes, crónicas, entrevistas. Un ensaio.

Textos orais: Audios e vídeos sobre o diñeiro. Programa de radio sobre o consumismo. Diálogo sobre o papel dos cartos na vida persoal. Diálogo sobre a remuneración. Debate sobre a aloxamento. Monólogo sobre a publicidade e as noticias falsas.

Unidade 10:

Textos escritos: Artigos sobre o diñeiro, o consumismo e a publicidade. Anuncios. Textos xornalísticos sobre o consumismo: titulares, reportaxes, crónicas, entrevistas. Unha carta de queixa.

Textos orais: Audios e vídeos sobre o diñeiro. Programa de radio sobre o consumismo. Diálogo sobre as marcas. Debate sobre o consumismo. Monólogo sobre as marcas.

Unidade 7:

Textos escritos: Artigos sobre as viaxes e culturas e o tempo libre. Textos literarios. Anuncios. Folletos. Textos xornalísticos sobre as viaxes e culturas: titulares, reportaxes, crónicas, entrevistas. Críticas de cine e/ou de literatura. Un ensaio.

Textos orais: Audios e vídeos sobre o turismo. Programa de radio sobre os novos tipos de turismo. Diálogo sobre o turismo. Diálogo sobre o turismo masivo. Debate sobre o turismo sostible. Monólogo sobre programación de tempo de lecer. Monólogo sobre a industria cultural.

Unidade 8:

Textos escritos: Artigos sobre a educación. Entradas de *blog*. Anuncios. Folletos. Textos xornalísticos sobre a educación: titulares, reportaxes, crónicas, entrevistas. Un informe.

Textos orais: Audios e vídeos sobre a educación universitaria. Entrevista sobre a aprendizaxe. Diálogo sobre a aprendizaxe no pasado e no futuro. Debate sobre o papel de educación na sociedade. Monólogo sobre a formación profesional, as prácticas e as carreiras universitarias.

3.1.2. Competencias sociolingüísticas

Fan referencia ao coñecemento e aplicación dos recursos que lle permitan ao alumnado comportarse e comunicarse con efectividade nos ámbitos académico e profesional, tendo en conta os aspectos socioculturais e sociolingüísticos. Estes contidos deben enmarcarse nunha perspectiva intercultural e deberán estar integrados nas diferentes áreas temáticas á hora de elaborar os materiais didácticos.

Teranse en conta os marcadores lingüísticos das relacións sociais, normas de cortesía, estereotipos, modismos e rexistros nas seguintes áreas: os servizos públicos, as condicións de vida, as relacións persoais, as convencións sociais, os valores e as crenzas.

3.1.3. Competencias lingüísticas

a) Contidos léxico semánticos

Os contidos léxicos deberanse adaptar ás realidades socioculturais dos países das linguas obxecto de estudo, á organización de cada nivel, ás necesidades e dificultades de aprendizaxe do alumnado e ás actividades de lingua. Estes contidos fan referencia á capacidade do alumnado para recoñecer, comprender e usar o léxico que lle permita desenvolverse nos temas que se relacionan.

Consolidaranse todos os contidos léxicos vistos nos niveis anteriores e incidirase nos propios deste nivel.

Alimentación: tipos de dietas e procesos de alimentación, gastronomía típica, establecementos de restauración, tendencias en alimentación, produción agrícola...

Bens e servizos: inmobles, bens e servizos públicos e privados, individuais e colectivos, propiedade intelectual...

Ciencia e tecnoloxía: avances científicos e tecnolóxicos, centros de investigación, sociedades científicas...

Compras e actividades comerciais: actividades de compra, venda e subrogación, rede bancaria, divisas e formas de pagamento...

Cultura e actividades artísticas: música e danza, arquitectura, pintura e escultura, estilos e correntes artísticas, tendencias de vangarda, literatura, fotografía, cine e teatro, novas manifestacións artísticas, artesanía...

Economía e industria: finanzas e bolsa, impostos e renda, comercio, entidades e empresas, sistemas de produción...

Educación e actividades académicas: sistema educativo, profesionais da educación, estudos e titulacións, recursos, lexislación e regulamentos, actividades e innovacións, problemas e conflitos, tendencias...

Goberno, política e sociedade: organización política e de goberno, estrutura administrativa, organismos e servizos públicos, organizacións sociais, políticas e profesionais, conflitos e movementos sociais, xustiza, modas e tendencias sociais...

Identidade persoal: dimensión física e anímica, procedencia e localización xeográfica, características físicas, estilos de vida, carácter e valores persoais, sensacións e percepcións físicas...

Información e medios de comunicación: prensa, radio e televisión, Internet, publicidade e redes sociais...

Lecer e tempo libre: xogos, actividades deportivas, espectáculos, festas, hostalería, vacacións, ocio...

Relacións persoais e sociais: relacións familiares e de parentesco, relacións de amizade e inimidade, formas de convivencia, agrupamentos e interaccións humanas, asociacións...

Relixión e filosofía: correntes filosóficas e relixiosas, institucións relixiosas...

Saúde, coidados físicos e atención sanitaria: estado de saúde e tratamentos médicos, procedementos cirúrxicos e terapias alternativas, material sanitario, consultas, sistemas sanitarios...

Traballo e actividades profesionais: tipos de traballo e tarefas, novas modalidades de emprego, condicións e contratos laborais, asociacións sindicais, seguridade e riscos laborais...

Viaxes e estancias no estranxeiro: turismo, modas e tendencias turísticas, trámites coa administración e burocráticos durante estadas no estranxeiro...

Vivenda, fogar e contorna: tipos de hábitat, a organización urbana, a localización no espazo, a construción, compra e alugueiro, equipamento, decoración e mantemento, a contorna sociocultural, física e económica...

Xeografía, natureza e medio rural: accidentes xeográficos, movementos migratorios, paisaxe urbana e rural, natureza, ecoloxía e problemas ambientais...

A distribución dos contidos por cuatrimestres é a seguinte:

1º cuadrimestre: unidades 1, 11, 2, 3, 4, 12.

2º cuadrimestre: unidades 5, 9, 6, 10, 7, 8.

1º cuadrimestre:

Unidade 1:

Personalidade e valores persoais
Comportamento humano e presión de grupo
Relacións humanas
Verbos frasais
Frases e expresións feitas
Preposicións

Unidade 11:

Os medios de comunicación
Expresións e frases feitas
Formación de palabras
Verbos frasais
Preposicións

Unidade 2:

Ciencia e tecnoloxía
Formación de palabras
Verbos frasais
Frases e expresións feitas

Unidade 3:

Asuntos sociais: activismo, voluntariado, comercio xusto, ONGs...
Política
Dereitos humanos
Medio ambiente e enerxías renovables
Formación de palabras
Verbos frasais
Frases e expresións feitas

Unidade 4:

As redes sociais e os medios
Asuntos culturais
Formación de palabras
Verbos frasais
Frases e expresións feitas

Unidade 12:

Cultura
Choques culturais

Manifestacións artísticas
Expresións e frases feitas
Formación de palabras

2º cuadrimestre:

Unidade 5:

Sociedade
Esperanzas e aspiracións persoais
Formación de palabras
Verbos frasais
Frases e expresións feitas

Unidade 9:

O traballo e o mundo laboral
O aloxamento
Expresións e frases feitas
Formación de palabras
Verbos frasais

Unidade 6:

Diñeiro e decisións morais
Economía
Formación de palabras
Verbos frasais
Frases e expresións feitas

Unidade 10:

Publicidade e marketing
Consumismo
Formación de palabras
Verbos frasais
Frases e expresións feitas

Unidade 7:

Turismo, viaxes e culturas
Tempo libre e ocio
Formación de palabras
Verbos frasais
Frases e expresións feitas

Unidade 8:

Educación
Formación de palabras

Verbos frasais
Preposicións
Frases e expresións feitas

b) Contidos gramaticais

Fan referencia ás capacidades do alumnado á hora de seleccionar e usar estruturas de lingua en función da súa pertinencia para acadar a intención comunicativa en cada actividade de lingua. Os contidos que se relacionan deberán adaptarse ás características propias de cada idioma, á organización de cada nivel e ás necesidades e dificultades de aprendizaxe do alumnado.

Consolidaranse todos os contidos sintácticos vistos nos niveis anteriores e incidirase nos seus usos e valores especiais. Así mesmo, prestarase atención aos seguintes aspectos:

- Formación de palabras: derivación e composición
- Recoñecemento dos elementos da palabra e significado dos afixos
- Usos das formas verbais e nominais na composición de textos e adecuación destas ao tipo de texto e ao discurso
- Correlación temporal na construción de textos orais e escritos
- Usos sintácticos complexos
- Disposición dos constituíntes oracionais: coñecemento das posibilidades de alteración da orde
- Gramática textual: os procedementos de organización estrutural dos textos orais e escritos: focalizacións, tematizacións, reformulacións etc.
- Uso de mecanismos de cohesión para a organización de textos orais e escritos

A distribución dos contidos por cuatrimestres é a seguinte:

1º cuatrimestre: unidades 1, 11, 2, 3, 4, 12.

2º cuatrimestre: unidades 5, 9, 6, 10, 7, 8.

1º cuatrimestre:

Unidade 1:

Revisión dos tempos de presente e tempos perfectos

Tempos simples e continuos

Uso de *Used to, would, will*

Unidade 11:

O uso de xerundios e infinitivos

Unidade 2:

Os tempos de futuro

Adxectivos e frases para expresar o futuro

Unidade 3:
A voz pasiva
Causativos con *get* e *have*

Unidade 4:
Verbos modais: pasado, nega negativa; *need* e *dare*

Unidade 12:
O uso de *Cleft sentences* con *it, what, all*

2º cuadrimestre:

Unidade 5:
Oracións condicionais
A inversión (I)

Unidade 9:
Frases de Relativo
Pronomes Relativos
O participio: Participle clauses
O uso de *Clauses of reason, purpose, result e contrast*

Unidade 6:
A inversión (II)
O uso de *So + Such*
O uso de Unreal past
O uso de *Would rather, would prefer, had better*
Sustantivos Contables e Incontables; pronomes e artigos

Unidade 10:
Sustantivos Contables e incontables
Os pronomes
Os artigos

Unidade 7:
Adxectivos: *Gradable & Ungradable adjectives*
Adverbios: *Modifying adverbs*

Unidade 8:
O estilo indirecto
Reporting suggestions and questions
Verbos para o estilo indirecto seguidos de xerundio
Verb patterns
Formas de plural

c) **Contidos fonéticos**

Fan referencia á capacidade do alumnado para recoñecer, seleccionar e producir os patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación frecuente (aínda que sexa perceptible o acento estranxeiro). Os contidos que se relacionan deberán adaptarse ás características propias de cada idioma, á organización de cada nivel, ás necesidades e dificultades de aprendizaxe do alumnado e ás actividades de lingua.

Consolidaranse todos os contidos fonético-fonolóxicos e ortotipográficos vistos nos niveis anteriores e incidirase nos propios deste nivel:

- A énfase
- A entoación e os cambios de ton
- Os patróns característicos de tons vinculados a intencións comunicativas específicas (ironía, sarcasmo, humor...)
- Os patróns melódicos específicos dalgunhas estruturas sintácticas
- Secuencias sinxelas cunha entoación característica (refráns, poemas...)
- A correspondencia entre unidades melódicas e a puntuación
- O recoñecemento das variantes diatópicas e diastráticas máis estendidas

No nivel C2 está previsto tratar estes contidos con materiais do Teacher's Book de *Close-up C2* especificamente dedicados a problemas de pronunciación de falantes de español, mais material complementaria, tales como fotocopias, materiais en liña, materiais audiovisuais, ou materiais procedentes doutros métodos como *Speakout Advanced*, *Premium Advanced coursebook*, *Headway Advanced*, *Language Leader*, etc.

d) **Contidos ortográficos**

Fan referencia á capacidade do alumnado para recoñecer, seleccionar e producir os elementos gráficos e as convencións ortográficas. Os contidos que se relacionan deberán adaptarse ás características propias de cada idioma, á organización de cada nivel, ás necesidades e dificultades de aprendizaxe do alumnado e ás actividades de lingua.

Consolidaranse todos os contidos ortotipográficos vistos nos niveis anteriores e incidirase nos propios deste nivel.

- As convencións de distribución e organización do texto.
- As abreviaturas, siglas, símbolos e acrónimos de uso común.

3.2. Competencias socioculturais

Bo dominio de coñecementos, destrezas e actitudes necesarios para abordar en extensión a dimensión social do uso do idioma na comprensión de textos orais e escritos, na produción e coprodución de textos orais e escritos, incluíndo

marcadores lingüísticos de relacións sociais, normas de cortesía, modismos e expresións de sabedoría popular, rexistros, dialectos (e acentos, nas actividades de lingua oral).

Bo dominio dos coñecementos, destrezas e actitudes interculturais que permitan levar a cabo actividades de mediación con facilidade e eficacia: conciencia da alteridade, conciencia sociolingüística, coñecementos culturais específicos, observación, escoita, avaliación, interpretación, posta en relación, adaptación, imparcialidade, metacomunicación, respecto, curiosidade, apertura de miras, tolerancia.

No nivel C2, agárdase que o alumno desenvolva esta competencia de maneira que se comunique con flexibilidade e eficacia, incluíndo o uso emocional, alusivo e humorístico da lingua, o que implica apreciar diferentes variedades da lingua e cambios de rexistro, así como recoñecer unha ampla diversidade de expresións idiomáticas, coloquiais e de argot, aínda que pode que precise confirmar detalles esporádicos, sobre todo se o acento lle resulta descoñecido.

O alumnado de nivel C2 deberá ser quen de expresarse adecuadamente nunha lingua sociolingüísticamente apropiada ás situacións de comunicación e adquirir a capacidade de abordar a variedade da fala, ademais dun maior control sobre rexistros e modismos.

Posto que a lingua é un fenómeno social, gran parte dos contidos que forman parte da competencia sociolingüística encádrase nos contidos correspondentes aos diferentes ámbitos ou áreas ligados á competencia sociocultural.

Se terán en conta as seguintes áreas de ámbito sociocultural:

A vida cotiá: cociña e alimentos, convencións sociais e comportamentos nos distintos establecementos; festividades, celebracións e vacacións, horarios laborais e prácticas de traballo; hábitos e afeccións; medios de comunicación.

Os servizos públicos: comportamentos e uso de instalacións públicas (deportivas, académicas, culturais, sanitarias, etc.) e espazos públicos (prazas, parques, rúas, etc.); mobiliarios urbano, mantemento e limpeza de espazos públicos; reciclaxe; protección civil (bombeiros, persoal sanitario, etc.).

As condicións de vida: atención á infancia, a persoas maiores, minusválidos, inmigrantes, a persoas sen recursos económicos, a persoas maltratadas; ONGs, asociacións e institucións sen ánimo de lucro; corpos e instalacións de seguridade (loita contra a drogadicción, a delincuencia, etc.)

O contorno xeográfico: relación coa natureza e protección do medio ambiente; parques naturais e rutas; reservas de biodiversidade; urbanismo e organización xeográfica; política forestal e xestión dos recursos; zonas de costa e de interior.

As relacións persoais: relacións entre sexos, novas formas de relación familiar; relación de poder e solidariedade; relacións a través das TIC, relacións entre

xeracións, relacións con outras clases sociais, razas e comunidades; citas e encontros; saúdos entre coñecidos e descoñecidos; normas de cortesía; grao de permisividade co comportamento dos nenos nos lugares públicos.

Valores, crenzas e actitudes respecto a: grupos profesionais, riqueza, culturas rexionais, seguridade, política, institucións, minorías, identidade nacional, países, estados e pobos estranxeiros.

As convencións sociais: vestimenta, protocolos, ofrecer e recibir hospitalidade, ofrecer e pedir axuda, invitar, prestar cousas e diñeiro, etc., asistir a convencións, conmemoracións e actos sociais.

O comportamento ritual: cerimonia e prácticas relixiosas (bautizos, vodas, velorios, etc); comportamento en representacións e cerimonia públicas; celebracións, festividade, bailes, etc.

No nivel C2 está previsto tratar estes contidos tamén con materiais complementarios, tales como fotocopias, materiais en liña, materiais audiovisuais, ou materiais procedentes doutros métodos como *English File* and *Cambridge Proficiency*, etc.

3.3. Competencias estratéxicas

Fan referencia á capacidade do alumnado para aprender autonomamente, resolver as dificultades que lle poidan xurdir e ser consciente da súa propia aprendizaxe, responsabilizándose do proceso dun xeito activo. Os contidos que se relacionan deberán adaptarse ás características propias de cada idioma, á organización de cada nivel, ás necesidades e dificultades de aprendizaxe do alumnado e ás distintas actividades de lingua.

1. **As estratexias de aprendizaxe** danlle a posibilidade ao alumnado de regular a súa aprendizaxe, así como de transformar e xestionar a nova información da lingua obxecto de estudo. Así o alumnado poderá:

Explicar o que sabe, como o aprendeu e dirixir a súa aprendizaxe para seguir aprendendo.

Planificar a propia aprendizaxe establecendo os seus propios obxectivos a curto e a longo prazo.

Organizar o material de aprendizaxe cos instrumentos de apoio necesarios (manuais, caderno de aprendizaxe, aplicacións móbiles, ferramentas en liña...).

Regular e autoavaliar o propio proceso detectando os erros e os logros nas tarefas.

Utilizar todos os medios ao seu alcance (Internet, proxectos sobre diversos temas, axuda doutros/as interlocutores/as...)

Repetir, recoñecer e usar modelos de lingua etc.

Relacionar a información nova con coñecementos previos.

Deducir e establecer relacións entre as linguas coñecidas.

Resumir para comprender e producir textos orais ou escritos.

2. **As estratexias de comunicación** permiten mobilizar os propios recursos para poñer en funcionamento as actividades de lingua, así como establecer e manter a comunicación cos medios lingüísticos dispoñibles. Así, o alumnado poderá:

Activar e procurar coñecementos previos sobre a lingua, a situación, os contidos, as persoas...

Informarse, se hai axudas visuais etc.

Identificar o tipo de texto para adaptalo á audiencia.

Tomar conciencia do que se quere aprender: do contido xeral, da información específica, da información polo miúdo.

Establecer hipóteses e inferir outros tipos de informacións a partir de elementos paratextuais (entoación, velocidade...) e extratextuais (imaxes, gráficos, fotografías...).

Restablecer e anticipar posicións en relación ao que segue no texto (palabra, frase, resposta...).

Reformular hipóteses sobre o contido e o contexto a partir da comprensión de novos elementos do propio texto, utilizando o seu coñecemento e experiencias.

Asegurar a comprensión, repetir o comprendido, preguntar sobre o dito, volver escoitar o texto tendo en conta determinados aspectos.

Solicitar repeticións, pedir que se explique unha palabra clave, dicir que non se entendeu.

Recoñecer as dificultades de comprensión, debido a posibles factores de distorsión, á velocidade coa que se expresa, etc.

No nivel C2 está previsto tratar estes contidos tamén con materiais complementarios, tales como fotocopias, materiais en liña, materiais audiovisuais, ou materiais procedentes doutros métodos como *English Pronunciation in Use Advanced*. Se é necesario, hai recursos específicos dirixidos aos problemas de pronuncia dos falantes de castelán en outros libros de referencia no departamento.

4. Avaliación

4.1. Criterios de cualificación e mínimos esixibles

4.1.1. Criterios de cualificación

A proba de certificación consta de cinco actividades de lingua:

- Comprensión de textos escritos
- Producción e coprodución de textos escritos
- Comprensión de textos orais
- Producción e coprodución de textos orais
- Mediación escrita e oral

A cualificación outorgada será APTO, NON APTO ou NON PRESENTADO, segundo corresponda.

A puntuación total da proba de certificación será de 125 puntos. Cada unha das cinco partes nas que se estrutura a proba terá un valor de 25 puntos. Para superar a proba será necesario acadar, polo menos, 12,5 puntos en cada actividade de lingua e, ademais, obter unha puntuación mínima dun 65% na puntuación total da proba, é dicir 81,25 puntos. O alumnado presencial que non acadar o mínimo do 65% da puntuación total da proba na convocatoria ordinaria, ademais de examinarse na convocatoria extraordinaria das actividades de lingua nas que non obtivera polo menos 12,5 puntos, poderá examinarse tamén daquelas actividades nas que non acadara a puntuación mínima do 65%, é dicir 16,25 puntos. Neste caso, se a cualificación obtida na convocatoria ordinaria é superior á que se obteña na extraordinaria, manterase a cualificación máis alta para o cálculo da nota final.

Avaliarase o progreso e logro de obxectivos do alumnado mediante procesos de observación na aula e recollida e avaliación de tarefas. O profesorado informará ó alumnado sobre o seu progreso despois do primeiro cuatrimestre, esta avaliación terá unicamente valor orientativo e servirá para informar do grao de cumprimento no desenvolvemento da programación didáctica e da súa idoneidade.

De non obteren a cualificación de APTO en todas as actividades de lingua na convocatoria finais de xuño, as persoas candidatas deberán presentarse de novo en convocatorias posteriores ás probas de certificación para seren avaliadas de todas as actividades de lingua. As persoas candidatas que obteñan a cualificación de NON APTO na proba de certificación, se aprobaron algunha/s actividade/s de lingua, poderán solicitar unha certificación académica de que acadaron o dominio requirido na/s actividade/s de lingua aprobada/s.

4.1.2. Mínimos esixibles

Os seguintes descritores débense acadar de xeito suficiente para o nivel:

Comprensión de textos orais:

É quen de seguir un discurso extenso estruturado ou non claramente estruturado.

É quen de recoñecer algunhas expresións idiomáticas e coloquiais, e apreciar algunhas connotacións e matices de significado, necesitando repetición se ten dificultades co acento.

Producción e coproducción de textos orais:

É quen de expresar o que quere dicir e superar as dificultades que poida ter.

É quen de iniciar, manter e rematar unha conversa de maneira adecuada e fluída, respectando as quendas de palabra e valéndose das intervencións dos/as outros/as interlocutores/as.

Comprensión de textos escritos:

É quen de localizar a maioría dos detalles relevantes en textos extensos.

Producción e coproducción de textos escritos:

É quen de utilizar as convencións ortotipográficas propias da lingua para producir textos escritos nos que a estrutura, a distribución en parágrafos e a puntuación sexan eficaces. A ortografía será bastante correcta e sen erros sistemáticos.

Mediación:

É quen de transmitir de xeito oral ou escrito a maioría dos puntos destacados e máis relevantes dos textos fonte, así como algúns dos os detalles que considere importantes

4.2. Procedimentos e instrumentos de avaliación

A avaliación terá por obxecto cualificar e certificar o nivel de competencia comunicativa adquirido polo alumnado como resultado do seu proceso de aprendizaxe.

Haberá diferentes modalidades ao longo do curso:

Avaliación inicial (ou de diagnóstico): o profesorado a inicio de curso fará unha avaliación de diagnóstico para coñecer o nivel e as características do seu alumnado.

Avaliación de progreso (ou formativa): nesta modalidade tanto profesorado como alumnado poden observar, reflexionar e valorar o proceso de aprendizaxe. Avaliarase o progreso e logro de obxectivos do alumnado de forma frecuente e interactiva mediante procesos de observación na aula e recollida e avaliación de tarefas. O profesorado informará ó alumnado sobre o seu progreso. Ao finalizar o primeiro cuatrimestre faranse tarefas relacionadas coas 5 destrezas a avaliar a para darlle feedback ao alumnado.

Avaliación certificadora: o alumnado oficial terá dúas convocatorias para certificar o nivel, durante o mes de xuño. A cualificación positiva final conducirá á obtención do certificado do nivel C2.

Autoavaliación: sendo a autoavaliación un instrumento importante no proceso de ensino-aprendizaxe, fomentárase tanto a do profesorado como a do alumnado. O profesorado poderá saber si acada os obxectivos marcados e si precisa facer cambios na programación para acadar ditos obxectivos e o alumnado desenvolve a capacidade de ser responsable ante o seu propio proceso de aprendizaxe. O profesorado motivará ó alumnado a realizar as distintas actividades de autoavaliación que están ao final de cada tema no libro de texto.

4.3. Criterios de avaliación

4.3.1. Actividades de comprensión de textos orais

Aprecia matices como a ironía ou o sarcasmo e saca as conclusións apropiadas do uso que se fai destes.

Comprende o que se pretende comunicar e utiliza con habilidade as claves contextuais co fin de inferir a actitude dos e das falantes e sacar as conclusións apropiadas.

Pode localizar información ou seguir o fío da argumentación nun texto oral de estrutura discursiva complexa ou que non está perfectamente estruturado.

Percibe as variedades fonético-fonolóxicas estándar propias da lingua e recoñece os matices sutís de significado.

4.3.2. Actividades de produción e coprodución de textos orais

Utiliza diferentes variedades da lingua e distintos rexistros segundo o contexto específico de comunicación e é quen de expresar matices sutís de significado.

Pode expresarse de forma conscientemente irónica, ambigua ou humorística, mesmo sobre asuntos complexos ou delicados.

Controla e repara o seu discurso en contextos complexos.

Formula pensamentos con precisión, pon énfase e elimina posibles ambigüidades.

Produce discursos claros, fluídos e ben estruturados.

Comunica e traslada información complexa e detallada dun xeito preciso e natural, sendo quen de dar exemplos e explicacións adecuadas.

Realiza narracións detalladas cun estilo apropiado sobre temas complexos, integrando subtemas, desenvolvendo aspectos concretos e rematando cunha conclusión apropiada.

Presenta ideas e puntos de vista de maneira flexible co fin de destacalos, diferenciarlos e eliminar posibles ambigüidades.

Expresa e argumenta as súas ideas e opinións con claridade e precisión, pode rebater os argumentos das persoas interlocutoras e é quen de persuadir.

Utiliza un vocabulario correcto e apropiado, co fin de enriquecer, matizar e precisar o que quere dicir, e transmite matices sutís de significado.

Pode tomar a palabra, mantela e cedela de maneira completamente natural e espontánea.

Pode resumir ou trasladar con detalle as posturas e os argumentos presentados, así como os seus propios.

Axusta a entoación á situación comunicativa, variándoa para expresar matices de significado.

4.3.3. Actividades de comprensión de textos escritos

Aprecia diferentes variedades da lingua e cambios de rexistro e de estilo e saca as conclusións apropiadas do uso que se fai destes.

Comprende o que se pretende ou o que se lle require, sendo quen de inferir a actitude e as intencións do/a autor/a.

Pode valorar a información procedente de distintas fontes e decidir se é ou non relevante para o fin ou a tarefa en cuestión.

Pode localizar información relevante, así como comprender o seu tema, contido e orientación, a partir dunha lectura rápida do texto.

Utiliza sen dificultade dicionarios monolingües da súa área de especialización.

Recoñece recursos estilísticos, p.ex. a metáfora, e pode xulgar a súa función dentro do texto e con respecto ao contexto.

Recoñece a intención e o significado do propósito comunicativo, segundo o contexto, o xénero e os tipos textuais específicos.

Recoñece xogos de palabras e figuras estilísticas e pode xulgar a súa función dentro do texto e con respecto ao contexto.

Comprende as intencións comunicativas expresadas mediante o uso dunha ampla gama de convencións ortotipográficas, tanto en soporte papel como dixital, de carácter especializado.

4.3.4. Actividades de produción e coprodución de textos escritos

Escribe textos complexos extensos e de calidade, mostrando un dominio dos recursos lingüísticos que lle permite expresarse sen ningunha limitación.

Escribe textos complexos, coherentes e cohesionados, con claridade, cun estilo apropiado e eficaz e cunha estrutura lóxica que lle axudan ao/á lector/a a atopar as ideas máis significativas.

Utiliza diferentes variedades da lingua e distintos rexistros segundo o contexto e a intención comunicativa.

Pode expresarse por escrito de forma conscientemente irónica, ambigua, ou humorística.

Redacta un texto e adáptao á situación requirida.

Saca proveito dun amplo repertorio de elementos lingüísticos para formular pensamentos con precisión, poñer énfase, diferenciar e eliminar ambigüidades.

Comunica con total certeza información complexa e detallada.

Pode dar explicacións coherentes de carácter teórico.

Realiza descricións e narracións detalladas integrando subtemas, desenvolvendo aspectos concretos e rematando cunha conclusión apropiada.

Presenta ideas e puntos de vista de maneira flexible co fin de destacalos, diferencialos e eliminar posibles ambigüidades.

Expresa e argumenta as súas opinións con claridade e precisión, rebate os argumentos dos seus correspondentes e pode persuadir con soltura.

Utiliza sen problemas as estruturas gramaticais propias da lingua escrita, incluíndo variacións sintácticas de carácter estilístico.

Utiliza con consistencia un vocabulario correcto e apropiado, co fin de enriquecer e precisar o que quere dicir, e transmite matices sutís de significado.

Utiliza as convencións ortotipográficas propias da lingua, tanto de carácter xeral como máis específico, para producir textos escritos exentos de erros de ortografía, formato, estrutura, distribución en parágrafos e puntuación; se acaso, pode presentar algún descoido tipográfico ocasional.

Relacionase coa persoa destinataria con total naturalidade, flexibilidade e eficacia.

4.3.5. Actividades de mediación

Adapta os textos ao propósito comunicativo, respectando a situación, os/as receptores/as e a canle, así como a información, o estilo e as posturas **orixinais**.

Produce un texto meta claro, ben estruturado e cun estilo apropiado a partir de diversos textos fonte (orais ou escritos).

Pode explicar e analizar as semellanzas e diferenzas culturais e lingüísticas, así como superar posibles barreiras ou circunstancias adversas na comunicación, poñendo en xogo a súa competencia intercultural e as súas competencias comunicativo-lingüísticas.

Comunícase coa precisión necesaria, apreciando e sendo capaz de utilizar diferentes variedades da lingua e unha ampla gama de matices de significado.

Selecciona con rapidez e aplica eficazmente os recursos lingüísticos máis convenientes para o propósito comunicativo, en función das persoas destinatarias e do propósito comunicativo.

Produce textos coherentes, cohesionados e de calidade a partir dunha gran diversidade de fontes textuais.

Transmite con certeza información complexa e detallada, así como os aspectos sutís das posturas, opinións e implicacións contidas nos textos fonte (orais ou escritos).

Xestiona con naturalidade e espontaneidade a interacción entre as partes para procurar que flúa a comunicación, axudando a expresar con claridade as posturas e a desfacer posibles malentendidos; volvendo, sempre que se precise, sobre os aspectos importantes, iniciando outros temas ou recapitulando para organizar a discusión e orientándoa cara á resolución da cuestión.

MODALIDADES OFERTADAS

CURSOS ANUAIS

É a modalidade máis ofertada e consta normalmente de cursos de 120 horas ao longo do ano escolar en dúas sesións semanais de dúas horas. Abranguen todos os niveis do Marco Común Europeo dende A1 a C2. Estes cursos para o alumnado oficial teñen dúas convocatorias: ordinaria (en maio ou primeira metade de xuño) e extraordinaria (a partir do 20 de xuño)

CURSOS SEMIPRESENCIAIS

Os cursos semipresenciais son de recente implantación nas escolas de idiomas de Galicia. Teñen a mesma duración que os cursos presenciais (120 horas), divididos en dúas sesións semanais de 2 horas cada unha. Non hai libro de texto tradicional

neste método senón que todo o material de docencia está aloxado nas aulas virtuais de Moodle. Este material foi creado por un grupo de profesores/as de escolas de idiomas a partires do curso 2019-2020 para tal fin. Unha das sesións realízase online, onde o alumnado ten que facer tarefas propostas polo seu profesor/a. A sesión presencial na aula está orientada á práctica oral, mais outras habilidades como a mediación e escoita de textos tamén se levan a cabo.

Este ano a Escola de Idiomas de Ferrol ofrece un curso semipresencial para o nivel C1.1, a súa Sección de As Pontes oferta tamén un curso nesta modalidade para os niveis B2.1 e B2.2 e a Sección de Cedeira para B2.1. Coa excepción da temporalización, que é distinta no caso do curso semipresencial, todo o referido a *obxectivos xerais, obxectivos específicos, contidos funcionais, discursivos, sociolingüísticos, lingüísticos, socioculturais, estratéxicos e de avaliación* que aparecen reflectidos na programación dos cursos presenciais, serán tamén aplicables aos cursos semipresenciais correspondentes.

En canto aos exames de promoción e certificación, o alumnado dos cursos semipresenciais realizará o mesmo que o alumnado dos cursos presenciais, coa posibilidade de introducir algún cambio para unha mellor adaptación dos contidos do curso semipresencial.

Os métodos semipresenciais constan de 10 módulos pensados para ser impartidos cada un deles en 6 sesións (12 horas), das cales 3 son presenciais e as outras 3 online.

CURSO SEMIPRESENCIAL B2.1

Temporalización do curso B2.1 semipresencial

Tanto a secuenciación como a temporalización dos contidos enunciados a continuación poden estar suxeitas a modificacións ou adaptación segundo a decisión das coordinacións de curso e sempre que as condicións particulares dos grupos o requiran, de tal xeito que se poida garantir o cumprimento dos obxectivos fixados para o curso e nivel.

Primeiro cuadrimestre

Módulo 1

Family and Human Relations

Obxectivos específicos

- Intercambiar información sobre diferentes tipos de familias.
- Falar sobre trazos da personalidade.
- Describir a unha persoa.

- Escribir unha entrada nun blog describíndote a ti mesmo/a para atopar un/unha compañeiro/a de piso.
- Escribir un ensaio sobre un membro da familia.
- Definir novas palabras con oracións subordinadas de relativo (*relative clauses*).
- Pronunciar o son /ʌ/.

Competencias e contidos

- Léxicos: vocabulario relacionado coa vivenda (*binomial pairs, house idioms*).
- Sintácticos: *will/won't* for predictions.
- Fonéticos e ortotipográficos: pronunciation of /s/ and /z/, “*House vs Houses*” (*-s endings*).
- Socioculturais/sociolingüísticos: tipos de aloxamento en UK e celebración do “día do novo propietario” (*May 1st New Homeowners Day!*).
- Funcionais: describir os tipos de vivenda, aconsellar no reparto das tarefas do fogar e no mellor sitio para vivir. Falar sobre as emocións. Facer predicións.
- Discursivos: redactar un e-mail formal postulándose como inquilino dunha vivenda e solicitando información.

Actividades

Comprensión de textos escritos:

- Reading comprehension: *Best places to live in the UK* (vocabulary activity: *matching*).
- Reading comprehension: *Leaving the nest vs Empty-Nest Syndrome* (*true-false questions and vocabulary activity: antonyms -matching-*).
- Reading comprehension: *Houses in England* (quiz: *multiple choice*).

Comprensión de textos orais:

- Listening comprehension: *Different types of houses* (vocabulary activity -*fill in the blanks-*, *scrambled list, revision video and mindmap*).
- Listening comprehension: *Love it or list it Vancouver* (vocabulary activity: *emotions*).
- Listening comprehension: *Household chores* (*scrambled list, fill in the blanks*).
- Listening comprehension: *Minimalistic houses* (*fill in the blanks*).
- Listening comprehension: *Experiencing houses of the future* (*answer the questions*).
- Listening comprehension: *Types of houses* (quiz: *matching*).

Producción de textos escritos:

- Wiki: *The best place to live in the province of Pontevedra* (actividade colaborativa na que cada grupo ten que crear unha páxina na wiki sobre a mellor zona para vivir en Pontevedra: características, tipos de vivendas en aluguer/á venda, como cambiou a zona nos últimos 50 anos, etc.).
- Forum post: *Household chores* (o alumnado ten que publicar no foro un problema relacionado co reparto das tarefas domésticas e aportar unha solución aos problemas expostos por outra(s) persoa(s)).
- Writing task: *Rent an apartment -a rental application-* o alumnado ten que escribir un e-mail formal solicitando información sobre unha vivenda en aluguer e postularse como o inquilino ideal.
- Glossary: *Housing* (engadir léxico sobre a vivenda).

Producción de textos orais:

- Oral activity: *Household chores, ask Sally!* (nesta tarefa o alumnado ten que “poñerse na pel” de Sally e dar solución aos problemas expostos sobre o reparto das tarefas domésticas).
- Oral activity: Card 1. Oral interaction. Topic: *Housing* (en parella/trío teñen que escoller unha vivenda e xustificar a súa decisión, en 3-4’).
- Oral production: *Still living with your parents?* (debater na clase os problemas de voltar vivir cos teus pais, despois gravarse a si mesmo/a falando sobre estes problemas e a tarefa doméstica que detestas).

Mediación oral (actividades):

- *Tips to renovate your house* (o alumno/a ten que transmitir ao compañeiro/a(s) a información que aparece nun folleto sobre consellos de bricolaxe para renovar a túa casa. Duración: 2’).

Crterios de avaliación e mínimos esixibles

- Pode falar de temas relacionados coa familia.
- Pode describirse a si mesmo/a e a outra persoas.
- Pode falar sobre trazos da personalidade.
- Pode escribir unha entrada nun *blog* describindote a ti mesmo/a para atopar un compañeiro/a de piso.
- E quen de escribir un ensaio sobre un membro da familia.
- Pode facer oracións subordinadas de relativo.
- Pode pronunciar o son /ʌ/.

Módulo 2

Housing

Obxectivos específicos

- Falar sobre distintos tipos de vivenda
- Predicir como serán as casas do futuro.
- Debater sobre como dividir as tarefas domésticas.
- Pronunciar os sons /s/, /z/, /ɪz/
- Escribir un e-mail para alugar un piso/apartamento.
- Dar a coñecer a mellor zona para vivir na túa vila/cidade.
- Dar consello sobre o mellor sitio para vivir.

Competencias e contidos

- Léxicos: vocabulario relacionado coa vivenda (*binomial pairs, house idioms*).
- Sintácticos: *will/won't* for predictions.
- Fonéticos e ortotipográficos: pronunciation of /s/ and /z/, “*House vs Houses*” (-s endings).
- Socioculturais/sociolingüísticos: tipos de aloxamento en UK e celebración do “día do novo propietario” (*May 1st New Homeowners Day!*).
- Funcionais: describir os tipos de vivenda, aconsellar no reparto das tarefas do fogar e no mellor sitio para vivir. Falar sobre as emocións. Facer predicións.
- Discursivos: redactar un e-mail formal postulándose como inquilino dunha vivenda e solicitando información.

Actividades

Comprensión de textos escritos:

- Reading comprehension: *Best places to live in the UK* (vocabulary activity: matching).
- Reading comprehension: *Leaving the nest vs Empty-Nest Syndrome* (true-false).
- Questions and vocabulary activity: antonyms -matching-).
- Reading comprehension: *Houses in England* (quiz: multiple choice).

Comprensión de textos orais:

- Listening comprehension: *Different types of houses* (vocabulary activity -fill in the blanks-, scrambled list, revision video and mindmap).
- Listening comprehension: *Love it or list it Vancouver* (vocabulary activity: emotions).
- Listening comprehension: *Household chores* (scrambled list, fill in the blanks).
- Listening comprehension: *Minimalistic houses* (fill in the blanks).
- Listening comprehension: *Experiencing houses of the future* (answer the questions).
- Listening comprehension: *Types of houses* (quiz: matching).

Producción de textos escritos:

- vocabulario relacionado co turismo
- frases idiomáticas

VII-Fonético-fonolóxicos e ortotipográficos

- pronuncia da terminación -ed dos tempos pasados e participios, incluíndo as excepcións máis frecuentes.

Actividades

Learning about it

Comprensión de textos escritos e vocabulario:

- Reasons to visit Durham
- Vocabulary and idioms related to travel

Comprensión de textos orais e gramática:

- Misadventures in Morocco
- Narrative tenses

Pronuncia e produción de textos orais:

- -ed ending and exceptions
- How to tell a story

- Adverbial expressions of time

Producción de textos escritos:

- How to write a description of a place
- Participle clauses

Communicating and sharing

Mediación e/ou coprodución de textos escritos por medio de foros e textos orais nas sesións presenciais:

- Solo travelling: Is it on your travel bucket list?
- Hotel vs Airbnb: Which option is best for you?
- Voluntourism: Do western do-gooders actually do harm?
- To fly or not to fly? The environmental impact of flying.

Making progress

Tarefas:

- Collaborative glossary
- Creating a collaborative presentation
- Podcast: disaster travel stories
- Writing workshop: a memorable long-haul train journey

Follow-up

- For further practice

Check your progress

Criterios de avaliación

Actividades de comprensión de textos orais

- Comprende descrições de destinos turísticos e narracións sobre viaxes en distintos rexistros.
- Comprende feitos e opinións sobre temas relacionados co turismo.

Actividades de produción e coprodución de textos orais

- Inicia, mantén e remata conversacións animadas sobre diferentes maneiras de viaxar, expresando e xustificando as súas opinións e respectando as quendas de palabras.
- Produce descrições detalladas e vivaces de destinos turísticos.
- Relata experiencias de viaxes que non saíron ben no pasado, expresando correctamente as relacións temporais, de maneira coherente e cohesionada.

Actividades de comprensión de textos escritos

- Comprende descrições de destinos turísticos e narracións sobre viaxes en distintos rexistros.
- Comprende feitos e opinións sobre temas relacionados co turismo.

Actividades de produción e coprodución de textos escritos

- Inicia, mantén e remata conversacións animadas sobre diferentes maneiras de viaxar, expresando e xustificando as súas opinións e valéndose das intervencións dos seus interlocutores.
- Produce descrições coherentes e cohesionadas detalladas e vivaces de destinos turísticos.
- Relata experiencias de viaxes realizadas no pasado, expresando correctamente as relacións temporais, de maneira coherente e cohesionada.

Actividades de mediación

- Resume e sintetiza as ideas principais de artigos ou material audiovisual relacionado co turismo e as viaxes.
- Adapta a súa produción oral e escrita ao seu interlocutor e á función comunicativa do contexto e a situación.

Mínimos esixibles

O alumnado é quen de:

Actividades de comprensión de textos orais

- Comprender descrições de destinos turísticos e narracións sobre viaxes.
- Comprender feitos e opinións sobre temas relacionados co turismo.

Actividades de produción e coprodución de textos orais

- Manter conversacións sobre diferentes maneiras de viaxar, expresando e xustificando as súas opinións.
- Producir descrições detalladas de destinos turísticos.
- Relatar experiencias de viaxes que non saíron ben no pasado, expresando as relacións temporais.

Actividades de comprensión de textos escritos

- Comprender descrições de destinos turísticos e narracións sobre viaxes.
- Comprender feitos e opinións sobre temas relacionados co turismo.

Actividades de produción e coprodución de textos escritos

- Manter conversacións sobre diferentes maneiras de viaxar, expresando e xustificando as súas opinións.
- Producir descrições coherentes e cohesionadas detalladas e vivaces de destinos turísticos.
- Relatar experiencias de viaxes realizadas no pasado, expresando correctamente as relacións temporais.

Actividades de mediación

- Resumir as ideas principais de artigos ou material audiovisual relacionado co turismo e as viaxes.

- Adaptar a súa produción oral e escrita ao seu interlocutor e á situación.

Segundo cuadrimestre

Módulo 5

The first wealth is health

Obxectivos específicos:

- Ser quen de expresar descontento a través dunha carta de queixa.
- Presentar un tema relacionado coa saúde do noso interese con seguridade e fluidez.
- Falar sobre saúde e nutrición cos compañeiros dunha maneira informada e concisa.

Competencias e contidos

I-Socioculturais e sociolingüísticos

- diferencias entre os sistemas sanitarios de diversos países do mundo

II-Estratéxicos

- aplicación de claves contextuais e discursivas para inferir e sinalar a actitude, intención e organización do discurso propio e alleo.
- aplicación de estratexias eficaces para producir un texto de queixa.

III-Funcionais

- contrastar eventos e situacións empregando verbos modais.
- expresar opinión persoal sobre saúde, nutrición e estilos de vida
- describir sistemas sanitarios

IV-Discursivos

- estruturar o discurso oral e escrito mediante conectores e marcadores diversos.
- expresar opinión persoal e rexeitamento ou queixa en soporte escrito cun formato axeitado

V-Sintácticos

- verbos modais e modais perfectos
- phrasal verbs

VI-Léxicos

- vocabulario relacionado có sistema sanitario
- vocabulario relacionado coa comida e nutrición
- vocabulario e frases idiomáticas sobre estilos de vida

VII-Fonético-fonolóxicos e ortotipográficos

- tipos de entoación

Actividades

Learning about it

Comprensión de textos escritos e gramática:

- Modern health concerns

- The impact of pandemics in the collective ethos
- Grammar in context: modal perfects
- Learning from phrasal verbs

Comprensión de textos orais e vocabulario:

- Comparing health systems across the world
- Word formation practice
- Tackling food waste

Pronuncia e produción de textos orais

- The importance of intonation
- Signposting in English

Produción de textos escritos:

- Understanding letters of complaint.
- Writing a letter of complaint.

Communicating and sharing

Mediación e/ou coprodución de textos escritos por medio de foros e textos orais nas sesións presenciais:

- Top 10 health concerns according to WHO. What's yours?
- The real cost of health in the US
- To what extent do you agree with the Happy Planet Index?

Making progress

Tarefas:

- Collaborative glossary.
- Post a podcast about food waste
- Creative word clouds
- Carta de queixa a un supermercado

Follow-up

- For further practice

Check your progress

Criterios de avaliación

Actividades de comprensión de textos orais

- Comprende ideas e conceptos concretos dun video sobre o desperdicio de comida e desenvolvemento sostible.
- Comprende en detalle diferentes detalles dos sistemas sanitarios internacionais.

Actividades de produción e coprodución de textos orais

- Describe sistemas sanitarios de diversos países, organizando con coherencia e cohesión o seu discurso.
- Discute con precisión a opinión persoal sobre aspectos de estilo de vida como o Happy Planet Index, empregando mecanismos de signposting para elo.

Actividades de comprensión de textos escritos

- Comprende textos longos sobre estilos de vida e saúde, sendo quen de extraer idea principal e secundaria.
- Discrimina os usos dos modais perfectos no contexto e comprende as diferenzas de implicación.

Actividades de produción e coprodución de textos escritos

- Produce textos coherentes, cohesionados e detallados sobre saúde, estilos de vida e nutrición.
- Inicia e mantén comunicación escrita mediante unha carta de queixa, empregando as convencións e formato asociadas ao xénero con corrección.

Actividades de mediación

- Resume e parafrasea ideas sobre saúde e nutrición a partir de material audiovisual.
- Adapta a produción ao rexistro de formalidade, implicación, sendo consciente da importancia da entoación no proceso.

Mínimos esixibles

O alumnado é quen de:

Actividades de comprensión de textos orais

- Analizar e comentar ideas e conceptos concretos dun vídeo sobre o desperdicio de comida e desenvolvemento sostible.
- Desglosar e analizar en detalle diferentes detalles dos sistemas sanitarios internacionais.

Actividades de produción e coprodución de textos orais

- Describir sistemas sanitarios de diversos países, organizando con coherencia e cohesión o seu discurso.
- Discutir con precisión a opinión persoal sobre aspectos de estilo de vida como o *Happy Planet Index*, empregando mecanismos de signposting para elo.

Actividades de comprensión de textos escritos

- Comprender textos longos sobre estilos de vida e saúde, sendo quen de extraer idea principal e secundaria.
- Discriminar os usos dos modais perfectos no contexto e comprender as diferenzas de implicación.

Actividades de produción e coprodución de textos escritos

- Producir textos coherentes, cohesionados e detallados sobre saúde, estilos de vida e nutrición.

- Producir unha carta de queixa, empregando as convencións e formato asociadas ao xénero con corrección.

--Actividades de mediación

- Resumir e parafrasear ideas sobre saúde e nutrición a partir de material audiovisual.

- Adaptar a produción ao rexistro de formalidade, implicación, sendo consciente da importancia da entoación no proceso.

Módulo 8

Working for the planet

Obxectivos específicos:

- Falar dos hábitos ecolóxicos
- Escribir un email para unirse a unha ONG
- Debater e opinar sobre as máis importantes ameazas do planeta

Competencias e contidos

I-Socioculturais e sociolingüísticos

- diferenzas culturais entre os hábitos ecolóxicos de distintos países
- diversas ameazas ao planeta

II-Estratéxicos

- autoavaliar as producións propias seguindo unha rúbrica
- reflexionar sobre o progreso propio na aprendizaxe da lingua e a consecución dos obxectivos

III-Funcionais

- producir descricións detalladas de lugares na natureza
- expresar opinións sobre desastres naturais que poderían afectar o lugar onde un vive
- expresar opinión sobre diversas ONGs.
- describir as ameazas que pode ter o planeta
- describir os hábitos ecolóxicos de cada un
- escribir un email pedindo información para unirse a unha ONG

IV-Discursivos

- estruturar o discurso oral e escrito mediante pausas, parágrafos e conectores,
- empregar adecuadamente expresións de opinión persoal

V-Sintácticos

- diversas formas de especular sobre o futuro

VI-Léxicos

- vocabulario relacionado co medio ambiente
- vocabulario sobre natureza

VII-Fonético-fonolóxicos e ortotipográficos

- diferenzas entre o acento inglés británico e o inglés americano
- xestión da quenda de palabra

Actividades

Learning about it

Comprensión de textos escritos e vocabulario:

- Tres organizacións medioambientais: The Sierra Club/Greenpeace/Earth First!
- *Guerilla Gardening*
- Test sobre hábitos ecolóxicos
- Vocabulario sobre temas medioambientais
- Vocabulario sobre natureza

Comprensión de textos orais e gramática:

- An interview with an environmentalist
- Speculation about the future

Pronuncia e produción de textos orais:

- British and American pronunciation
- Managing turn-taking

Produción de textos escritos:

- Write an email asking for information to join an NGO

Communicating and sharing

Mediación e/ou coprodución de textos escritos por medio de foros e textos orais nas sesións presenciais:

- My nature experience
- Natural disaster
- Choosing an environmental NGO

Making progress

Tarefas:

- Collaborative glossary related to the environment
- Dangers to the planet
- The green interview
- Writing an email asking for information to join an environmental NGO

Follow-up

- For further practice

Check your progress

Criterios de avaliación

Actividades de comprensión de textos orais

- Comprende descrições sobre temas medioambientais.

Actividades de produción e coprodución de textos orais

-Describe os seus hábitos ecolóxicos correctamente, organizando con coherencia e cohesión o seu discurso.

-Describe as posibles ameazas ao planeta correctamente, organizando con coherencia e cohesión o seu discurso.

Actividades de comprensión de textos escritos

-Comprende descrições sobre organizacións medioambientais.

Actividades de produción e coprodución de textos escritos

-Inicia e mantén conversacións sobre experiencias na natureza, desastres naturais e diversas ONGs medioambientais.

-Produce un email pedindo información, utilizando a linguaxe e o rexistro adecuado e organizando con coherencia e cohesión o seu discurso.

Actividades de mediación

- Resume e sintetiza as ideas principais de artigos ou material audiovisual relacionado co medio ambiente.

- Adapta a súa produción oral e escrita ao seu interlocutor e á función comunicativa do contexto e a situación.

Mínimos esixibles

O alumnado é quen de:

Actividades de comprensión de textos orais

- Comprende descrições sobre temas medioambientais.

Actividades de produción e coprodución de textos orais

-Describe os seus hábitos ecolóxicos correctamente.

-Describe as posibles ameazas ao planeta correctamente.

Actividades de comprensión de textos escritos

-Comprende descrições sobre organizacións medioambientais.

Actividades de produción e coprodución de textos escritos

- Mantén conversacións sobre experiencias na natureza, desastres naturais e diversas ONGs medioambientais.

- Produce un email pedindo información, utilizando a linguaxe e o rexistro adecuado.

Actividades de mediación

- Resume as ideas principais de artigos ou material audiovisual relacionado co medio ambiente.

- Adapta a súa produción oral e escrita ao seu interlocutor e á situación.

Módulo 9

Art is long, life is short

Obxectivos específicos:

- Participar en discusións animadas sobre arte e entretemento.
- Describir unha obra de arte.
- Escribir un artigo de opinión persoal.

Competencias e contidos

I-Socioculturais e sociolingüísticos

- Diferenzas culturais entre as manifestacións artísticas das distintas civilizacións e países
- Diferenzas culturais entre as formas de entretemento dos distintos países e distintas xeracións

II-Estratéxicos

- Autoavaliar as producións propias seguindo unha rúbrica
- Co-avaliar as producións doutros estudantes seguindo unha rúbrica
- Reflexionar sobre o progreso propio na aprendizaxe da lingua e a consecución dos obxectivos

III-Funcionais

- Describir unha obra de arte
- Expresar opinión persoal sobre temas relacionados coa arte e o entretemento

IV-Discursivos

- Estruturar o discurso oral e escrito mediante pausas, parágrafos e conectores, especialmente as expresións adverbiais de causa, consecuencia e contraste
- Empregar adecuadamente expresións de opinión persoal

V-Sintácticos

- Revisión dos pronomes reflexivos e recíprocos
- Adverbios de concesivos
- Expresións de opinión persoal

VI-Léxicos

- Vocabulario relacionado coa arte
- Vocabulario relacionado co entretemento
- Frases idiomáticas

VII-Fonético-fonolóxicos e ortotipográficos

- Pronuncia dos grupos consonánticos máis frecuentes

Actividades

Learning about it

Comprensión de textos orais e vocabulario:

- *Art Collections at Waddesdon Manor*
- *'Interior from Amaliegade', by Wilhelm Bendz*
- *Genres, techniques, materials and descriptive adjectives*
- *Idioms related to entertainment*

Comprensión de textos escritos e gramática:

- *Prosperity and entertainment*
- *Theoretical Perspectives on Media and Technology*
- *Reflexive and reciprocal pronouns*

Pronuncia e produción de textos orais:

- *Consonant clusters*
- *How to describe a painting*

Produción de textos escritos:

- *How to write an opinion article*
- *Connectors expressing contrast*

Communicating and sharing

Foros de mediación e/ou coprodución de textos escritos:

- *What is art?*
- *Can video games be considered art?*
- *How has Spotify changed the music industry?*

Making progress

- *Collaborative mindmap*
- *Describing your favourite work of art*
- *How important is art in our lives?*
- *Un artigo de opinión sobre o rol do entretemento.*

Follow-up

- *For further practice*
- *Check your progress*

Criterios de avaliación

Actividades de comprensión de textos orais

- Comprende descrições especializadas de obras de arte.
- Comprende feitos e opinións sobre temas relacionados coa arte e o entretemento.

Actividades de produción e coprodución de textos orais

- Inicia, mantén e remata conversacións animadas sobre temas relacionados coas artes e o entretemento, expresando e xustificando as súas opinións e valéndose das intervencións dos seus interlocutores.
- Produce descrições detalladas e vivaces de obras de arte.

Actividades de comprensión de textos escritos

- Comprende textos expositivos especializados e artigos de opinión reais sobre temas relacionados coa arte e o entretemento.
- Comprende textos especializados nos que se describen obras de arte.

Actividades de produción e coprodución de textos escritos

- Inicia, mantén e remata conversacións animadas sobre o concepto de arte e o papel do entretemento na sociedade actual, expresando e xustificando as súas opinións e valéndose das intervencións dos seus interlocutores.
- Produce descricións coherentes e cohesionadas detalladas e vivaces de obras de arte.
- Escribe artigos de opinión, expresando e xustificando as súas ideas de maneira coherente e cohesionada, sobre temas relacionados co entretemento.

Actividades de mediación

- Resume e sintetiza as ideas principais de artigos ou material audiovisual relacionado coa arte e o entretemento.
- Adapta a súa produción oral e escrita ao seu interlocutor e á función comunicativa do contexto e a situación.

Mínimos esixibles

O alumnado é quen de:

Actividades de comprensión de textos orais

- Comprender descricións detalladas dunha obra de arte.
- Comprender feitos e opinións sobre temas relacionados coa arte e o entretemento.

Actividades de produción e coprodución de textos orais

- Inicia, mantén e remata conversacións sobre temas relacionados coas artes e o entretemento, expresando e xustificando as súas opinións.
- Producir descricións detalladas de obras de arte.

Actividades de comprensión de textos escritos

- Comprender textos expositivos detallados e artigos de opinión sobre temas relacionados coa arte e o entretemento.
- Comprender textos detallados nos que se describen obras de arte.

Actividades de produción e coprodución de textos escritos

- Inicia, mantén e remata conversacións sobre o concepto de arte e o papel do entretemento na sociedade actual, expresando e xustificando as súas opinións.

- Produce descrições coherentes e cohesionadas detalladas de obras de arte.
- Escribe artigos de opinión, expresando e xustificando as súas ideas de maneira coherente e cohesionada, sobre temas relacionados co entretemento.

Actividades de mediación

- Resume e sintetiza as ideas principais de artigos ou material audiovisual relacionado coa arte e o entretemento.
- Adapta a súa produción oral e escrita ao seu interlocutor e á función comunicativa do contexto e a situación.

Módulo 10

Big Brother is watching

Obxectivos específicos:

- participar en discusións sobre tecnoloxía e gadgets
- comprender e empregar o *connected speech* de xeito eficiente
- escribir unha proposta (*proposal*).

Competencias e contidos

I-Socioculturais e sociolingüísticos

- Diferenzas culturais relacionadas coa tecnoloxía

II-Estratéxicos

- Deducir o significado dunha expresión ou palabra polo contexto.
- Autoavaliar as producións propias mediante unha rúbrica
- Reflexionar sobre o progreso propio na aprendizaxe da lingua e a consecución dos obxectivos

III-Funcionais

- Describir avances tecnolóxicos e as súas implicacións
- Formular propostas para lograr cambios desexados
- Enlazar o discurso empregando mecanismos de conexión fonolóxica axeitados

IV-Discursivos

- Estructurar o discurso oral e escrito mediante pausas, parágrafos e conectores relacionados coas crenzas e probabilidade.
- Empregar adecuadamente expresións de hipótese e desideración
- Aplicar a estrutura da proposta en inglés

V-Sintácticos

- O tempo subxuntivo
- Mecanismos de prefixación e sufixación

VI-Léxicos

- Vocabulario relacionado coa tecnoloxía e o desenvolvemento
- Frases idiomáticas sobre crenzas e probabilidade

VII-Fonético-fonolóxicos e ortotipográficos

- *Connected speech*

Actividades

Learning about it

Comprensión de textos orais e vocabulario:

- *How much vocabulary do you know...?*
- *Technology is turning humans into cyborgs*
- *Collocations related to probability and belief*
- *Word formation practice*

Comprensión de textos escritos e gramática:

- *Understanding big data*
- *Grammar in context: the subjunctive*

Pronuncia e produción de textos orais

- *Connected speech and thought groups*
- *Connected speech practice*

Produción de textos escritos:

- *Proposals in English*
- *Checking out the proposal layout*

Communicating and sharing

Mediación e/ou coprodución de textos escritos por medio de foros e textos orais nas sesións presenciais:

- *Technology in the classroom: Yay or Nay?*
- *Should technology be invisible?*
- *Being creative with the world around you*

Making progress

Tarefas:

- *Collaborative glossary on science and technology*
- *Creating a collaborative poem*
- *Escribir unha proposta.*

Follow-up

- *For further practice*
- *Check your progress*

Criterios de avaliación

Actividades de comprensión de textos orais

- Comprende descrições especializadas de aparellos tecnolóxicos e a súa función.
- Comprende opinións e datos de ponencias relacionadas coa tecnoloxía e o desenvolvemento.

Actividades de produción e coprodución de textos orais

- Inicia, mantén e remata conversacións dinámicas sobre aspectos relacionados cos aparellos tecnolóxicos e o impacto da tecnoloxía, expresando e xustificando as súas opinións, apoiándose nas intervencións dos seus interlocutores.
- Produce descrições realistas e creativas de posibles novos aparellos tecnolóxicos.

-

Actividades de comprensión de textos escritos

- Comprende artigos académicos sobre a tecnoloxía e o seu impacto na sociedade.
- Comprende textos especializados nos que se emprega o subxuntivo.

Actividades de produción e coprodución de textos escritos

- Crea un poema colaborativo con estruturas e vocabulario relevante.
- Escribe unha proposta, expresando e xustificando a súa aportación de maneira coherente e cohesionada, sobre temas relacionados co tratamento dos datos persoais en liña.

Actividades de mediación

- Resume, parafrasea e sintetiza as ideas principais de artigos ou material audiovisual relacionado coa tecnoloxía e desenvolvemento
- Adapta a súa produción oral e escrita ao seu interlocutor, empregando un axeitado grao de formalidade e cohesión fonolóxica.

Mínimos esixibles

O alumnado é quen de:

Actividades de comprensión de textos orais

- Comprender descrições especializadas de aparellos tecnolóxicos e a súa función.
- Comprender opinións e datos de ponencias relacionadas coa tecnoloxía e o desenvolvemento.

Actividades de produción e coprodución de textos orais

- Iniciar, manter e rematar conversacións dinámicas sobre aspectos relacionados cos aparellos tecnolóxicos e o impacto da tecnoloxía, expresando e xustificando as súas opinións de xeito conciso, apoiándose nas intervencións dos seus interlocutores para facelo.
- Producir descrições realistas e creativas de posibles novos aparellos tecnolóxicos.

Actividades de comprensión de textos escritos

- Comprender información básica de artigos académicos sobre a tecnoloxía e o seu impacto na sociedade.

- Comprender o léxico máis relevante de textos especializados nos que se emprega o subxuntivo.

Actividades de produción e coprodución de textos escritos

- Crear un poema colaborativo con estruturas e vocabulario relevante.
- Escribir unha proposta, expresando e xustificando a súa aportación de maneira coherente e cohesionada e seguindo o formato esperado, sobre temas relacionados co tratamento dos datos persoais en liña.

Actividades de mediación

- Resumir, parafrasear e sintetizar as ideas principais de artigos ou material audiovisual relacionado coa tecnoloxía e desenvolvemento
- Adaptar a súa produción oral e escrita ao seu interlocutor, empregando un axeitado grao de formalidade e cohesión fonolóxica.

CURSOS PARA O PÚBLICO EN XERAL

NIVEL A2

Curso monográfico de destrezas comunicativas de comprensión e expresión oral, nivel A2

Profesora: Pilar Polo Gundín.

Introdución

Iníciase este curso na sección das Pontes pola demanda que había para a realización do mesmo. O curso ten como finalidade proporcionar ao alumnado de nivel básico as estratexias necesarias para poder comunicarse oralmente de xeito adecuado ao nivel A2 do Marco Europeo Común de Referencia para as Línguas.

Segundo o MERC, un falante de lingua estranxeira con un nivel A2 é que de comprender frases e expresións de uso frecuente relacionadas con áreas da súa experiencia, e que lle son especialmente relevantes (información básica sobre si mesmo e a súa familia, compras, lugares de interese, ocupacións, etc.) Sabe comunicarse á hora de levar a cabo tarefas simples e cotiás que non requiran máis que intercambios sinxelos e directos de información sobre cuestións que lle resultan coñecidas ou habituais. Sabe describir en termos sinxelos aspectos do seu

pasado e o seu entorno, así coma cuestións relacionadas coas necesidades inmediatas.

Duración

Durante o curso 2022-23 impartiranse 60 horas totais na sección das Pontes, dende o 13/09/2022 ao 30/05/2023 ambos inclusive, os martes de 19.00 a 21.00.

Obxectivos xerais

1. **Comprender** o sentido xeral e a información relevante en textos orais breves e sinxelos articulados clara e lentamente en sobre necesidades inmediatas, temas cotiáns e coñecidos, sen ruídos de fondo e con apoios visuais, repeticións ou reformulacións.
2. **Producir e coproducir** textos orais breves con estruturas básicas e habituais, referidos a asuntos da vida cotiá, e desenvolverse de forma comprensible e clara, malia as pausas, dúbidas e repeticións necesarias ou paráfrases.
3. **Mediar** entre falantes da lingua meta situacións de carácter habitual nas que se producen intercambios moi sinxelos de información relacionados con asuntos cotiáns ou con información persoal básica.

Obxectivos específicos

Comprensión Oral

- **Comprender** frases e expresións habituais relacionadas con necesidades inmediatas e temas familiares, pausadas e ben articuladas.
- **Comprender** o sentido xeral e a información específica predicibles.
- **Comprender** a información esencial en exposicións e presentacións públicas breves e sinxelas, referidas a temas habituais e coñecidos.
- **Comprender** o sentido xeral e información esencial predicible de textos audiovisuais sinxelos.

Expresión Oral

- **Desenvolverse** nas relacións sociais habituais de xeito sinxelo pero eficaz, utilizando e recoñecendo fórmulas habituais de inicio e peche da conversa, tomando a palabra con cortesía, utilizando expresións básicas moi habituais adecuadas á situación e ás persoas interlocutoras.
- **Desenvolverse** en actividades habituais e transaccións e xestións cotiáns, sinxelas, propias de situacións e temas coñecidos, facéndose entender ofrecendo ou solicitando información básica.
- **Describir** de forma breve e sinxela, accións, persoas, lugares e obxectos, respondendo a preguntas breves e sinxelas dos/as oíntes, con axuda dos mesmos.

- **Expoñer** plans e expresar opinións, de xeito breve e sinxelo, así coma crenzas ou suxestións sobre un tema coñecido.
- **Solicitar** a colaboración da persoa interlocutora e utilizar estratexias para asegurar a comunicación.

Mediación Oral

- **Identificar**, aplicando as estratexias necesarias, a información clave que debe transmitir, así como as intencións básicas dos/as emisores/as e receptores/as cando este aspecto é relevante.
- **Repetir ou reformular** o dito de maneira máis sinxela para facerlle máis comprensible a mensaxe ás persoas receptoras, podendo axudarse de elementos non lingüísticos ou da colaboración doutras persoas.

Contidos

Funcionais

Expresar posesión
 Expresar sensacións e sentimentos
 Expresar rutina
 Mostrar interese
 Expresar habilidades
 Desculparse
 Expresar preferencias
 Expresar a data
 Expresar dirección, localización e movemento
 Expresar plans futuros
 Expresar desexos

Sociais

Presentarse a un mesmo e a outras persoas
 Dar e pedir información persoal
 Rexistrarse nun hotel
 Identificar e describir obxectos
 Facer preguntas empregando pronomes interrogativos
 Pedir nunha cafetería
 Dar e pedir permiso
 Falar do tempo atmosférico e das estacións do ano
 Mercar roupa
 Contar unha experiencia, situando o relato no tempo
 Dar e pedir información sobre feitos pasados
 Falar sobre alimentos
 Facer comparacións
 Invitar a comer fóra e pedir nun restaurante

Desprazarse ao aeroporto, transporte público e despedidas
Conversar sobre unha localidade adoptando o papel de turista

O curso está deseñado por sesións nas que se tocan os distintos temas do currículo de A2 que lle son de máis interese ao alumnado do curso: Identificación persoal, Obxectos persoais, Ocio e tempo libre, Traballo e profesións, Relacións familiares e sociais, Rutina diaria, Vivenda, fogar e contorna, Compras e actividades comerciais, Alimentación, Restaurantes, Saúde e coidados físicos, Viaxes, Vacacións e Tipos de aloxamento, Aeroportos e servizos públicos.

As sesións constarán de actividades e estratexias de comprensión, expresión e interacción oral adaptadas ao nivel A2 e contextualizadas dentro de temática para fomentar a oralidade, incidindo na repetición para mellorar a pronuncia e a entoación, así coma a fluidez. Empregaranse materiais que fomenten a colaboración entre o alumnado, facilitando así o intercambio de coñecementos previos, que tenderán a ser dispaes segundo o contacto de cadaquén coa lingua antes de terse matriculado neste curso.

Instrumentos de avaliación

Será continua e baseada na observación de aula e comentada en cada sesión a medida que se vaia rematando cada actividade proposta. Non haberá unha avaliación con valor académico nin se certificará ningún nivel de competencia comunicativa do marco común europeo, senón que se expedirá un certificado de asistencia ao alumnado que veu con regularidade ao curso.

Por outra banda, ao remate do curso, o alumnado poderá reflectir sobre a súa aprendizaxe e valorar o seu grao de satisfacción, facendo propostas de mellora por medio dunha breve enquisa proporcionada pola persoa docente.

NIVEL B1

Curso monográfico de destrezas comunicativas de comprensión e expresión oral, nivel B1

Profesoras: Marta Ferreiro Veiga e Juana M^a Rodríguez Bugía.

Introdución

Este curso é un obradoiro eminentemente práctico dirixido a estudantes de inglés como lingua estranxeira que desexan mellorar a súa destreza á hora de comprender, se expresar e interactuar oralmente con outros falantes en inglés a un nivel intermedio (B1 do marco común europeo).

A finalidade do Nivel B1 é capacitar o alumnado para utilizar o idioma con certa seguridade e flexibilidade, receptiva e produtivamente, así como para mediar entre falantes de distintas linguas, en situacións cotiás e menos correntes que requiran comprender e producir textos orais nunha variedade de lingua estándar, con estruturas habituais e un repertorio léxico común non moi idiomático, e que versen sobre temas xerais, cotiáns ou nos que se ten un interese persoal.

Duración

Durante o curso 2022-23 impartiranse catro cursos de 60 horas cada un, en Ferrol, repartidos do seguinte xeito:

13/09/2022-17/01/2023: (martes e xoves) de 11.00-13.00 – 60 h

19/01/2022-15/05/2023: (martes e xoves) de 11.00-13.00 – 60 h

12/09/2022-16/01/2023: (luns e mércores) de 16.00-18.00 – 60 h

18/01/2023-29/05/2023: (luns e mércores) de 16.00-18.00 – 60 h

Obxectivos xerais

1. Comprender o sentido xeral, a información esencial, os puntos principais, os detalles máis relevantes e as opinións e actitudes explícitas dos/as falantes en textos orais breves ou de extensión media, ben estruturados, claramente articulados a velocidade lenta ou media e transmitidos de viva voz ou por medios técnicos nunha variedade estándar da lingua, que traten de asuntos cotiáns ou coñecidos, ou sobre temas xerais, ou de actualidade, relacionados coas súas experiencias e cos seus intereses, e sempre que as condicións acústicas sexan boas, se poida volver escoitar o que se dixo e se poidan confirmar algúns detalles.
2. Producir e coproducir, en comunicación cara á cara, textos orais breves ou de media extensión, ben organizados e adecuados ao contexto, sobre asuntos cotiáns, de carácter habitual ou de interese persoal, e desenvolverse cunha corrección e fluidez suficientes para manter a liña do discurso, cunha pronuncia claramente intelixible, aínda que ás veces resulten evidentes o acento estranxeiro, as pausas para realizar unha planificación sintáctica e léxica, ou reformular o que se dixo, ou corrixir erros cando a persoa interlocutora indica que hai un problema, e sexa necesaria certa cooperación desta para manter a interacción.

Obxectivos específicos

Comprensión oral

- Comprender información global e ideas principias.
- Comprender información detallada.
- Comprender información de forma selectiva.
- Comprender información explícita.
- Comprender opinións.

- Ordenar e discriminar información.

Expresión oral

- Narrar sucesos e acontecementos.
- Describir experiencias, espazos, persoas e sensacións.
- Explicar proxectos ou plans.
- Expresar e xustificar brevemente puntos de vista e opinións.
- Iniciar e concluír a exposición dun tema e unha conversa.
- Dar consellos sinxelos e intercambiar información.
- Facer propostas e/ou suxestións.
- Mostrar acordo e desacordo.
- Responder/formular preguntas e propoñer solucións.
- Tomar e ceder a quenda de palabra.

Contidos

O curso está deseñado por bloques e abranguen distintos temas do currículo de B1 como: viaxar, a personalidade, a educación, o tempo libre, as relacións humanas e sociais, as compras, o medio ambiente, ciencia e tecnoloxía, a saúde, a vivenda, o transporte, o traballo, a comida, etc.

En todas as sesións propóranse actividades e estratexias de comprensión, expresión e interacción oral adaptadas ao nivel e contextualizadas dentro de cada un dos bloques temáticos para desenvolver a destreza oral, facendo, por unha banda, fincapé nos trazos fonéticos do inglés (para mellorar pronunciación e entoación) e por outra ofrecendo actividades para mellorar a fluidez, a corrección e a riqueza léxica. Poderanse utilizar audios, vídeos ou textos escritos cortos para presentar o tema. Ademais, propóranse actividades de vocabulario específico de cada un dos bloques temáticos para aumentar a riqueza léxica do alumnado.

Instrumentos de avaliación

Cun enfoque formativo, na derradeira sesión faranse presentacións orais preparadas polo alumnado sobre as áreas temáticas traballadas, que serán comentadas polo docente. Non haberá unha avaliación con valor académico nin se certificará ningún nivel de competencia comunicativa do marco común europeo.

Por outra banda, ao remate do curso, o alumnado poderase autoavaliar, valorar o seu nivel de satisfacción e facer propostas de mellora por medio dun breve cuestionario.

NIVEL B2

Curso monográfico de destrezas comunicativas de comprensión e expresión oral, nivel B2

Profesoras: María José Conde Torrado, Sandra Isabel López Santos, Helena López Caramés e Pilar Polo Gundín.

Introdución

Este curso ten como finalidade intentar proporcionar ao alumnado de nivel avanzado estratexias para poder comunicarse oralmente, tanto en presentacións como en diálogos e conversas, de xeito adecuado ao nivel B2 do Marco Europeo Común de Referencia para as Linguas.

Segundo o MERC, un falante de lingua estranxeira con un nivel B2 deberá ser capaz de interactuar cun grado de fluidez e espontaneidade que lle permita manter conversas con falantes nativos de xeito que non haxa esforzo por parte de ningún dos interlocutores. Ademais, será capaz de producir textos orais sobre unha ampla variedade de temas e de explicar o seu punto de vista dando as vantaxes e desvantaxes de entre varias opcións. O falante deste nivel debe poder conversar con fluidez e eficacia, iniciar un discurso, facer un uso efectivo e natural da quenda de palabra, inicial e rematar unha conversación, utilizar grupos léxicos para proporcionar fluidez ao discurso, axustarse aos cambios de rumbo da conversa, adaptarse con naturalidade ao estilo conversacional, e poder manter conversas con falantes nativos de igual a igual. O falante deste nivel deberá tamén ser capaz de monitorizar o seu discurso e corrixir os seus erros, planear o que vai dicir e os medios para conseguilo tendo en conta tanto o tema como o receptor.

Duración

Durante o curso 2022-2023 impartiranse 5 cursos diferentes, de 60 horas cada un deles, coa seguinte temporalización:

do 12/09/2022 ao 16/01/2023 - 60h (cursos A)

do 18/01/2023 ao 29/05/2023 - 60h (cursos B)

-IN-PUB-B2- CO/PCO-60A-1 no primeiro cuadrimestre (pola mañá)

-IN-PUB-B2- CO/PCO-60B-1 no segundo cuadrimestre (pola mañá)

-IN-PUB-B2- CO/PCO-60A-2 no primeiro cuadrimestre (pola tarde)

-IN-PUB-B2- CO/PCO-60B-2 no segundo cuadrimestre (pola tarde)

-IN-PUB-B2- CO/PCO-60A-3 no primeiro cuadrimestre (pola tarde),
combinado con CALC no segundo cuadrimestre.

As clases terán lugar os luns e mércores de 9.00 a 11.00 e de 16.00 a 18.00.

Na sección de As Pontes, impartirase o curso monográfico de nivel B2 ao longo de todo o curso académico, e terá lugar os mércores de 19.00 a 21.00 horas entre o 14/09/2022 e o 31/05/2023, cunha duración de 60 horas.

Obxectivos xerais

1. Utilizar a lingua como medio de comunicación con fluidez e eficacia.
2. Interiorizar os aspectos sociais das situacións máis habituais, achegarse aos aspectos sociais relevantes de situacións específicas e utilizar as formas de relación social e de tratamento máis adecuadas a cada situación.
3. Interiorizar os recursos lingüísticos necesarios nesas situacións, a través da práctica funcional e formal.
4. Familiarizarse co uso de estratexias que faciliten a comunicación e a aprendizaxe.
5. Estimular a motivación para facer un uso real e significativo da lingua.

Obxectivos específicos

Comprensión oral

Comprender textos extensos, ben organizados e lingüisticamente complexos que traten de temas tanto concretos como abstractos, nunha variedade de lingua estándar, articulados a velocidade moderada, e incluso con leves interferencias acústicas. A comprensión será tanto en comunicación directa como en comunicación diferida a través de medios audiovisuais.

Expresión oral

1. Producir textos orais detallados, ben organizados e adecuados ao interlocutor e a situación de comunicación, defendendo un punto de vista e indicando as súas vantaxes e inconvenientes.
2. Participar activamente en conversas diversas, previsibles e imprevisibles, incluso con leves interferencias acústicas, desenvolvéndose cun grado de corrección e fluidez que permita, con algúns erros, que a comunicación se realice sen esforzo por parte do falante e os seus interlocutores, e á formalidade das circunstancias.

Contidos

Funcionais

Actos de fala asertivos: describir; disentir; expresar acordo e desacordo; expresar descoñecemento; expresar dúbida; expresar escepticismo; expresar unha opinión; formular hipóteses; rebater; rectificar; supoñer.

Actos de fala compromisivos: expresar a intención ou vontade de facer algo; invitar; negarse a facer algo; ofrecer algo; ofrecer axuda; prometer; retractarse.

Actos de fala directivos: aconsellar; advertir; ameazar; animar e desanimar; dar instrucións; dar ou denegar permiso; pedir algo (axuda, confirmación, consello,

información, instrucións, opinión, permiso, que alguén faga algo); persuadir; propoñer; recomendar; suplicar.

Actos de fala fácticos e solidarios: agradecer; compadecerse; despedirse; felicitar; facer cumprimentos; pedir desculpas; saudar.

Actos de fala expresivos: expresar admiración, aprobación e desaprobación, decepción, desinterese e interese, dúbida e escepticismo, satisfacción, sorpresa; lamentar; reprochar.

Fonéticos

Sons e fonemas vogais.

Sons e fonemas consonánticos. Alófonos principais.

Elisión vocálica en posición átona: consoantes silábicas. Nasais e líquidas.

Asimilación consonántica

Ritmo

Tons neutros e marcados (asociados á estrutura e contido da información).

Entoación e pausas (patróns melódicos)

De organización do discurso

Organización lóxica das ideas. Introducción de subtemas (ordenación adecuada e xerarquización das ideas principais e secundarias). Expansión temática: exemplificación. Reforzo. Contraste. Mantemento e seguimento do discurso oral: toma, mantemento e cesión da quenda de palabra. Apoio, demostración de entendemento, petición de aclaración, etc.

Marcadores discursivos: de adición, oposición e restrición, de causalidade e consecuencia, de reformulación ou aclaración, de ordenación do discurso, de iniciación (fórmulas de saúdo, de introdución do tema, dun novo tema), de reformulación.

Marcadores de función pragmática: vocativos e apelacións que fan referencia ao destinatario, comentarios oracionais, que informan da actitude do falante.

Tipoloxía textual

Anuncios publicitarios na radio e na televisión.

Conferencias, relatorios, presentacións e declaracións públicas.

Conversas cara a cara e en grupo: formais e informais, transaccionais.

Debates e discusións públicas.

Discusións formais.

Instrucións e indicacións detalladas.

Criterios de avaliación

Participar activamente en conversas formais e informais, explicando ou argumentando con claridade os seus puntos de vista, realizando comentarios

adecuados sobre os puntos de vista doutras persoas, decantándose razoadamente por unha vía de entre varias propostas e destacando, se cumprise, a importancia persoal de certos feitos e experiencias.

Presentar brevemente e con claridade un tema, caso ou acontecemento, especulando sobre as causas e consecuencias e comparando as vantaxes e desvantaxes de diferentes enfoques, así como explicar un problema e indicar que se está disposto a facer concesións ou solicitalas sen molestar involuntariamente aos seus interlocutores.

Expresarse apropiadamente nun rexistro formal e informal adecuado ás diversas situacións de comunicación, seguindo as regras prosódicas -acento, ritmo e entoación, propias do idioma de que se trate, con razoable fluidez, cunha pronuncia clara, con bastante control gramatical e precisión léxica, utilizando estratexias de cooperación na interacción e sen erros importantes de formulación.

Instrumentos de avaliación

A principio do obradoiro realizarase unha **avaliación de diagnóstico** no que se detecte o punto de partida de cada alumno. Esta avaliación consistirá nunha conversa informal na aula na que a profesora monitorizará as actuacións de cada alumna/o e dará feedback ao grupo sobre o seu nivel inicial.

Ao longo de todo o curso, a **avaliación formativa** consistirá primordialmente no contraste entre os obxectivos propostos para cada sesión e os acadados por cada un dos alumnos.

Ao final do curso, haberá unha **avaliación final** na que o alumnado poderá contrastar os obxectivos propostos para o curso co seu propio grado de consecución de eses obxectivos.

NIVEL C1

Curso monográfico de destrezas comunicativas de comprensión e expresión oral, nivel C1

Profesoras: Julie Guravich e Susana García Martínez

Introdución

Este curso ten como finalidade intentar proporcionar ao alumnado de nivel avanzado estratexias para poder comunicarse oralmente, tanto en ámbitos profesionais como académicos e sociais complexos, de xeito adecuado ao nivel C1 do Marco Europeo Común de Referencia para as Linguas.

Segundo o MERC, un falante de lingua estranxeira con un nivel C1 deberá ser capaz de comprender unha gran variedade de textos extensos e cun certo nivel de demanda, así como de recoñecer neles sentidos implícitos, sabe expresarse con fluidez e espontaneidade sen signos evidentes de esforzo para atopar a expresión adecuada e pode facer un uso flexible e eficaz da lingua con fins sociais, académicos e profesionais. Pode producir textos claros, ben estruturados e detallados sobre temas de certa complexidade, mostrando un uso correcto dos mecanismos de organización, articulación e cohesión do texto.

Duración

Durante o curso 2022-23 impartiranse tres cursos de destrezas, dous dende setembro ata xaneiro de 60 horas cada un, e outro de xaneiro a xuño de 60 horas. Os cursos son independentes, polo que para cada un deles, o alumnado deberá facer unha matrícula separada. As clases de setembro a xaneiro terán lugar nun curso os luns e os mércores de 18.00 a 20.00 e noutro curso os martes e xoves de 11:00 a 13:00 e o curso de xaneiro a xuño será os martes e xoves de 11.00 a 13.00.

Obxectivos xerais

- a) Ser capaz de **comprender** unha gran variedade de textos extensos, recoñecendo neles sentidos implícitos
- b) **Expresar** ideas e facer razoamentos convincentes en inglés sen necesidade de facer un gran esforzo para atopar as expresións correctas.
- c) Ser capaz de **comprender** ideas principais de textos complexos que traten temas diversos, tanto concretos como abstractos.
- e) **Expresarse** espontaneamente en situacións e conversacións reais da vida diaria tanto con fins privados como científicos ou laborais.
- f) **Adquirir estratexias** que favorezan a compensación de carencias léxicas e estruturais.

Comprensión oral

Comprende o suficiente para poder participar nun discurso extenso sobre temas abstractos e complexos. Recoñecer unha ampla gama de expresións idiomáticas e coloquiais e apreciar cambios no rexistro. Ser capaz de seguir un discurso extenso aínda que non estea claramente estruturada e cando as relacións só se supoñen e non se sinalizan explicitamente.

Expresión oral

1. Facer descrições e presentacións claras e detalladas sobre temas complexos, integrando outros temas, desenvolvendo ideas concretas e rematando con a conclusión adecuada.
2. Participar en conversas expresándose con suficiente fluidez e espontaneidade e

dominando un amplo repertorio léxico que permite substituír as carencias comunicativas facilmente con circunloquios.

Contidos

Funcionais

Descrición física e personalidade. Xulgar e valorar. Contar historias, expresar relacións temporais entre accións. Corrixir información errónea. Definir. Dar instrucións. Dar e pedir opinión. Aconsellar. Persuadir e convencer. Recursos para expresar acordo e desacordo con que dixo outra persoa. Expressar dúbida.

Fonéticos

A entoación e os cambios de ton. Os patróns característicos de tons vinculados a intencións comunicativas específicas (ironía, sarcasmo, humor...). Os patróns melódicos específicos dalgunhas estruturas sintácticas - Secuencias sinxelas cunha entoación característica (refráns, poemas...). O recoñecemento das variantes diatópicas e diastráticas máis estendidas.

De organización do discurso

Organización lóxica das ideas. Introducción de subtemas (ordenación adecuada e xerarquización das ideas principais e secundarias). Expansión temática: exemplificación. Reforzo. Contraste. Mantemento e seguimento do discurso oral: toma, mantemento e cesión da quenda de palabra. Apoio, demostración de entendemento, petición de aclaración, etc.

Marcadores discursivos: de adición, oposición e restrición, de causalidade e consecuencia, de reformulación ou aclaración, de ordenación do discurso, de iniciación (fórmulas de saúdo, de introdución do tema, dun novo tema), de reformulación.

Marcadores de función pragmática: vocativos e apelacións que fan referencia ao destinatario, comentarios oracionais, que informan da actitude do falante.

Tipoloxía textual

Conferencias, relatorios, presentacións e declaracións públicas.

Conversas cara a cara e en grupo: formais e informais, transaccionais.

Debates e discusións públicas.

Discusións formais.

Secuencias de películas.

Noticias.

Documentais e debates.

Criterios de avaliación

Comprender a intención e o sentido xeral, as ideas principais, a información importante, os aspectos e detalles relevantes e as opinións e actitudes dos e das falantes nunha ampla gama de textos orais extensos e nunha variedade de

acentos, rexistros e estilos, mesmo cando a velocidade de articulación sexa alta, sempre que poida confirmar algúns detalles, especialmente se non está familiarizado/a co acento.

Producir e coproducir con fluidez, espontaneidade e en xeral case sen esforzo, independentemente da canle, unha ampla gama de textos orais extensos, bastante claros e detallados, conceptual e estruturalmente complexos, en diversos rexistros, e cunha entoación e acento adecuados á expresión de matices de significado, mostrando o suficiente dominio dunha ampla gama de recursos lingüísticos, das estratexias discursivas e interaccionais e de compensación que fai case imperceptibles as dificultades ocasionais que poida ter para expresar o que quere dicir, e que lle permite adecuar con suficiente eficacia o seu discurso a cada situación comunicativa.

Mediar entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas, en situacións específicas e complexas, nos ámbitos persoal, público, académico e profesional, transmitindo con bastante flexibilidade, corrección e eficacia unha ampla gama de textos.

Instrumentos de avaliación

A principio do obradoiro realizarase unha **avaliación de diagnóstico** no que se detecte o punto de partida de cada alumno. Esta avaliación consistirá nunha conversa informal na aula na que a profesora monitorizará as actuacións de cada alumna/o e dará feedback ao grupo sobre o seu nivel inicial.

Ao longo de todo o curso, a **avaliación formativa** consistirá primordialmente no contraste entre os obxectivos propostos para cada sesión e os acadados por cada un dos alumnos.

Ao final do curso, haberá unha **avaliación final** na que o alumnado poderá contrastar os obxectivos propostos para o curso co seu propio grado de consecución de eses obxectivos.

NIVEL C2

Curso monográfico de destrezas comunicativas de comprensión e expresión oral e escrita nivel C2

Profesora: Kerry Ann McKevitt

Introdución

Este curso ten como finalidade intentar proporcionar ao alumnado de nivel avanzado estratexias para poder comunicarse oralmente e por escrito, tanto en ámbitos profesionais como académicos e sociais complexos, de xeito adecuado ao nivel C2 do Marco Europeo Común de Referencia para as Linguas .

Segundo o MERC, un falante de lingua estranxeira con un nivel C2 deberá ser capaz de comprender unha gran variedade de textos extensos e complexos, así como de recoñecer neles sentidos implícitos, sabe expresarse con fluidez e espontaneidade sen esforzo algún para atopar a expresión adecuada e pode facer un uso flexible e eficaz da lingua con fins sociais, académicos e profesionais. Pode producir textos claros, ben estruturados e detallados sobre temas con complexidade, mostrando un uso correcto dos mecanismos de organización, articulación e cohesión do texto.

Duración

Durante o curso 2022-23 impartirase dous cursos de destrezas, de 60 horas cada un. Os cursos son independentes, polo que para cada un deles, o alumnado deberá facer unha matrícula separada. As clases terán lugar os luns e os mércores de 11.00 a 13.00.

Obxectivos xerais

- a) Ser capaz de **comprender** unha gran variedade de textos extensos, recoñecendo neles sentidos implícitos e pequenos matices de significado.
- b) **Expresar** ideas e facer razoamentos convincentes en inglés sen necesidade de facer esforzo algún para atopar as expresións correctas.
- c) Ser capaz de **comprender** ideas principais de textos complexos que traten temas diversos, tanto concretos como abstractos.
- e) **Expresarse** espontaneamente en situacións e conversacións reais da vida diaria tanto con fins privados como científicos ou laborais

Producción e coproducción de textos orais

Producir e coproducir, con soltura e fluidez, textos orais extensos, detallados e formalmente correctos para comunicarse en situacións da vida persoal, social, profesional e académica, adaptando con eficacia o estilo e o rexistro aos diferentes contextos de uso, sen cometer erros, salvo algún descoido ocasional, e empregando un amplo repertorio de expresións, acentos e patróns de entoación que lle permitan transmitir con precisión matices sutís de significado.

Producción e coproducción de textos escritos

Producir e coproducir, independentemente do soporte, textos escritos de calidade -aínda que poida presentar algún descoido de carácter tipográfico- sobre temas complexos e mesmo de tipo técnico, así como transmitir en tempo real e con precisión, a información procedente de distintas fontes. Empregar un estilo apropiado e eficaz, cunha estrutura lóxica que lle axude ao/á lector/a a identificar e reter as ideas e os aspectos máis significativos.

Mediación

Mediar entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas, oralmente ou por escrito, para transmitir con eficacia e precisión practicamente calquera tipo de texto oral ou escrito, recoñecendo significados implícitos e apreciando diferenzas de estilo e variedades lingüísticas.

Tipoloxía textual

Conferencias, relatorios, presentacións e declaracións públicas.

Conversas cara a cara e en grupo: formais e informais, transaccionais.

Debates e discusións públicas.

Discusións formais.

Secuencias de películas.

Noticias.

Documentais e debates.

Instrumentos de avaliación

A principio do obradoiro realizarase unha **avaliación de diagnóstico** no que se detecte o punto de partida de cada alumno. Esta avaliación consistirá nunha conversa informal na aula na que a profesora monitorizará as actuacións de cada alumna/o e dará feedback ao grupo sobre o seu nivel inicial.

Ao longo de todo o curso, a **avaliación formativa** consistirá primordialmente no contraste entre os obxectivos propostos para cada sesión e os acadados por cada un dos alumnos.

Ao final do curso, se expedirá un certificado ao alumnado polo total de horas de asistencia.

CURSOS PARA PROFESORADO (CALC)

Son cursos organizados en colaboración có CFR nos que o departamento de inglés oferta os niveis intermedio B2, C1 e C2, cada un en 60 horas, a desenvolver no segundo cuadrimestre, e que dan ao profesorado a posibilidade de certificar os niveis correspondentes con opción a unha convocatoria ordinaria na primeira quincena de xuño e outra extraordinaria a partir do 20 de xuño.

CURSOS A DISTANCIA (THAT'S ENGLISH)

That's English! é o curso de inglés a distancia creado polo Ministerio de Educación e Formación Profesional, impartido polas Escolas Oficiais de Idiomas. É un curso oficial, axustado ó Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas (MCERL).

Descrición e organización dos cursos

De acordo coa Circular 3/2022 da Dirección Xeral de Formación Profesional, e co fin de equiparar as modalidades presencial e a distancia do idioma inglés que se imparten nas EOI, no curso 2022-2023, aplícase o Plan de estudos 2020 de *That's English!*, que divide o ensino a distancia nos niveis básico A2, intermedio B1, intermedio B2 e avanzado C1, coa seguinte estrutura:

BÁSICO A2

1º básico A2: MÓDULOS A2.1 e A2.2

2º básico A2: MÓDULOS A2.3 e A2.4

INTERMEDIO B1

Curso Intermedio B1: MÓDULOS B1.1 e B1.2

INTERMEDIO B2

1º intermedio B2: MÓDULOS B2.1 e B2.2

2º intermedio B2: MÓDULOS B2.3 e B2.4

AVANZADO C1

Curso Avanzado C1: MÓDULOS C1.1 e C1.2

* Ao remate dos módulos A2.4, B1.2, B2.4 e C1.2 o alumnado deberá superar as probas terminais de certificación dos niveis básico A2, intermedio B1, intermedio B2 e avanzado C1 respectivamente. Estas probas son unificadas para todo o alumnado que curse ensinanzas de idiomas de réxime especial, independentemente da modalidade (presencial ou a distancia) cursada.

Atención Titorial

A EOI de Ferrol é un centro de apoio titorial dependente do centro de apoio administrativo na EOI de Coruña, e como tal garantirá ese apoio titorial ao alumnado matriculado no Programa *That's English* durante todo o curso académico. O centro de apoio administrativo emitirá as certificacións oficiais do alumnado que estea a recibir a titoría no noso centro.

A acción titorial do profesorado terá lugar, fundamentalmente, en sesións presenciais semanais dunha hora e media de duración. Estas sesións de apoio titorial serán colectivas e de asistencia voluntaria para o alumnado que teña asignado cada titor.

As sesións de titoría estarán destinadas a:

- Favorecer o desenvolvemento da actividade comunicativa de produción oral e a súa integración coas outras actividades de lingua no contexto dunha tarefa de interacción.
- Orientar nas técnicas e estratexias que faciliten o proceso de aprendizaxe do idioma inglés, así como anticiparse ás dificultades que lle poidan xurdir ao alumnado para axudalo a superalas.

As titorías presenciais poderán complementarse con titorías telemáticas.

Medios Didácticos

A distribución dos medios didácticos será dirixida polo Centro para la Innovación y Desarrollo de la Educación a Distancia (CIDEAD).

Ao comezo da matrícula no mes de setembro do curso 2022-2023, estarán a disposición do alumnado matriculado os seguintes materiais:

1º curso de nivel básico A2 (módulos A2.1 e A2.2)

Pack que inclúe: libros de texto + libro de vocabulario e gramática 1.

2º curso de nivel básico A2 (módulos A2.3 e A2.4)

Pack que inclúe: libros de texto + libro de vocabulario e gramática 2.

Nivel intermedio B1 (módulos B1.1 + B1.2)

Pack que inclúe: libros de texto.

1º curso do nivel intermedio B2 (módulos B2.1 + B2.2)

Pack que inclúe: libros de texto.

2º curso do nivel intermedio B2 (módulos B2.3 + B2.4)

Pack que inclúe: libros de texto B2.3 + B2.4.

Nivel avanzado C1 (módulos C1.1 + C1.2)

Pack que inclúe: libros de texto.

Avaliación e Certificación

A avaliación desta modalidade das ensinanzas de idiomas de réxime especial terá como referencia os obxectivos e os criterios de avaliación establecidos nos currículos correspondentes aos niveis básico A2, intermedio B1, intermedio B2 e avanzado C1 na modalidade a distancia.

As probas presenciais de avaliación e recuperación para os módulos de non certificación do programa *That's English!* serán elaboradas polo profesorado adscrito ao programa. No caso dos módulos de certificación (A2.4, B1.2, B2.4 e C1.2), o alumnado deberá superar as probas terminais de certificación de nivel básico A2, intermedio B1, intermedio B2 e avanzado C1, respectivamente.

Para poder acceder ás probas de certificación o alumnado deberá ter superado o nivel correspondente do programa *That's English!*

A superación de cada módulo dará lugar a unha acreditación que garantirá a validez permanente das probas superadas, para os efectos desta modalidade educativa, sempre que se continúen os estudos dentro do Plan 2020.

O alumnado que supere o primeiro módulo do primeiro curso dos niveis A2 e B2, pero non o segundo, poderá matricularse do segundo curso do nivel, condicionado a recuperar o módulo pendente na convocatoria extraordinaria do mes de decembro. De non superar esta convocatoria, este alumnado será considerado en cursos posteriores repetidor do último curso do nivel en que se inscribira.

3. ENFOQUE METODOLÓXICO

As ensinanzas de linguas parten dun modelo de lingua que ten unha **base fundamentalmente práctica, cuxa finalidade é o uso do idioma**. Trátase do enfoque orientado á acción que promulga o MECR e, na súa posta en práctica, terá como centro tarefas baseadas nos obxectivos de comunicación definidos no currículo, tendo en conta as necesidades e intereses do alumnado. Polo tanto partimos da base dunha aprendizaxe baseada no concepto de comunicación, o que significa que a nosa programación depende das necesidades comunicativas dos nosos alumnos e da idea de que calquera expresión lingüística depende dos elementos do acto comunicativo: os participantes, o propósito do acto comunicativo, o contexto, a interacción que se establece entre os participantes, e tamén o medio a través do cal a mesma se produce (expresión oral ou escrita).

Este enfoque metodolóxico posibilita que o alumnado se implique no proceso de aprendizaxe mediante tarefas deseñadas en función dos obxectivos fixados para as diferentes destrezas, de xeito que permita a convivencia de distintos estilos de aprendizaxe. O noso obxectivo é ofrecer aos nosos alumnos as ferramentas necesarias para levar a cabo as súas intencións comunicativas a través do uso da

lingua, e presentarlles aquelas estratexias que lles permitan solucionar calquera problema que poida xurdir no proceso da comunicación.

Tal e como recolle o decreto que regula as ensinanzas de idiomas de réxime especial debemos ter en conta a denominada competencia estratéxica. Esta competencia estratéxica se compón, á súa vez, dunha serie de estratexias cognitivas e de aprendizaxe das que os alumnos e alumnas deben ser conscientes, e doutra serie de estratexias de comunicación que lles permiten preparar, desenvolver, rectificar e rematar o proceso comunicativo. As tarefas comunicativas baséanse no intercambio de información propio dun acto comunicativo da nosa vida diaria, e tratan de crear as condicións ideais para que os estudantes sintan a necesidade de comunicarse, utilizando as súas estratexias e desenvolvendo a súa creatividade.

A finalidade deste enfoque será a activación da variedade de procesos e habilidades necesarios para levar a cabo tarefas nas que se realizarán actividades de comprensión, expresión e interacción e que englobarán todos os compoñentes curriculares (os obxectivos, os contidos, a metodoloxía e a avaliación). Non se trata de ver nas aulas os distintos contidos de forma illada. Aínda que, por razóns estruturais, estes aparezan no currículo separadamente, terán que ser integrados na realización das diferentes tarefas e actividades, para preservar en todo momento o sentido comunicativo no proceso de ensino-aprendizaxe.

Tendo en conta que a competencia comunicativa será o obxectivo global máis importante, a práctica na aula estará baseada nos puntos seguintes:

Comunicación entre o profesor ou profesora e o alumnado: o alumnado ideal sería participativo e tamén esixente, e a comunicación entre o docente e o grupo de alumnos (así como a dos alumnos e alumnas entre eles) sería fácil e constante. A actitude do profesorado ten que ser positiva, para que o alumnado atope o menor número de dificultades posible, e se vexa involucrado no proceso de aprendizaxe dende o principio.

Práctica comunicativa: algunha das actividades propostas terá que ser levada a cabo de maneira individual, outras en parellas ou grupos pequenos, e outras de xeito conxunto entre todo o grupo. A práctica individual é necesaria en ocasións diversas, por exemplo, cando se ve por vez primeira unha nova estrutura gramatical. Nestes casos, o alumnado terá que responder individualmente, aínda que a corrección desta mesma actividade teña lugar de maneira colectiva.

O traballo en parellas ou en grupo pequeno é un xeito moi interesante de fomentar a práctica comunicativa, porque introduce a dimensión comunicativa (xa que supón inter-actuar con alguén) sen implicar ese aspecto relativamente ameazante que trae consigo a comunicación co grupo ao completo. Aínda que poida parecer obvio,

hai que insistir na importancia do papel do docente mentres o alumnado traballa en parellas ou en grupos pequenos, que non é outro que o de supervisar o correcto funcionamento da actividade, dando consellos e corrixindo os erros máis frecuentes, procurando ao mesmo tempo non interromper o fluír da propia actividade.

As actividades en grupo grande son importantes e poden ser moi divertidas cando os alumnos e alumnas dun grupo manteñen unha boa relación. Un profesor ou profesora atentos descubrirán se o “feeling” do grupo é o axeitado, e saberá como tirar vantaxes desta situación, propoñendo actividades que fomenten a unidade do grupo. Por outra banda, se o alumnado non mostra unha enorme complicidade entre eles, certa insistencia no traballo de grupo ao comezo do curso pode axudar a mellorar a situación.

Uso da lingua meta e da L1 e tradución: aínda que a situación ideal sería aquela na que alumnos e profesores se comunicasen na lingua meta dende o principio, é importante ser realista nesta cuestión. É pouco probable que non se empregue a L1 nos primeiros pasos da aprendizaxe dunha lingua estranxeira, ou polo menos dunha lingua como o inglés, que é en moitos aspectos moi distinta do galego ou o castelán (previsiblemente as L1 do alumnado da EOI de Ferrol). Si é importante, porén, que para moitas cousas se automatice a lingua estranxeira dende o principio: saúdos, despedidas, instrucións na clase, confirmación do xa practicado, etc. Hai que pensar que a comprensión da lingua ten lugar moito antes que a súa produción, é que si a esta é o noso obxectivo último, a comprensión ten que comezar canto antes mellor. Nos primeiros niveis a lingua meta será a que utilice o profesor aínda que en moitas ocasións teña que repetir e reformular as súas intervencións de xeito que a totalidade do alumnado comprenda o contido das mesmas. Só en casos illados, como por exemplo cando somos conscientes de que a información resulta complicada ou que é positivo contrastar o uso da lingua 1 có da lingua meta, recorreremos á lingua 1.

É moi importante que o profesor incida na importancia da utilización da lingua e anime aos alumnos a utilizar calquera das estratexias de que dispoñen para poder expresar as súas ideas.

As tarefas: enténdese por tarefa calquera iniciativa para a aprendizaxe que implique a realización na aula de actividades de uso da lingua representativa das que se poden levar a cabo fóra dela e que posúa características concretas, como unha estrutura pedagóxica e apertura no seu desenvolvemento e nos seus resultados.

Idealmente, nunha tarefa deste tipo a atención principal recaerá no contido das mensaxes, e de xeito secundario, na forma lingüística. Porén, e sobre todo no **nivel básico**, este tipo de tarefas non sempre é posible, ou polo menos non sempre de

xeito inmediato, senón máis ben como resultado doutro tipo de tarefas, menores, orientadas cara a consecución dunha tarefa maior, completa, comunicativa.

Estas “mini-tarefas”, entón, serán, por exemplo, as seguintes: escoita para a identificación de sons, de actitudes, de distintos acentos rexionais; escoita para extraer unha información determinada; lectura para localizar estruturas e vocabulario específico; lectura para contestar preguntas abertas ou pechadas; escritura de mensaxes diversas; escritura para comprobar e practicar a ortografía das palabras; responder oralmente a preguntas do profesor ou profesora ou do resto do alumnado; dar algún tipo de información persoal oral.

Nos **niveis intermedios** a variedade de tarefas é moi ampla xa que os alumnos e alumnas xa posúen unha ampla gama de estratexias e coñecementos que lles permiten desenvolver tarefas que se asemellan en gran medida a aquelas que poderían levar a cabo nos países onde se fala a lingua meta. Entre outras moitas que se reflicten nos apartados de contidos funcionais principalmente, podemos mencionar as seguintes: intercambio de información sobre a vida persoal, establecer amizade con persoas doutros países, manter contacto telefónico e a través de mensaxes escritas, desenvolver as actividades cotiás máis habituais: compras, citas, ir a espectáculos, etc.

No **nivel avanzado** o alumno/a terá que dar resposta a situacións máis complexas, polo que desenrolará a competencia de uso de estratexias. O establecemento de devanditas estratexias é especialmente significativo nos niveis básico e intermedios, por constituír unha base fundamental que axuda á construción e crecemento da competencia comunicativa do alumnado. Agora, no nivel avanzado, o desenrolo de competencias será fundamental para a consolidación e ampliación dos conceptos adquiridos previamente. En xeral, esperamos que os alumnos aprendan o idioma mediante a exposición directa a un uso auténtico do inglés dos seguintes xeitos: oíndo conversacións sobre temas cotiáns incluíndo posibles interferencias e ruídos de fondo; lendo textos escritos auténticos que non foran manipulados, nin adaptados (relatos complexos, sinais e rótulos publicitarios); utilizando programas de ordenador, CD-ROM, etc.; mediante a exposición directa a enunciados falados e a textos escritos especialmente elixidos para este nivel, en inglés, mediante a participación directa en interaccións comunicativas auténticas en inglés; por exemplo en conversacións cun interlocutor competente. mediante a participación directa en tarefas especialmente elaboradas en inglés. mediante a combinación de presentacións, explicacións, exercicios e actividades de explotación; co inglés como lingua de control na clase e de explicación, e incluíndo máis tarefas e textos auténticos, falados e escritos, e con un aumento do compoñente de estudio autónomo, descartando na medida do posible o uso do galego ou castelán como lingua vehicular de apoio e referencia.

O papel dos profesores, dos alumnos e dos medios audiovisuais e as T.I.C.: O tempo da clase poderase dedicar ás exposicións do profesor á toda a clase, a sesións completas de preguntas ou respostas e a traballo en grupo, en parellas, ou individual.

Durante o traballo individual, en parellas e en grupo o profesor adoptará o papel de supervisor e facilitador, aceptando e tendo en conta os comentarios e as opinións dos estudantes respecto á súa aprendizaxe e coordinando as actividades, ademais de facer o seguimento e de dar consello.

Agardase do alumnado que non só sigan as instrucións do profesor de forma ordenada e disciplinada senón que participen cada vez máis activamente no proceso de aprendizaxe en colaboración co profesor e outros alumnos para conseguir un acordo sobre os obxectivos e os métodos, aceptando o compromiso e dedicándose a ensinar a outros compañeiros e a avaliarse entre si para progresar a un ritmo constante cara a unha aprendizaxe autónoma.

Farase uso dos medios audiovisuais (audio/video, internet, etc.) en demostracións, repeticións, etc., para toda a clase, na modalidade de aula multi-media ou no laboratorio, nunha modalidade individual de aprendizaxe autónoma ou como base de traballo de grupo.

O papel dos textos: Agardase dos alumnos que aprendan a partir de textos falados ou escritos mediante a exposición, con un seguimento da comprensión, e asegurando esta con actividades de pregunta-resposta, de opcións, de relacionar, etc., en inglés, opcionalmente con explicacións en inglés e actividades previas á comprensión oral e, no seu caso, actividades de comprensión oral en grupo, actividades previas á comprensión escrita, etc.

Os textos escritos ou falados presentados aos alumnos serán:

- a) textos auténticos seleccionados, adaptados ou manipulados (se fose necesario) para que resulten axeitados á experiencia, aos intereses e ás características do alumno.
- b) textos creados especialmente para o seu uso na ensinanza do idioma; por exemplo: textos creados para que simulen textos auténticos aos que se fai referencia no punto anterior.
- c) textos creados para ofrecer exemplos contextualizados ao contexto lingüístico que se vai a ensinar;
- d) oracións illadas para a realización de exercicios (fonéticos, gramaticais, etc.)

e) as instrucións e explicacións nos libros de texto, os epígrafes das probas e dos exames e a lingua empregada na clase polos profesores.

Os alumnos non só teñen que procesar senón que tamén deben producir textos, que poden ser:

a) **falados:**

textos escritos lidos en alto

respostas orais a preguntas de exercicios

exercicios de traballo en parella e en grupo

contribucións a debates informais

conversación libre (na clase ou durante os intercambios de alumnos)

presentación

b) **escritos:**

exercicios escritos

redaccións

informes escritos

traballos

correspondencia tradicional ou electrónica: cartas a amigos estranxeiros, cartas formais solicitando información ou un posto de traballo, etc.

4. RECURSOS DIDÁCTICOS E BIBLIOGRAFÍA

Libros de texto

BÁSICO A1

Título, autor, editorial e ano de publicación

ISBN

English File A1 Student's Book and Workbook with Key and Vocabulary Checker (4th edition), by Christina Latham-Koenig, Clive Oxenden and Jerry Lambert, Oxford University Press, 2019	978-0-19-405795-0
--	-------------------

BÁSICO A2 e A1-A2

Título, autor, editorial e ano de publicación

ISBN

English File A1 A2 Student's Book and Workbook with Key and Online Practice for speakers of Spanish (4th edition), by Christina Latham-Koenig, Clive Oxenden and Jerry Lambert, Oxford University Press, 2019	978-0-19-405795-0
--	-------------------

INTERMEDIO B1

Título, autor, editorial e ano de publicación

ISBN

English File A2 B1 Student's Book and Workbook with Key and Online Practice for speakers of Spanish (4th edition), by Christina Latham-Koenig, Clive Oxenden, Jerry Lambert and Paul Seligson, Oxford University Press, 2019	978-0-19-405800-1
---	-------------------

INTERMEDIO B2.1

Título, autor, editorial e ano de publicación

ISBN

English File B1 Student's Book and Workbook with Key and Online Practice for speakers of Spanish (4th edition), by Christina Latham-Koenig, Clive Oxenden and Jerry Lamber, Oxford University Press, 2019	978-0-19-405806-3
--	-------------------

INTERMEDIO B2.2

Título, autor, editorial e ano de publicación

ISBN

English File B2.2 Student's Book + Workbook with Key and Online Practice for speakers of Spanish (4th edition), by Christina Latham-Koenig, Clive Oxenden and Kate Chomacki, Oxford University Press, 2020	978-0-19-405830-8
---	-------------------

AVANZADO C1.1

Título, autor, editorial e ano de publicación

ISBN

English File C1.1 Student's Book + Workbook with Key and Online Practice for speakers of Spanish (4th edition), by Christina Latham-Koenig, Clive Oxenden, Jerry Lambert and Kate Chomacki, Oxford University Press, 2020	978-0-19-405818-6
--	-------------------

AVANZADO C1.2

Título, autor, editorial e ano de publicación

ISBN

English File C1.2 Student's Book + Workbook with Key and Online Practice for speakers of Spanish (4th edition), by Christina Latham-Koenig, Clive Oxenden and Kate Chomacki, Oxford University Press, 2020	978-0-19-406081-3
---	-------------------

AVANZADO C2

Título, autor, editorial e ano de publicación

ISBN

Close Up C2 Student's Book + Companion 1st edition by Angela Bandis and Diana Shotton, Cengage, 2018	978-1-4080-9833-2
---	-------------------

Biblioteca

Esta programación prevé o uso, tanto por parte do alumnado coma do profesorado, da biblioteca da nosa EOI en sentido amplo, ou sexa, tanto dos recursos bibliográficos –lecturas adaptadas ou obras integrais, dicionarios, libros de consulta, prensa, etc.- como doutros recursos que o centro ofrece a os seus usuarios, como videoteca, fonoteca, material multi-media, conexión a Internet, etc., fomentándose o seu uso para auto-aprendizaxe e como centro de realización de actividades varias: charlas, conta-contos, clubs de lectura, etc.

Tamén dispoñemos dunha biblioteca propia do departamento con libros de referencia, de texto, de exercicios, dicionarios, revistas, etc. para uso de todos os membros do departamento.

Recursos dispoñibles a través da Internet

Ademais dos recursos no propio departamento e na biblioteca se prevé o uso doutros existentes en internet podendo acceder de forma individual e tamén colectiva nunha clase, a recursos existentes na rede e ofrecerlle ao alumnado actividades de aprendizaxe centradas na cultura dixital para contribuír máis á súa formación como usuarios dunha lingua coa literacia dixital que a sociedade e o mundo laboral esixen hoxe.

As novas tecnoloxías son una ferramenta imprescindible no proceso de ensino aprendizaxe de linguas estranxeiras polo que serán utilizadas de xeito habitual. Así pois, aproveitaranse os espazos destinados ao uso das TIC (biblioteca, laboratorio), os recursos dispoñibles nas aulas (ordenador, canón de proxección e pantalla dixital, libro dixital) e a conexión á Internet fixa, da que dispón o centro. A formación do profesorado necesaria para o manexo destas ferramentas realizarase a través de proxectos de formación en centro.

A páxina web de referencia de todo o alumnado é www.eoiferrol.org

Ao comezo do curso, o profesorado informará a cada grupo sobre cales son os recursos que poden ser de interese para o nivel que o alumnado está a cursar e indicarlle onde pode atopalos:

- **ligazóns** a enderezos de axuda para o estudo da lingua. Divididos en varios apartados para que sexa máis cómodo o acceso. Estas ligazóns están publicadas na sección da páxina web da EOI correspondente a cada departamento da lingua estudada: **INGLÉS**
- **aula virtual Moodle** usada polo profesorado para colgar arquivos e materiais de clase e complementarios e fomentar o *blended learning*.

- **aula virtual da EOI:** ‘Materiais para probas de certificación’ que ofrece unha mostra de tarefas, elaboradas polo profesorado desta EOI, cun formato similar ao das probas de certificación: **AULA VIRTUAL**
- ligazón para **MODELOS PROBAS CERTIFICACIÓN EOIs de Galicia** publicadas pola Consellería de Educación...).

5. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Dado que os centros de ensino de idiomas son lugares accesibles a todo tipo de aprendiz esta circunstancia fai que o alumnado se caracterice pola súa diversidade: **de idades** –desde o alumnado de instituto con menos de 20 anos ata as persoas maiores con máis de 60-, **de formación** –desde os que teñen ou están facendo estudos universitarios ata os que soamente estiveron escolarizados no ensino obrigatorio-, **de perfís lingüísticos** –desde persoas monolingües a persoas plurilingües, con graos de dominio diversos en diversas linguas, etc., **de estilos de aprendizaxe, de capacidades** –con necesidades específicas, na escrita ou na oralidade, por exemplo, como xerais de aprendizaxe, de visión, auditivas, sociais, emocionais, etc., ou mesmo persoas de altas capacidades en xeral ou de altas capacidades para a aprendizaxe de linguas-, etc.

Debemos considerar tamén que este ensino está dirixido nomeadamente ás persoas adultas, o que obriga a ter en consideración algúns principios básicos relacionados coa educación de adultos para que se sintan tratados como persoas autónomas e capaces de dirixir a súa propia aprendizaxe, e de relacionar a aprendizaxe coa experiencia e coa resolución de problemas.

Entre as estratexias a seguir contamos coas seguintes:

- O **traballo secuenciado** de tarefas de distinto grao de dificultade e temporalización, de xeito que o alumno poida escoller o seu propio ritmo e nivel de dificultade.
- A **atención individualizada** –nas aulas, nas titorías, etc.
- A formación de **grupos de traballo** nas aulas, unhas veces por similitude de estilos de aprendizaxe ou de idades, e outras combinando nun mesmo grupo estilos, idades e capacidades para enriquecer tamén así o produto da tarefa a realizar.
- O **traballo por proxectos**, nos que todos poden contribuír cos seus puntos fortes para a realización do produto final.
- O **uso das TIC como ferramenta da auto-aprendizaxe**, que lle permite ao alumnado determinar o seu propio ritmo e intereses, mediante a realización de

actividades auto-corrixibles, ou a interacción real a través da rede con outros usuarios da lingua.

- A oferta de **obradoiros** orientados á atención á diversidade.
- A oferta de **cursos específicos** para o alumnado con ritmos diferentes de aprendizaxe (intensivos, clases complementarias, club de lectura, etc.)
- Ademais, a diversidade de capacidades de aprendizaxe e algunhas dificultades específicas –de visión, auditivas, etc.– poden levar a unha **adaptación** de tempo e dos medios nas probas de avaliación, consonte a normativa establecida para este alumnado.

6. ACTIVIDADES CULTURAIS E DE PROMOCIÓN DO IDIOMA

O Departamento de Inglés organiza tódolos anos diversas actividades culturais para motivar ao noso alumnado e darlles a posibilidade de coñecer mellor os países de fala inglesa e a súa cultura e de practicar o idioma dun xeito entretido e lúdico, sen deixar de ser instrutivo, xunto con **viaxes** e “**Xornadas Culturais**” en colaboración cos outros departamentos da escola e a Vicedirección. Este ano trataremos de recuperar as actividades presenciais que tiveron que ser eliminadas polas circunstancias derivadas da Covid-19.

Durante todo o curso escolar, segue en marcha o **club de lectura**, actividade na que pode participar todo o alumnado da escola que o desexe. Reúnese dúas veces ao mes en quenda de mañá e de tarde para conversar na lingua meta sobre a lectura de libros de diferente temática. Como novidade, este curso ampliaremos a posibilidade de participación a grupos de nivel máis baixo ao escolleren títulos dos que hai versións adaptadas.

Co gallo de seguiren traballando o enfoque comunicativo fóra das aulas, este curso reunirámonos na cafetería da escola dúas veces á semana (luns e mércores en quendas de mañá e tarde) para poñer en práctica a lingua meta dun xeito distendido e informal. A actividade recibe o nome de **Speaking Corner** e está aberta a todo o alumnado da escola independentemente do seu nivel.

Como ven sendo habitual nesta escola celebraremos festividades da cultura anglosaxona e americana tales como *Halloween* (decoraremos a escola e a cafetería con adornos típicos desta festividade e faremos un Speaking Corner especial de Halloween: “**Halloween Spooky Corner**”, onde o alumnado e as profesoras participantes falaremos de costumes e tradicións vencelladas a esta data), **Thanksgiving Day** (onde recrearemos parte da gastronomía típica nos Estados Unidos para conmemorar o día de Acción de Gracias), o **concurso de sobremesas e de tarxetas de Nadal** (en colaboración cos outros departamentos e

a Vice-dirección) ou **St. Patrick's Day** (charla interactiva co alumnado sobre a cultura irlandesa e degustación de produtos típicos do país).

Este curso participaremos nunha iniciativa do Departamento de Alemán que leva por nome **Almorzos de Convivencia**. Un venres ao mes, cada departamento será o encargado de preparar un almuerzo con productos típicos dos países onde se fala a lingua obxecto de estudo para o resto do claustro e persoal non docente. O obxectivo deste proxecto é dar a coñecer unha parte esencial da cultura de cada país como é a gastronomía e ao mesmo tempo fomentar a convivencia entre todos os membros da comunidade educativa.

Aparte destas celebracións en datas sinaladas, este curso contamos tamén coa participación dun cine local, o Cine Duplex, que está a colaborar coa nosa escola ofrecendo un desconto aos nosos alumnos e alumnas para o visionado de películas en versión orixinal nas linguas que se estudan no noso centro (**Duplex x EOI**).

O curso pasado retomamos o costume de recibir **visitas de centros escolares** da contorna que veñen coñecer de primeira man o funcionamento dunha escola de idiomas asistindo a unha sesión mostra dunha clase nas linguas que eles escollen previamente. Este curso 22/23 seguiremos con esta actividade que ten unha gran acollida entre a xente máis nova e axúdanos a dar difusión e visibilidade ás posibilidades que ofrece a aprendizaxe de linguas estranxeiras.

No último trimestre do curso retomarase a **viaxe a Dublín** que tivo que ser adiada no ano 2020 por mor da pandemia e á que poderán apuntarse todos os alumnos e alumnas que o desexen co obxectivo final de poñer en práctica a lingua obxecto de estudo nun ambiente real.

Parte do noso patrimonio cultural como escola é **a revista "Diálogo"** (unha revista multilingüe na que participa voluntariamente o alumnado con artigos de diferente temática) que este ano está de parabéns posto que celebramos o seu 20 aniversario e sin a cal sería difícil entender a nosa historia xa que é unha ferramenta tremendamente importante para a difusión da palabra escrita nas distintas linguas que os alumnos e alumnas están a estudar.

Para rematar non podemos esquecernos do labor altamente importante que ven desenvolvendo o **auxiliar de conversa** asignado á nosa escola que colabora na difusión non só da lingua senón tamén da cultura dos países de fala inglesa.

7. VALORACIÓN E REVISIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

Por medio das reunións periódicas de coordinación de curso procederase ao **seguimento da programación** de cada curso. Nestas reunións analizaranse os

problemas atopados no proceso de ensino aprendizaxe e valorarase a necesidade de cambios e axustes na programación. O profesor coordinador de cada curso fará o seguimento da súa coordinación, que trasladará ao documento correspondente có fin de presentalo cada mes na reunión de departamento e incluílo na acta.

As necesidades expostas nas reunións de coordinación de curso e as propostas de revisión da programación levaranse ás reunións de departamento, cuxas conclusións reflectiranse na **memoria** final do departamento, na que se apoiará a programación do próximo curso.

8. AVALIACIÓN INTERNA DO DEPARTAMENTO

A avaliación interna do Departamento realizarase **de forma continuada** ao longo do curso, intentando corrixir as deficiencias que se vaian presentando, e ao remate, mediante unha **enquisa** que completará todo o profesorado e que ten por obxecto avaliar o funcionamento do mesmo durante o ano académico.

As conclusións obtidas nas reunións de coordinación por cursos se levarán ás reunións do Departamento e servirán para poñer en común as experiencias, analizar as dificultades atopadas no desenvolvemento das clases e detectar as posibles necesidades de axustes na práctica docente.

O **control mensual** do seguimento da programación mediante as coordinacións de curso e a súa posta en común nas reunións de departamento permitirá valorar a necesidade de cambios nos contidos a impartir ou de axustes na temporalización dos mesmos.

A **análise dos resultados das avaliacións** de progreso, promoción e certificación permitirá poñer en práctica as medidas necesarias no caso de detectarse problemas vinculados á impartición dos contidos.

Ademais, as **conclusións** presentadas nas reunións de departamento e de coordinacións de curso, as propostas de revisión da programación así como os resultados da enquisa, reflectiranse na **memoria final do Departamento**, que recollerá os aspectos a mellorar ou cambiar para o próximo curso.